O gran Meaulnes

Alain-Fournier

Tradución de Camiño Noia

Limiar

O autor

Alain-Fournier, cuxo verdadeiro nome era Henri Alban Fournier, naceu o 3 de outubro de 1886 en La Chapelle-d'Angillon, aldea do departamento francés de Cher, situado entre as cidades de Bourges e Orléans. Fillo de mestres rurais de ensino primario, tivo unha única irmá, Isabelle, tres anos máis nova ca el. Debido á profesión dos pais, a familia cambia constantemente de lugar, e os fillos pasarán a infancia nas distintas aldeas onde os seus pais foron rexentando escolas, en especial nos departamentos de La Sologne e no Bas-Berry. Farán con eles os seus estudos primarios.

Fournier vai a París face-los estudos secundarios e pasa ano e medio en Brest preparándose para entrar na Escola Naval, mais non lle interesa o que fai e decide renunciar. Volve á cidade de Bourges para estudar Filosofía, durante o ano 1903. Despois de escoller a carreira de profesor de Letras, continúa a estudar en Sceaux, onde se fai íntimo amigo de Jacques Rivière, quen casará coa súa irmá Isabelle en 1909. Os dous queren buscar a verdade e a beleza nas artes. Fournier ten que pasar dous anos no servizo militar e deixa os estudos en 1907. Vai a París traballar no suplemento literario do *Paris-Journal* ("Courrier littéraire"), para o que escribe unha crónica diaria e onde publica tamén algúns poemas e contos, reunidos máis tarde co título de *Miracles*.

En xuño de 1905, coñece a Yvonne nos peiraos do Sena e namórase dela con fonda paixón, mais imprevisiblemente desaparece sen deixar sinal. A perda inesperada do amor ha marcar a curta vida do escritor. Preséntase ás probas de ingreso á Escola Normal Superior en catro convocatorias e non dá entrado.

Despois de oito anos dende que comezara a escribir a novela, Fournier publícaa en 1913 co título de *Le Grand Meaulnes* e co nome de Alain-Fournier. Ese mesmo ano reencontra a Yvonne, casada e con dúas fillas.

Segue a escribir ata que nos inicios da Primeira Guerra Mundial, en agosto de 1914, é mobilizado para dirixir unha sección de infantería. Un mes despois, o 22 de setembro, desaparece en combate, na vila de Éparges. Tiña 28 anos e deixa escrita unha soa obra na que parece simbolizar a súa propia vida; o mesmo có protagonista el tampouco deu acadado a felicidade.

Grazas á amizade que tivo sempre coa irmá, a quen fixo confidente das súas inquedanzas, e á do seu compañeiro de estudos en París, Jacques Rivière, consérvanse moitas cartas nas que Fournier fala das súas preocupacións intelectuais, sentimentais e relixiosas, e onde a miúdo fai referencias á súa novela.

As biografías que coñecemos salientan os seus sentimentos de home de aldea: "Aborrecín París cun odio de labrego" [*J'ai détesté Paris d'une haine de paysan*], escribe nunha das cartas. A admiración que sentía pola paisaxe da súa provincia natal queda reflectida nas descricións que aparecen na novela sobre os lugares nos que viviu, dos que, tanto nesta obra como na súa correspondencia, fala con auténtica paixón.

O gran Meaulnes

A novela acadou axiña un éxito enorme. Tivo numerosas reedicións e, poucos anos despois de remata-la guerra europea e da morte do autor, acada a consideración de obra clásica da literatura universal.

Nun proceso de oito anos de escrita e de fonda reflexión, Fournier foi recreando en *O gran Meaulnes* a vida e as ansias espirituais da súa adolescencia, dende a visión dun adulto reflexivo. Narrada en primeira persoa, a novela revive experiencias do pasado, vividas ou simplemente ansiadas. E para contalas crea dous personaxes, François e Meaulnes, que representan o seu *alter ego*. A través da relación destes adolescentes, Fournier vai mostrando os sentimentos de amizade, as súas sensacións e impresións ante a paisaxe e o amor que agromaba no seu cora-

zón. Como François Seurel, Fournier é fillo de mestres de escola rural de orixe modesta. E autor e personaxes coinciden no apaixonado amor pola paisaxe dos campos da Sologne francesa. A transposición novelesca permítelle a Fournier facer unha recreación das vivencias máis íntimas sobre a amizade e as insatisfaccións vividas na adolescencia e a súa ansia do descoñecido, dándolles ós elementos biográficos da súa vida unha maior dimensión espiritual e poética.

Escribe unha historia de amizade e de amor chea de numerosos elementos autobiográficos. "Neste libro está todo o que son eu" (*Dans ce livre il y a tout moi*), escribe o autor. E, efectivamente, Fournier converte o seu frustrado amor por Isabelle no asunto principal da novela, que trata sobre a busca ansiosa de felicidade. A protagonista, Yvonne de Galais, representará a Isabelle. Augustin Meaulnes, que o autor fai nacer o mesmo ano ca el e no lugar da Ferté-d'Angillon, un topónimo creado a partir dos reais de La Ferté-Saint-Aubin e de La Chapelle-d'Angillon onde el nacera, representa os soños e as aventuras que lle gustaría ter vivido.

Mais *O gran Meaulnes* non é só unha recreación do mundo dos adolescentes, trata con amplitude da vida cotiá no mundo rural do centro de Francia de fins do século XIX. Hai na novela detalladas descricións da vida dos campesiños daquela rexión, dos ruídos, dos olores e das vestimentas características da aldea. Nas páxinas da novela móstrase con habelencia o monótono transcorrer dos días no mundo rural, tan distintos dos da vida da cidade. Os domingos é o día de descanso. A xente vai á misa e, á saída ou á entrada das celebracións litúrxicas, concéntrase no adro para falar dos sucesos ocorridos, do tempo climatolóxico, das colleitas e da vida privada; os homes van pescar e logo xúntanse no bar a beber e falar, mentres as mulleres visitan familiares e amigas. Nos días de diario, a xente traballa arreo no campo e nas casas e o centro da vila está deserto. Son mostras da existencia de homes e mulleres regulada polo traballo e polo paso das estacións; seres simples e inocentes que desconfían de

estraños e dos cambios producidos na rutina cotiá e tan semellantes nas súas vidas ó resto dos campesiños das distintas comunidades rurais de Europa.

A meirande parte dos espazos descritos na narración están situados en Sainte-Agathe, nome dunha aldea do departamento do Cher, mais o que realmente describe Fournier con ese topónimo é Épineuil-le-Fleuriel, unha aldea perdida nos lindeiros da rexión da Sologne, onde os seus pais estiveron de mestres e que el coñece polo miúdo. A fins do século XIX era un lugar afastado da civilización, que distaba catorce quilómetros da estación máis próxima, dende onde só se podía chegar andando, dacabalo ou en carro. As lembranzas da vida de escolar de Fournier-Seurel están intimamente mesturadas cos elementos da natureza: as árbores, os olores, os animais, as estacións…, en definitiva, a vida rural que o autor tanto amou. A paixón que sentía polos libros está intimamente unida ó seu amor polo campo, con todo o que iso implica.

En Sainte-Agathe, os rapaces, *que traen na camisa un olor a herba seca e a corte*, asisten ás clases da única escola unitaria que existía en toda a comarca para aprender dende as primeiras letras ó curso superior. En harmonía co paso das estacións, para os escolares, o ritmo cotián viña marcado polo transcorrer dos trimestres, dos exames e das vacacións.

Na súa narración, Fournier modifica a realidade escolar francesa da época para meter tamén alí o curso superior dos adolescentes, onde daba clase o señor Seurel. A fins do século XIX, na escola primaria francesa había só dúas clases: a dos nenos pequenos (*la petite classe*) e a dos maiores (*cours moyen*) coa que se podía obter o Certificado de Estudos Primarios. No curso superior preparábase para obter o *Brevet Supérior*, co que se podía ingresar na carreira de mestre, mais ese curso facíase noutros centros.

A novela pode dividirse en tres partes de extensión semellante, repartidas de forma paralela en cada un dos tres momentos significativos na vida do autor: espera ansiosa, busca exci-

tante e fracaso. A primeira parte comeza nunha situación de tranquilidade (capítulo I) que vai desaparecendo lentamente coa chegada de Meaulnes (capítulo IV). Nos capítulos seguintes cóntase a fuxida do protagonista, a súa volta e o relato da aventura vivida. Remata a primeira parte coa desesperación deste personaxe ó non dar atopado o camiño que o leve á mansión da aventura. Na segunda parte, nárrase o encontro cos faranduleiros e os esforzos por recupera-la pista perdida. Meaulnes xa non está só, confía as súas ansias a François Seurel. Pero, no momento en que o protagonista confía con ansiedade en poder continuar coa aventura, volve desaparecer a esperanza de reencontrar a casa e a rapaza. A terceira parte refire o fracaso do soño do mozo aventureiro. Os capítulos iniciais contan a tranquila felicidade da vida campesiña e o casamento de Meaulnes coa dama misteriosa, mais nos capítulos seguintes retorna o fracaso á vida dos dous amigos, pois nin a casa encontrada nin a ansiada rapaza poden encher os desexos daquel e darlle a tranquilidade á súa existencia. O protagonista foxe de novo na procura de aventuras mentres se describe a soidade e a morte da esposa e a relación que mantén con François Seurel. Na parte final da novela, relátanse os acontecementos vividos en París na estancia do protagonista en busca da dama de Sablonnières.

Estilo da obra

O gran Meaulnes é unha novela intimista, confidencial, na que as sensacións e as impresións dos sucesos son máis importantes que os propios acontecementos. Un eu narrativo evoca os grandes temas cantados adoito en poesía e prosa: o amor, a morte, a ansia de aventuras… Describe os estados de ánimo dos personaxes, as lembranzas e os seus sentimentos máis fondos. As íntimas confidencias dese eu narrador invaden o texto, determinan o seu ritmo e o seu ton; detrás de cada frase evócase un mundo espiritual moi intenso e aparece reflectida unha paisaxe

íntima que reflicte unha historia vivida con paixón. Todos estes elementos son constituíntes dunha novela lírica, na que hai moito de realismo mesturado con trazos de fantasía, de tal maneira que, por veces, custa distinguir a fronteira do vivido e do imaxinado.

Nota da tradutora

Para referirse á estación próxima a Sainte-Agathe, Alain Fournier utiliza sempre o topónimo Le Gare, que como se sabe significa "estación", e que na novela substitúe a vila francesa de Vallon, onde estaba a estación máis próxima á escola dos pais de Fournier. Para referirse, nunha única ocasión, á estación de La Ferté-d'Angillon, pon a palabra *gare* con minúscula. Aparecen tamén como topónimos Le Glacis e Le Moulin, para referirse a dous lugares co significado propio dos termos: "noiro" e "muíño", respectivamente, e que, polo tanto, poderían traducirse como palabras comúns.

En coherencia co resto dos topónimos, quixen respectar a decisión do autor deixándoos en maiúscula e na lingua orixinal, en lugar de traducilos polo significado de cada un deles.

PRIMEIRA PARTE

Capítulo I

O pensionista

Chegou á nosa casa un domingo de novembro de 189… Eu sigo dicindo "a nosa casa", aínda que a casa xa non nos pertenza. Deixámo-la rexión vai xa para quince anos e seguramente nunca volveremos alá.

Viviamos no edificio da Escola Superior de Sainte-Agathe. Meu pai, a quen eu chamaba señor Seurel como o resto dos alumnos, dirixía a escola superior onde preparaba os escolares para o título de mestre, ó tempo que daba clase no curso medio. Miña nai dáballes clase ós pequenos.

Era unha longa casa vermella cuberta de vides salvaxes con cinco portas vidradas, situada no extremo do lugar; na entrada principal había un patio enorme cun alpendre e un piote, cerrado por un gran portal que daba á aldea. Polo norte, unha porta de reixas daba á estrada que ía á estación, da que distaba tres quilómetros, e, ó sur, pola parte de atrás, había campos, xardíns e prados que unían os lugares da aldea. Ese é o plano sumario deste casarío onde decorreron os días máis atormentados e máis queridos da miña vida, a casa de onde partiron e onde volveron, para escachar coma ondas sobre rochas desertas, as nosas aventuras.

O azar dos "cambios", unha decisión do inspector ou do prefecto, leváranos alá. Cara á fin das vacacións –hai xa ben tempo–, un carro de aldea, que chegara antes cás nosas pertenzas, deixáranos a miña nai e mais a min diante da porta pequena de reixas enferruxadas. Uns rillotes que roubaban pexegos na horta fuxiran caladiñamente polos ocos da sebe. E miña nai, a quen nós chamabamos Millie, que era a ama de casa máis ordenada que coñecera, entrou deseguida na casa, nos cuartos cheos de palla poeirenta e, con gran desesperación, decontado se deu conta, como en tódolos "traslados", de que os nosos mobles non caberían nunha casa tan mal construída. Saíra fóra

para confiarme a súa angustia e mentres me falaba limpábame docemente co seu pano a cariña fatigada pola viaxe. Logo, volvera entrar para face-lo reconto dos buratos que cumpría tapar para deixa-la vivenda habitable… E eu quedara alí cun sombreiro enorme de palla na cabeza con adobíos de cintas agardando na grava daquel patio alleo e osmando arredor do pozo e polo alpendre.

Así é, polo menos, como hoxe imaxino eu a nosa chegada. Pois tan pronto como quero recuperar a esquecida lembranza deste primeiro serán de espera no noso patio de Sainte-Agathe, xa son outras as esperas que me acordan. Coas dúas mans apoiadas nos ferros do portal, véxome espreitando ansioso as poucas persoas que baixaban pola rúa principal. E se intentase imaxinar a primeira noite que tiven que pasar na miña mansarda no medio dos faiados do primeiro piso, xa son outras as noites que se me acordan; xa non estou só naquel cuarto, unha gran sombra desacougada e querida aparece transitando ó longo das paredes. Toda esa paisaxe apracible: a escola, o campo do tío Martiño coas tres nogueiras, o xardín que tódolos días dende as catro estaba inzado de mulleres que viñan de visita, quedaron para sempre na miña memoria, axitada e transformada pola presenza daquel que trastornou toda a nosa adolescencia e que nin sequera nos deixou tranquilos despois da fuxida.

Nós levabamos xa dez anos naquela rexión cando chegou Meaulnes.

Tiña eu quince anos. Era un frío domingo de novembro, o primeiro día do outono que fixera venta-lo inverno. Millie agardara durante todo o día un coche de La Gare que tiña que traerlle un sombreiro para os meses de frío. Por iso non fora á misa pola mañá, e eu, sentado no coro cos outros rapaces, estiven ansioso ata chegar o sermón, mirando polo lado do campanario para vela vir co seu sombreiro novo. E, pola tarde, tiven que ir só ó rezo de vésperas.

–Ademais –dicíame ela para consolarme, limpando coa man o meu traxe de neno–, aínda que chegue o sombreiro, seguro que tería que pasa-lo domingo arranxándoo.

Era frecuente pasarmos así os nosos domingos de inverno. Pola mañá, meu pai marchaba lonxe a pescar lucios nunha barca á beira dalgunha lagoa cuberta pola néboa. E miña nai, retirada na súa alcoba, arranxaba roupas usadas ata o cerrado da noite. Pechábase alí por temor a que algunha das súas amigas, tan pobres pero tan orgullosas coma ela, a descubrise. E, acabadas as vésperas, eu agardaba lendo no frío comedor a que ela abrise a porta para preguntarme que tal lle acaía a roupa que estaba amañando.

Aquel domingo, coa animación que había diante da igrexa, tardei en chegar á casa despois das vésperas. Celebrábase un bautizo e os rapaces axuntáranse debaixo do pórtico e, na praza, algúns homes da aldea puxeran casacas de bombeiros e, cheos de frío, formando pelotóns e batendo cos pés no chan, escoitaban o cabo Boujardon embrollarse na teoría…

A campá que anunciaba o bautizo parou de repente coma un repenique de festa que se trabucara de día e de lugar. Boujardon e os seus homes, cos aparellos ás costas, levaron a bomba hidráulica a trote lento. Vinos desaparecer na primeira volta, seguidos por catro rapaces calados que esmagaban coas grosas botas os garabullos da estrada xeada por onde eu non me atrevín a seguilos.

Non quedara na aldea máis ser vivo cós do café Daniel, onde eu oía coma nun moumeo levantar e esvaecer as discusións dos bebedores. E abeirando o muro baixo do patio grande que afastaba a nosa casa da aldea, cheguei á porta pequena de reixas un pouco preocupado polo meu atraso.

Estaba entreaberta e axiña notei que pasaba algo raro.

En efecto, na porta do comedor –a máis próxima das cinco portas vidradas que daban ó patio–, unha muller de cabelo gris, anicada, trataba de mirar a través das cortinas. Era baixiña e levaba un gorro de veludo negro pasado de moda. Tiña unha cara

delgada e fina, alterada pola inquedanza. Ó vela, eu non sei que clase de aprehensión me retivo no primeiro chanzo da escaleira diante das reixas.

–Ai Deus! Onde iría? –dicía ela a media voz–. Hai un momentiño que estaba comigo. Xa debeu da-la volta á casa. Pode que fose…

E entre frase e frase daba tres golpiños case imperceptibles no vidro da porta.

Ninguén lle viña abrir á descoñecida visitante. A Millie seguramente lle trouxeran o sombreiro de La Gare e, no fondo do cuarto vermello cunha cama sementada de cintas vellas e de plumas estiradas, non oía nada alí onde ela descosía, cosía e amañaba o seu sinxelo sombreiro. Efectivamente, cando entrei no comedor seguido de preto pola visitante, apareceu miña nai agarrando coas dúas mans na cabeza uns arames, unhas cintas e unhas plumas que aínda non estaban ben equilibradas… Sorriume cos ollos cansos de traballar coa escasa luz da caída do día, e exclamou:

–Mira! Agardábate para mostrarche…

Pero ó ve-la muller sentada na butaca grande, no fondo da sala, quedou desconcertada. Quitou o sombreiro moi á présa e, durante toda a escena que seguiu, tívoo agarrado contra o peito, invertido como un niño, co brazo dereito dobrado.

A muller do gorro, que mantiña entre os xeonllos un paraugas e un bolso de coiro, empezara a explicarse, abaneando lixeiramente a cabeza e facendo estala-la lingua como as mulleres que veñen de visita. Recuperara toda a súa seguridade. E mesmo, dende que comezou a falar do seu fillo adquiriu un aire superior e misterioso que nos intrigou.

Viñeran os dous nun coche da Ferté-d'Angillon, a catorce quilómetros de Sainte-Agathe. Viúva e moi rica, polo que nos deu a entender, perdera o máis pequeno dos dous fillos, Antoine, unha tarde á volta da escola por bañarse co seu irmán nunha poza contaminada. E decidira meter a Augustin, o maior dos dous, de pensionista na nosa escola para que puidese seguilo curso superior.

Puxérase decontado a face-la loanza do pensionista que nos traía. Eu xa non recoñecía a muller de cabelo gris que vira inclinada diante da porta, minutos antes, con aspecto suplicante e brusco da galiña que perdera o poliño máis traveso da súa niñada.

Era moi sorprendente o que contaba do seu fillo con admiración. Como lle gustaba compracela, ía ás veces pola beira do río cos pantalóns remangados andando durante quilómetros para levarlle ovos de galiña de río e parrulos salvaxes, perdidos entre os xuncos… Tamén armaba panterlos… A outra noite descubrira no monte un faisán atrapado polo pescozo…

E eu, que non me atrevía a volver á casa cando tiña un rachón na camisa, miraba a Millie con pasmo.

Pero a miña nai xa non escoitaba. Acenáballe á señora para que calase e, pousando con coidado o seu "niño" encol da mesa, ergueuse en silencio para ir na busca de alguén…

Efectivamente, enriba de nós, nun cubículo onde se amoreaban as ennegrecidas pezas dos fogos de artificio do último Catorce de Xullo, uns pasos descoñecidos e seguros ían e viñan, atravesaban os inmensos faiados tenebrosos do primeiro piso facendo tremelica-lo teito e, finalmente, perdíanse preto dos cuartos abandonados dos axudantes, onde se poñía a seca-la tila e a madurece-las mazás.

–Había un pouco que xa eu oíra este ruído nos cuartos de abaixo –dixo Millie a media voz– e crin que eras ti, François, que xa volveras…

Ninguén respondeu. Os tres estabamos de pé co corazón batendo e, nisto, a porta do faiado que daba á escaleira da cociña abriuse; alguén baixou os chanzos, atravesou a cociña e presentouse na entrada escura do comedor.

–Es ti, Augustin? –dixo a muller.

Era un rapaz alto duns dezasete anos. Como era á noitiña, nun primeiro momento non lle vin máis có seu sombreiro de feltro de paisano botado cara atrás e a camisa negra axustada á cintura como levan os escolares. Puiden distinguir tamén que sorría…

Viume e, antes de que ninguén lle puidese pedir algunha explicación, dixo:

–Vés ó patio?

Dubidei un segundo, logo, como Millie non me retiña, collín o meu gorro e fun con el. Saímos pola porta da cociña e fomos ó alpendre, que xa estaba completamente escuro. Coa luz da noitiña, mentres camiñaba ollaba a súa cara angulosa, o seu nariz recto e a peluxe no beizo superior.

–Mira! –dixo–, atopei isto no teu faiado. Ti non miraras nunca alí?

Tiña na man unha rodiña de madeira enfeluxada e unha restra de foguetes estragados xiraba arredor; debía se-lo sol ou a lúa dos foguetes de artificio do Catorce de Xullo.

–Hai dous que non están rotos, ímolos acender agora –dixo nun ton tranquilo e co aspecto de alguén que máis tarde agarda atopar algo mellor.

Guindou o sombreiro ó chan e vin que tiña o pelo completamente ó rape coma o dun paisano. Amosoume os dous foguetes coas puntas da mecha de papel que a chama cortara, enfeluxara e logo non prendera. Chantou o eixe da roda na area e sacou do peto, con gran pasmo pola miña parte, pois aquilo estábanos formalmente prohibido, unha caixa de mistos. Anicándose con coidado, prendeu lume á mecha e logo, agarrándome pola man, tirou por min a présa cara atrás.

Un instante despois miña nai, que saía á soleira da porta coa nai de Meaulnes unha vez que discutiran e fixaran o prezo da pensión, viu como saían do alpendre, cun ruído de asubío, dous feixes de estrelas vermellas e brancas. E, por espazo dun segundo, naquel resplandor máxico, puido verme de pé, inmóbil, agarrando pola man do rapazote que acababa de chegar…

Esta vez aínda non se atreveu a dicir nada.

E na cea, pola noite, houbo na mesa da familia un compañeiro silencioso que comía coa cabeza baixa sen preocuparse das nosas tres olladas fixas nel.

Capítulo II

Despois de catro horas

Daquela, eu case nunca fora correr pola rúa cos rapaces do lugar. Unha coxalxia, que padecera no óso da cadeira ata ese ano de 189…, fixérame un neno tímido e tristeiro. Aínda hoxe me vexo perseguindo os escolares algareiros polas canellas que arrodeaban a casa, choutando con dificultade sobre unha perna…

Ademais, poucas veces me deixaban saír. E acórdome de que Millie, que estaba moi orgullosa de min, me levou para a casa máis dunha vez a pescozadas ó toparme así, saltando á pata coxa cos rapazolos da aldea.

A chegada de Augustin Meaulnes, que coincidiu coa miña curación, foi o comezo dunha nova vida.

Antes da súa chegada, ó remata-la clase ás catro, empezaba para min un longo serán de soidade. Meu pai levaba o lume da estufa da clase á cheminea do noso comedor e, pouco a pouco, os derradeiros escolares atrasados deixaban a escola arrefriada pola que rulaban remuíños de fume. Aínda había algúns xogos e carreiras no patio, pero logo chegaba a noite e os dous escolares que quedaran a varre-la clase collían os seus gorros e as súas capas no alpendre e marchaban á présa, co cesto no brazo deixando o portón aberto…

Entón, mentres quedase un pouco de luz, eu permanecía no fondo da oficina do concello, encerrado no cuarto dos arquivos, que estaba cheo de moscas e cos carteis baténdose ó vento, e lía sentado sobre unha báscula vella, preto dunha ventá que daba ó xardín.

Cando se facía noite, os cans dos veciños empezaban a ouvear e os vidros da nosa cociñiña se acendían, eu entraba na casa. Miña nai empezara a prepara-la cea. Eu subía tres chanzos da escaleira do faiado, sentábame sen dicir nada e, coa cabeza apoiada nos barrotes fríos do pasamáns, mirábaa

acende-lo lume na estreita cociña onde tremelicaba a lapa dunha candea.

Mais chegou alguén que me sacou de todos eses gozos de neno apracible. Alguén soprou a candea que alumaba para min a doce faciana maternal inclinada sobre a cea. Alguén extinguiu a lámpada arredor da cal nós eramos unha familia feliz, cando meu pai pechaba pola noite as contras de madeira das portas de vidros. E ese foi Augustin Meaulnes, a quen os outros alumnos decontado deron en chama-lo gran Meaulnes.

Dende que el quedou de pensión na nosa casa, é dicir dende os primeiros días de decembro, a escola deixou de estar baleira pola tarde despois das catro. Malia o frío da porta que se batía, dos berros dos varredores e dos seus caldeiros de auga, había sempre nos pupitres da clase próximos ó patio uns vinte escolares maiores, tanto da aldea coma da vila, apertados arredor de Meaulnes. Organizábanse longas discusións, disputas interminables, e eu metíame no medio con inquietude e satisfacción.

Meaulnes non dicía nada, pero era por el por quen, decote, un dos máis faladores se adiantaba ó medio do grupo e, collendo como testemuña, un a un, ós seus compañeiros, que asentían con chulería, contaba unha longa historia de roubos, que os outros escoitaban coa boca aberta, rindo en silencio.

Sentado encol dun pupitre, abaneando as pernas, Meaulnes matinaba. Nos bos momentos tamén ría, pero suavemente, coma se tivese gardadas as súas gargalladas para algunha historia mellor que só el coñecía. Logo, á chegada da noitiña, cando a luz dos vidros da clase xa non alumaba o embarullado grupo de rapaces, de repente, Meaulnes erguíase e, pasando a través do apertado círculo, berraba:

–Veña, arreando!

Entón todos o seguían e oíanse os seus berros ata noite pecha no alto da vila…

Agora eu tamén os acompañaba. Ía con Meaulnes polos lugares á porta das cortes no momento de muxi-las vacas… Entraba-

mos nas tendas e, dende o fondo da escuridade, dicíanos o tecelán, entre dous renxidos do tear:

–Velaquí os estudantes!

Á hora da cea, estabamos case sempre moi preto do patio, na casa de Desnoues, o carreteiro que tamén traballaba de ferreiro. Tiña o local nunha antiga pousada con grandes portas de dous batentes que el deixaba abertos. Dende a rúa oíase renxe-lo barquín da forxa e, ás veces, co resplandor da fornalla, naquel lugar escuro e barullento, podíanse ver labregos que detiveran o carro para falar un pouco e, outras veces, algún escolar coma nós, arrimado a unha porta que miraba sen dicir palabra.

E foi alí onde todo comezou, máis ou menos, oito días antes do Nadal.

Capítulo III

"Frecuentaba a tenda dun cesteiro"

Levaba todo o día chovendo, e só escambrou á tardiña. A xornada fora terriblemente aburrida; ninguén saíra ó recreo, e oíase a meu pai, o señor Seurel, berrar na clase sen parar.

–Non batades así cos pés, rapaces!

Despois do último recreo do día ou, como diciamos nós, despois do último "cuarto de hora", o señor Seurel, que dende había un pouco camiñaba de acá para acolá pensando, detívose, deu un golpe coa regra na mesa para acala-lo rosmar confuso do remate da clase cando xa estamos aburridos e, nun silencio atento, preguntou:

–Quen vai ir mañá en coche a La Gare con François para traer o señor e a señora Charpentier?

Eran os meus avós. O avó Charpentier, o home do capote de la gris co seu gorro de pel de coello, que el chamaba o seu *kepí*, era un vello garda forestal retirado. Os rapaces coñecíano ben. Para lavarse polas mañás, collía un caldeiro de auga e, coma os vellos soldados, enxaugábase fregando o queixo. Un círculo de nenos coas mans nas costas mirábano cunha curiosidade respectuosa… E tamén coñecían a avoa Charpentier, pois Millie levaba, polo menos unha vez á clase dos pequenos, a labreguiña con abrigo de punto.

Tódolos anos, uns días antes do Nadal, os iamos buscar a La Gare ó tren das 4:02. Para vir onda nós tiñan que atravesar toda a provincia cangados de paquetes de castañas e de chilindradas para o Nadal envoltas en panos de mesa. En canto os dous pasaban a soleira da casa, moi arroupadiños, riseiros e un pouco atorados, nós pechabamos tras deles tódalas portas e comezaba unha gran semana de festa…

Para conducir comigo o coche que os traía precisábase unha persoa formal que non nos guindase na gabia, e tamén de bo

carácter, pois o avó Charpentier xuraba con facilidade e a avoa era un pouco laretas.

Á pregunta do señor Seurel, responderon berrando a un tempo unha ducia:

–O gran Meaulnes! O gran Meaulnes!

Pero o señor Seurel fixo coma quen que non oíra. Entón eles berraron:

–Fromentin!

Outros:

–Jasmin Delouche!

O máis novo dos Roy, que adoitaba ir polos campos ás carreiras dacabalo da súa porca, berraba cunha voz afiada:

–Eu, eu!

Dutremblay e Mouchebouef contentábanse con erguer timidamente a man.

A min gustaríame que fose Meaulnes. Esa curta viaxe en carro de burro sería un acontecemento moi importante. El tamén quería ir pero calaba finxindo desinterese. Tódolos alumnos maiores estaban coma el, sentados ó revés encol da mesa, cos pés nos bancos, tal como faciamos nos momentos de descanso e de diversión. Coffin, coa camisa remangada e amarfallada arredor da cintura, abrazaba a columna de ferro que sostiña a trabe da clase e trataba de agatuñar por ela arriba en sinal de alegría. Pero o señor Seurel arrefriou os ánimos de todos ó dicir:

–Ben! Será Mochebouef quen vaia.

E cadaquén volveu ó seu sitio en silencio.

Ás catro, estaba eu só con Meaulnes no patio grande, xeado e enchoupado pola chuvia. Os dous, sen dicir palabra, mirabámola vila brillante, que secaba o vendaval. De súpeto, o pequeno Coffin saíu da súa casa cunha carapucha e un anaco de pan na man e, a rentes dos muros, chegou asubiando á porta do carreteiro. Meaulnes abriu o portón, chamouno e un pouco despois os tres estabamos instalados no fondo do quente taller vermello

por onde atravesan bruscamente rrefachos de vento fríos. Coffin e mais eu sentados preto da forxa cos pés enlamados entre as lascas brancas, Meaulnes calado, coas mans nos petos, arrimado no marco da porta de entrada. De cando en vez, pasaba pola rúa unha muller da vila que volvía da carnicería coa cabeza baixa a causa do vento e nós levantabámo-lo nariz para mirar quen era.

Ninguén dicía nada. O ferreiro e o seu axudante, un soprando a forxa e o outro batendo no ferro, proxectaban sobre a parede grandes sombras móbiles… Acórdome daquel serán como un dos mellores da miña adolescencia. Había en min unha mestura de pracer e de inquietude; temía que o meu compañeiro me quitase a pequena alegría de ir a La Gare en coche e, mesmo así, agardaba del, sen atreverme a confesalo, algún acontecemento extraordinario que o revirase todo.

Por veces, o traballo regular e calmado do taller paraba un momento. O ferreiro deixaba caer sobre a zafra o seu martelo con golpes pesados e sonoros. Miraba para o cacho de ferro que estaba a traballar achegándoo ó seu mandil de coiro e, endereitando a cabeza para alentar un pouco, dicíanos:

–E logo como vai esa mocidade?

O obreiro quedaba coa man no aire sobre a cadea do fol, poñía o puño esquerdo na cadeira e mirábanos rindo. Despois recomezaba o traballo xordo e barulleiro.

Durante unha destas pausas, a través da porta que se batía vimos a Millie tapada cun pano que pasaba cargada de paquetiños no medio dunha forte xistra.

O ferreiro preguntou:

–E logo, vai vir pronto o señor Charpentier?

–Mañá –respondín–, coa miña avoa; ireinos buscar en coche ó tren das 4:02.

–No coche de Fromentin, quizais?

–Non, no do tío Martin –respondín axiña.

–Ah!, entón, non volvedes.

E os dous, o obreiro e mais el, puxéronse a rir. O obreiro, por dicir algo, insistiu con lentitude:

–Coa egua de Fromentin poderiades ilos buscar a Vierzon. Hai unha hora de parada. Está a quince quilómetros. Estariades de volta mesmo denantes de que o burro de Martin estivese enganchado.

–Esa egua si que corre! –dixo o outro.

–E penso que Fromentin vola prestaría de boa gana.

A conversa acabou aí. O taller foi de novo un lugar cheo de faíscas e de ruído, onde cadaquén pensaba para si mesmo.

Ó chega-la hora de marcharmos, cando eu me erguín para facerlle acenos, o gran Meaulnes non se decatou á primeira. Arrimado á porta e coa cabeza inclinada, parecía absorto totalmente no que se acababa de dicir. Véndoo así, perdido nas súas cavilacións, mirando como a través de leguas de brétema aquela xente tranquila que traballaba, veume de repente a imaxe de Robinson Crusoe, na que se ve o adolescente inglés, antes da súa saída, no taller dun cesteiro.

E tempo andando, volvín a miúdo pensar niso.

Capítulo IV

A fuxida

Ó día seguinte, á unha do mediodía, a clase do curso superior estaba acesa no medio dunha paisaxe xeada, como un barco no océano. Pero alí non cheiraba a marusía nin a graxa, como nun barco de pesca, senón a arenques asados na estufa e á la chamuscada dos escolares, que ó entraren á clase se quentaran moi preto do lume.

Como estaba a chega-la fin do ano, repartíronno-los cadernos de composición. E mentres o señor Seurel escribe no encerado o enunciado dos problemas, faise un silencio imperfecto, mesturado de conversas en voz baixa, cortado por berros afogados e por frases das que só se din as primeiras palabras para asusta-lo veciño:

–Señor! Un tal me…

O señor Seurel pensa noutra cousa mentres copia os problemas. Vólvese de cando en vez para mirar a todos cunha expresión severa e ausente. E ese barullo azoroñado desaparece completamente durante un segundo e volve logo como un ruxerruxe, moi suave ó comezo.

Só eu, no medio desta axitación, permanezo calado. Sentado preto das grandes vidreiras, no extremo dunha mesa da sección dos máis novos, non tiña máis que endereitarme un pouco para ve-lo xardín, debaixo o regato e máis alá os campos.

De cando en vez, levantándome na punta dos pés, miraba con ansiedade cara á granxa da Belle-Étoile. Dende o comezo da clase decateime de que Meaulnes non volvera do recreo do mediodía. O seu compañeiro de mesa tamén se debera decatar diso aínda que non dixera nada, preocupado pola súa composición. Pero en canto levante a cabeza, a noticia correrá por toda a clase, e algún, como se fai adoito, berrará en voz alta as primeiras palabras da frase:

–Señor! Meaulnes…

Eu sei que Meaulnes marchou; máis concretamente sospeito que escapou. En canto acabou de xantar, debeu saltar polo muro baixo e botar a correr a través dos campos, pasando o regato da Vieille-Planche ata chegar á Belle-Étoile. Debeulle pedi-la egua para ir busca-lo señor e a señora Charpentier. E neste momento estará encinchándoa.

A Belle-Étoile está moi abaixo, na baixada da encosta do outro lado do regato. É unha quinta que, no verán, queda tapada polos olmos, os carballos do patio e as sebes. Está situada nun carreiro que, por unha banda, leva á estrada de La Gare e, pola outra, ás aforas da vila. Abeirada de altos muros sostidos por contrafortes coa base afundida en terra fértil, o sólido edificio feudal está no mes de xuño agochado polas follas e, dende a escola só, á caída da noite, se oe o renxer das rodas dos carros e os berros dos labregos. Pero, naquela época, a través da ventá podía ver o alto muro gris do patio e a porta de entrada entre as árbores peladas, e, polos treitos da sebe vía a parte do camiño, branca pola xeada, que ía paralela ó regato que conduce á estrada de La Gare.

Nada se move polo de agora nesta clara paisaxe de inverno. Aínda nada está a cambiar. Na clase, o señor Seurel acaba de copia-lo segundo problema. Adoita poñernos tres. Se, por casualidade, ese día non puxese máis ca dous…, decontado volvería á súa cadeira e daríase conta da ausencia de Meaulnes, mandaría dous rapaces que o fosen buscar pola aldea e, seguramente, acabarían por descubrilo antes de que a egua estivese encinchada.

Cando copiou o segundo problema, o señor Seurel deixou cae-lo brazo canso durante un intre… Logo, con grande alivio para min, fixo un punto e á parte e volveu escribir dicindo:

–Agora isto non é máis ca un xogo infantil.

Dúas liñas negras que sobresaían polo muro da Belle-Étoile e que debían se-los dous ladrais levantados dunha carruaxe desapareceron. Agora estou seguro de que alá abaixo se estaban fa-

cendo os preparativos da saída de Meaulnes. Aí está a egua que pasa a cabeza e o peito entre as dúas columnas da entrada, logo detense, mentres que, sen dúbida, están enganchando na parte de atrás do coche un segundo asento para os viaxeiros que Meaulnes pretende traer. Por fin, o coche preparado sae amodo da eira, desaparece uns intres detrás da sebe e volve pasar coa mesma lentitude polo remate do camiño branco que se ve entre os treitos da sebe. E nesa forma negra que agarra as rendas cun cóbado apoiado de xeito indolente como adoitan face-los labregos, recoñecín entón o meu compañeiro Augustin Meaulnes.

Por uns intres volve desaparecer todo detrás da sebe. Dous homes que quedaran no portal da Belle-Étoile mirando saí-lo coche discuten agora moi animados. Un deles decidiuse por fin a poñe-las mans arredor da boca, recollendo a voz, e chamar a Meaulnes, logo bota a correr detrás del algúns metros do camiño… Pero entón, no coche que chegou lentamente á estrada de La Gare e que xa non se pode enxergar dende o carreiro, Meaulnes cambia de súpeto a forma de conducir. Cun pé sobre a parte dianteira, ergueito coma un condutor de carro romano, sacudindo coas dúas mans as rendas, lanza o animal a todo galope e desaparece por uns intres do outro lado da costa. O home que chamaba no camiño volveu correr; o outro botouse a galope campo a través e parece que vén cara a nós.

En poucos minutos, entrementres o señor Seurel deixa o encerado e frega as mans para saca-lo xiz, tres voces a un tempo berran dende o fondo da clase:

–Señor, o gran Meaulnes marchou!

O home da camisa azul está na porta e, de repente, ábrea de todo ata atrás e, sacando o chapeu, pregunta dende a solaina:

–Perdoe, señor, foi vostede quen autorizou ese alumno a pedi-lo coche para ir a Vierzon busca-los seus pais? É que témo-las nosas sospeitas…

–Que había autorizar! –respondeu o señor Seurel.

E deseguida se armou na clase un balbordo tremendo. Os tres primeiros que están preto da saída, que son, polo xeral, os

encargados de escorrentar a pedradas as cabras e os porcos que veñen depenica-las follas das sebes, botáronse á porta. Ó violento patexar dos seus zocos sobre as baldosas da escola seguiu fóra o ruído afogado dos seus pasos apurados, que esmagan a grava do patio escorregando ó virar na cancela pequena que dá á estrada. O resto da clase amoreouse nas ventás do xardín. Algúns subiron ás mesas para ver mellor…

Pero xa era demasiado tarde. O gran Meaulnes fuxira.

–Tanto ten, ti irás igual a La Gare con Mochebouef –díxome o señor Seurel–. Meaulnes non coñece o camiño de Vierzon. Perderase nas encrucilladas e non chegará ó tren das tres.

Na soleira da clase dos pequenos, Millie estira o pescozo para preguntar:

–Pero, que pasa aquí?

Na rúa a xente empeza a xuntarse. O labrego segue alí, inmóbil, teso, co chapeu na man, como alguén que pide xustiza.

Capítulo V

O coche que volve

Despois da cea, xa de volta de La Gare cos avós, sentados diante da alta cheminea, empezaron a contar polo miúdo todo o que lles sucedera dende as últimas vacacións, pero axiña me decatei de que non os escoitaba.

A cancela pequena do patio estaba moi preto da porta do comedor e renxía ó abrirse. Á noitiña, durante as nosas veladas na aldea, case sempre agardaba en segredo ese renxer da cancela ó que lle seguía un ruído de zocos batendo ou espelíndose na soleira, ás veces era un moumeo como de xente que acorda algo antes de entrar. E logo chamaban. Era un veciño, as mestras, en fin, alguén que nos viña distraer na longa velada.

Agora, neste longo serán eu non tiña xa nada que agardar de fóra, pois todos aqueles a quen quería estaban xuntos na nosa casa; e así e todo non deixaba de espreitar calquera ruído da noite e de agardar que se abrise a nosa porta.

O vello avó estaba alí co seu aspecto brután de gran pastor gascón, cos pés pousados firmemente diante súa e o seu caxato entre as pernas, dobrando o lombo para bate-la pipa contra o zapato. Cos seus ollos mollados e bos ía aprobando o que a avoa dicía sobre a viaxe, as galiñas, os veciños e os labregos que aínda non pagaran as rendas das leiras. Pero eu xa non estaba con eles.

Imaxinaba o ruído do carro que se detería de repente perante a porta. Meaulnes saltaría del abaixo e entraría coma se nada pasase… Ou quizais iría primeiro leva-la egua á Belle-Étoile; e decontado oiría os seus pasos petando sobre a estrada e a cancela que se abría…

Pero nada, o avó fitaba cara adiante e, ó chegarlle o sono, as pálpebras detíñanselle longo tempo pestanexando riba dos ollos. A avoa repetía con dificultade a última frase que xa ninguén escoitaba.

–Estades preocupados por ese rapaz? –dixo finalmente.

E así era, eu preguntáralle en van por el en La Gare. Ela non vira ninguén na parada de Vierzon que se asemellase ó gran Meaulnes. O meu compañeiro posiblemente se atrasase no camiño. O seu intento fallara. Durante a volta no coche remoera a miña decepción mentres a miña avoa falaba con Moucheboeuf. Pola estrada branca de xeada os paxariños facían remuíños arredor dos pés da burra ó andar. De cando en vez, no medio da gran calma da tarde xeada, subía a voz afastada dunha pastora ou dun rapaz chamando ó seu compañeiro dende unha fraga de abetos a outra. E este longo berro sobre os montes desertos sempre me facía tremer, coma se fose a voz de Meaulnes invitándome a seguilo dende lonxe…

Mentres eu repasaba todo isto no meu maxín, chegou a hora de deitarse. Xa o avó entrara no cuarto vermello, un salón moi húmido e frío por estar pechado dende o outro inverno. Para que el se instalase alí sacáranse as fundas de encaixe dos sofás, levantáranse as alfombras e arrimáranse a un lado as cousas fráxiles. El colocara o seu caxato nunha cadeira e os grosos zapatos debaixo dunha butaca; acababa de apaga-la candea e nós estabamos de pé dándono-las boas noites, dispostos a separarnos para ir durmir, cando un ruído de coches nos fixo calar.

Diríase que dous carros se seguían amodiño con trote lento. O que fose diminuíu o paso e por fin acabou por parar debaixo da ventá do comedor que daba ó camiño, pero que estaba tapiada.

Meu pai collera a lámpada e, sen agardar, abría a porta que xa pechara con chave. Logo, empuxando a cancela, adiantándose polos extremos das escaleiras, levantou a luz por riba da súa cabeza para ve-lo que pasaba.

Eran efectivamente dous coches parados, o cabalo dun atado detrás do outro. O home saltara ó chan e dubidaba…

–É este o concello? –dixo achegándose–. Poderían indicarme onde vive o señor Fromentin, o granxeiro da Belle-Étoile. Atopei o seu coche e a súa egua que ían sen condutor por un camiño preto da estrada de Saint-Loup-des-Bois. Co

farol puiden ve-lo seu nome e o seu enderezo na placa. Como me collía de camiño trouxen o carro por aquí para evitar accidentes, pero mesmo así atraseime bastante.

Nos estabamos alí estantíos. O meu pai achegouse e alumou o carro cunha lámpada.

–Non hai nin rastro de viaxeiros –continuou dicindo o home–. Nin mesmo un cobertor. A egua está cansa, coxea un pouco.

Achegárame á primeira fila e ollaba cos demais este carro perdido igual que os restos dun naufraxio que volvesen de mar aberto. O primeiro despoxo e quizais o derradeiro da aventura de Meaulnes.

–Se a casa do Señor Fromentin está demasiado lonxe –dixo o home–, voulles deixa-lo coche aquí. Xa perdín moito tempo e na miña casa han estar preocupados.

Meu pai aceptou. Desta maneira poderiamos leva-lo carro á Belle-Étoile sen dici-lo que pasara. Logo decidiriámo-lo que habiamos contar ós paisanos e escribir á nai de Meaulnes… E, negándose a aceptar un vaso de viño que lle ofrecemos, o home aguilloou a súa egua.

Mentres nós entrabamos sen dicir nada e meu pai levaba o coche á granxa, o meu avó chamou dende o fondo do cuarto onde acendera a candea.

–E logo? Chegou ese viaxeiro?

Nun intre, as mulleres puxéronse de acordo:

–Si, si, fora á casa da súa nai. Agora dorme. Non te preocupes!

–Ben, mellor así. Era o que eu pensara –dixo.

E, satisfeito, apagou a luz e volveu á cama durmir.

Foi a mesma explicación que lle demos á xente da aldea. En canto á nai do fuxido, decidiuse que se agardaría un pouco antes de escribirlle. E gardamos só para nós a nosa inquedanza, que durou tres longos días. Aínda vexo hoxe a meu pai volvendo da granxa contra as once, co bigote mollado polo relento, discutindo con Millie en voz baixa, angustiado e colérico…

Capítulo VI

Baten na ventá

O cuarto día foi un dos máis fríos daquel inverno. Dende a mañanciña, os primeiros en chegar ó patio quentábanse patinando arredor do pozo sobre o xeo. Agardaban a que a estufa estivese acesa para ir meterse correndo dentro na escola.

Algúns estabamos detrás do portal espreitando a chegada dos rapaces da aldea. Chegaban aínda moi atordados de teren que atravesar paisaxes de xeo, de miraren lagoas xeadas e lebres fuxindo dos soutos… O cheiro a herba seca e a esterco das súas camisas abafaba o aire da clase cando se amoreaban arredor da estufa arroxada. E aquela mañá, un deles trouxera nun cesto un esquío conxelado que atopara no camiño. Trataba –recordo– de pendurar polas patas no poste do pendello o longo animal entalado…

Logo empezou a pesada clase de inverno…

Un golpe brusco nun vidro da ventá fíxonos levanta-la cabeza. Dereito contra a porta vimos o gran Meaulnes sacudindo, antes de entrar, a xeada da camisa coa cabeza alta e como atordado.

Os dous alumnos do banco máis próximo á porta correron a abrirlla; á entrada houbo unha breve conversa, que non oímos, e finalmente o fuxido decidiu entrar na escola.

A bafarada de aire fresco que viña do patio deserto, os restos de palla colgados da roupa do gran Meaulnes e, sobre todo, o seu aspecto de viaxeiro canso, famento, pero marabillado, todo iso fíxonos gozar dun estraño sentimento de pracer e de curiosidade.

O señor Seurel baixara os dous chanzos da tarima onde estaba a ditarnos e Meaulnes camiñaba cara a el cun aire agresivo. Recordo como me gustou nese momento o gran compañeiro, malia o seu aspecto derreado e os ollos avermellados que tiña, sen dúbida, polas noites pasadas á intemperie.

Alancou ata o seu asento e dixo co ton seguro de alguén que trae un recado:

–Xa estou de volta, señor.

–Ben o vexo –respondeu o señor Seurel, fitándoo con curiosidade…–. Váiase sentar no seu sitio.

O rapaz volveuse cara a nós, co lombo un pouco curvado, sorrindo cun aire burlón, como fan os alumnos maiores indisciplinados cando os castigan e, agarrando cunha man o estremo da mesa, deixouse escorrer sobre o seu banco.

–Vas coller un libro que che vou indicar –dixo o mestre con tódalas cabezas viradas cara a Meaulnes– mentres os teus compañeiros rematan o ditado.

E a clase recuperou o ritmo de antes. De vez en cando o gran Meaulnes volvíase para o lado meu e logo miraba pola ventá, dende onde se vían o xardín branco como de algodón, inmóbil, e os campos desertos; ás veces baixaba un corvo. Na clase, ía unha calor pesada preto da estufa arroxada. O meu camarada, coa cabeza entre as mans, apoiouse nos cóbados para ler. Por dúas veces vin que se lle pechaban as pálpebras e crin que ía adormecer.

–Quixera irme deitar, señor –dixo por fin erguendo un pouco o brazo–. Hai tres noites que non durmo.

–Pois vaia! –dixo o señor Seurel, desexoso de evitar un incidente por riba de todo.

Tódalas cabezas erguidas, tódalas plumas no aire, con pesar, mirámolo marchar coa camisa engurrada polo lombo e os zapatos cheos de terra.

Que lenta pasou a mañá! Preto do mediodía, oímos alá arriba, na mansarda, o viaxeiro apurarse para baixar. No xantar, atopeino sentado diante do lume, preto dos meus abraiados avós, mentres, ó da-las doce no reloxo, os escolares maiores e pequenos espallados polo patio nevado pasaban como sombras diante da porta do comedor.

Deste xantar só lembro un gran silencio e un gran fastío. Todo estaba xeado: o hule sen mantel, o viño frío nos vasos, as

baldosas avermelladas sobre as que poñiámo-los pés… Tomárase a decisión de non preguntarlle nada ó fuxido para non provocalo. E el aproveitou esta tregua para non dicir palabra.

Por fin, acabada a sobremesa, os dous puidemos choutar no patio. Patio de escola pola tarde onde os zocos triparan a neve…, patio ennegrecido no que o desxeo facía pinga-los tellados do pendello…, patio cheo de xogos e de berros agudos! Meaulnes e mais eu abeiramos a todo correr os edificios. Xa dous ou tres dos nosos amigos da vila deixaban a partida e corrían cara a nós berrando de ledicia e patexando na lama cos zocos, coas mans nos petos e a bufanda estendida. Pero o meu compañeiro meteuse á présa na clase grande, onde eu o seguín, e pechou a porta de vidro xusto a tempo de impedi-lo asalto dos que viñan tras nosa. Houbo un estouro claro e violento de cristais sacudidos e de zocos batendo na soleira; un empurrón dobrou a tranca de ferro que aguanta das follas da porta, pero xa Meaulnes, co risco de ferirse na argola rota, déralle volta á chaviña que cerraba a pechadura.

Nós estabamos afeitos a xulgar moi mal unha conduta semellante. No verán os que se quedaban así, á porta, botaban a correr polo xardín e ata chegaban a agatuñar por unha ventá antes de que se desen pechado todas. Pero era decembro e todo estaba pechado. Por un instante empurraron a porta dende fóra e insultáronnos; logo, un a un foron volvendo as costas e marcharon de alí coa cabeza baixa, colocando ben a bufanda.

Na clase, que ulía a castañas e a viño agre, non había máis cós dous varredores que movían as mesas. Eu achegueime á estufa para quentarme, agardando con preguiza a volta á clase, mentres que Augustin Meaulnes cacheaba na mesa do mestre e nos pupitres. Axiña atopou un atlas pequeno que se puxo a estudar con moita atención de pé no estrado, cos cóbados sobre a mesa e a cabeza entre as mans.

Quería ir cabo del, poñeríalle a man no lombo e, quizais, seguiriamos xuntos sobre o mapa o percorrido que fixera, cando, de súpeto, a porta que daba á clase pequena do lado se abriu de

par en par por un forte empurrón e Jasmin Delouche, seguido dun rapazolo da vila e doutros tres da aldea, apareceu berrando triunfal. Quizais unha das ventás da clase pequena estaba mal pechada e deberon empurrala para saltar por ela.

Jasmin Delouche, a pesar de ser bastante pequeno, era un dos maiores do curso superior e tiña moitos celos do gran Meaulnes, aínda que aparentase se-lo seu amigo. Antes da chegada do noso pensionista era el, Jasmin, o galiño da clase. De faciana pálida, bastante insulsa, levaba o pelo engomado. Era o fillo único da viúva Delouche, a pousadeira. Facíase o home e repetía con fachenda o que lles oía dicir ós xogadores de billar e ós bebedores de vermú.

En canto entrou, Meaulnes ergueu a cabeza e, coas cellas engurradas, díxolle a berros ós rapaces que se botaban sobre a estufa empurrándose:

–Aquí non se pode estar un minuto tranquilo!

–Se non estás contento, quedases onde estabas –respondeu sen ergue-la cabeza Jasmin Delouche, que se sentía apoiado polos seus compañeiros.

Paréceme que Augustin estaba nese estado de fatiga no que a cólera sobe e nos sorprende sen que poidamos contela.

–Ti –dixo poñéndose dereito e pechando o libro, un pouco pálido–, ti vas empezar por saír de aquí!

O outro burlouse:

–Ouh! –berrou–. Porque estiveches tres días fuxido cres que agora vas se-lo mestre? –E, levando os outros á súa liorta–: Ti non es quen nos fará saír, sabes!

Pero xa Meaulnes estaba riba del. En principio houbo unha poxa entre os dous; as mangas das camisas racharon e descoséronse. Só Martin, un dos rapaces da aldea que entrara con Jasmin, se interpuxo:

–Valo deixar! –dixo coas ventas inchadas, sacudindo a cabeza coma un carneiro.

Dunha empurrada violenta, Meaulnes chimpouno, cambaleando cos brazos abertos, no medio da clase; logo, collendo

cunha man a Delouche polo pescozo e abrindo a porta coa outra, intentou botalo fóra. Jasmin agarrábase ás mesas e arrastraba os pés polas baldosas facendo renxe-los zapatos ferrados, mentres Martin, que recuperara o equilibrio volvía amodo, coa cabeza levantada, enfurecido. Meaulnes deixou a Delouche para pillar este imbécil e estaba nunha mala posición cando se entreabriu a porta que daba á vivenda. O señor Seurel apareceu coa cabeza virada cara á cociña para acabar unha conversa con alguén…

De súpeto, a batalla parou. Algúns colocáranse arredor da estufa coa cabeza baixa, evitando ata o final tomar partido. Meaulnes sentou no seu sitio, coas mangas descosidas e desprendidas polos ombreiros. En canto a Jasmin, moi conxestionado, oíuselle berrar durante os segundos que precederon ó golpe de regra que daba comezo á clase:

–Agora non pode soportar nada. Mostra moita fachenda. Imaxina quizais que non sabemos onde estivo!

–Imbécil! Nin eu mesmo o sei –respondeu Meaulnes nun silencio xa total.

Logo, coa cabeza entre as mans, erguendo os ombreiros púxose a prepara-las leccións.

Capítulo VII

O chaleco de seda

O noso cuarto era, como dixen antes, unha gran mansarda; metade mansarda e metade cuarto. Nas outras vivendas dos axudantes había ventás; e non se sabe por que este estaba só iluminado por un fachinelo. A porta rascaba no chan e non se podía pechar de todo. Cando subiamos alí pola noite, acubillando coa man a candea que levabamos ameazada por tódalas correntes de aire do enorme edificio, sempre que tratabamos de pechar esa porta, deixabámola por imposible. E, toda a noite, penetrando ata o noso cuarto o silencio dos tres faiados, sentiámolo arredor de nós.

Foi alí onde nos reencontramos, Augustin e mais eu, a noite dese mesmo día do inverno.

Mentres que eu sacara toda a roupa nun santiamén e botáraa amoreada sobre unha cadeira á cabeceira da miña cama, o meu compañeiro, sen dicir nada, comezou a espirse devagar. Dende a cama de ferro con cortinas de cretona decorada con pámpanos, onde eu xa estaba metido, miraba como el se espía. Ás veces sentábase na súa cama, baixa e sen cortinas, e outras erguíase e camiñaba dun lado ó outro, mentres sacaba a roupa. A candea que pousara nunha mesiña de vimbio trenzada polos xitanos reflectía na parede a súa sombra errante e xigantesca.

Ó contrario ca min, cun aspecto distraído e amargo pero con coidado, el dobraba e colocaba ben o traxe escolar. Podo velo aínda hoxe deixando o seu pesado cinto sobre unha cadeira; colgando sobre o respaldo o mandilón negro, engurradísimo e sucísimo; sacando unha especie de chaquetón groso de cor azul que tiña por debaixo do mandilón e dándome as costas ó inclinarse para estendelo ós pés da cama… Pero ó que se ergueu e se volveu cara a min, vin que debaixo do chaquetón, en lugar do chalequiño con botóns de cobre do uniforme escolar, levaba un chaleco estraño de seda, moi aberto que só pechaba

na parte baixa por unha ringleira apertada de botonciños de nácara.

Era unha vestimenta dunha fantasía encantadora, como a que debían leva-los mozos que bailaban coas nosas avoas nos bailes de mil oitocentos trinta.

Neste momento, recordo o gran escolar labrego coa cabeza descuberta despois de colocar coidadosamente o seu sombreiro sobre o resto da roupa, coa faciana tan nova, tan valente e xa tan endurecida. Volvera a pasear polo cuarto cando comezou a desabotoar aquela peza marabillosa dun traxe que non era o seu. Era estraño velo en mangas de camisa, cun pantalón demasiado curto e os zapatos enlamados poñendo as mans naquel chaleco de marqués.

Ó tocalo, como saíndo bruscamente dun soño, virou a ollada cara a min e miroume inquedo. Eu tiña ganas de rir. El sorriu ó mesmo tempo ca min e a súa faciana iluminouse.

–Ouh, dime que é! –salteille eu en voz baixa, encoraxado–. Onde o colliches?

Pero, de repente, o seu sorriso esvaeceuse. Pasou dúas veces a súa pesada man polos cabelos curtos e, como alguén que non pode resistir un desexo, de súbito volveu poñer por riba do fino chaleco o chaquetón que abotoou completamente e o seu mandilón engurrado; logo dubidou un intre, ollándome de esguello… Por fin, sentou á beira da cama, sacou os zapatos que caeron ruidosamente no chan e, todo vestido coma un soldado en acuartelamento de alerta, estricouse riba da cama e apagou a candea.

Contra a metade da noite espertei de súbito. Meaulnes estaba de pé no medio do cuarto coa gorra na cabeza e buscando algo no colgadoiro –unha especie de esclavina que puxo no lombo…–. O cuarto estaba moi escuro. Non había nin a claridade que dá ás veces o reflexo da neve. Un vento negro e frío sopraba no xardín morto e sobre o tellado.

Erguinme un pouco e díxenlle moi baixiño:

–Meaulnes! Volves marchar?

Non me respondeu. Entón nunha arroutada, díxenlle:

–Pois logo eu marcho contigo. Tesme que levar –e saltei da cama.

El achegóuseme, agarroume por un brazo forzándome a sentar á beira da cama e díxome:

–Non te podo levar, François. Se eu coñecese ben o meu camiño acompañaríasme. Pero é preciso que o atope de novo no mapa, e non o dou atopado.

–Entón, tampouco ti podes marchar?

–É certo, é inútil… –dixo el desanimado–. Ala, vaite deitar. Prométoche non volver marchar sen ti.

E púxose de novo a pasear dun lado ó outro do cuarto. Eu non me atrevía a dicirlle nada. Camiñaba, detíñase, volvía andar máis á présa, como alguén que busca ou repasa recordos, confróntaos, compáraos, calcula e, de súpeto, pensa que o atopou; logo, volve deixa-lo fío e empeza a buscar outra vez…

Aquela non foi a única noite que espertei contra a unha da mañá polo ruído dos seus pasos; atopábao así deambulando polo cuarto e polos faiados como os mariñeiros que non dan esquecido as gardas e que, metidos nas súas casas bretoas, se erguen e se visten á hora regulamentaria para vixia-la noite terrestre.

Por dúas ou tres veces, durante o mes de xaneiro e a primeira quincena de febreiro, fun así arrancado do sono. O gran Meaulnes estaba alí, dereito, todo equipado, coa capa ó lombo disposto a marchar e sempre, á beira dese país marabilloso a onde xa se evadira unha vez, detíñase, dubidaba. No momento de levanta-lo tarabelo da porta da escaleira e de meterse pola porta da cociña, que podía abrir sen que ninguén o oíse, recuaba outra vez… Logo, dende a metade da noite, percorría afervoado durante longas horas os faiados abandonados, matinando.

Por fin, unha noite contra o quince de febreiro, foi el mesmo quen me espertou pousándome suavemente a man no lombo.

Fora un día demasiado axitado. Meaulnes, que pasaba completamente de tódolos xogos dos seus antigos compañeiros, quedara sentado no banco durante o último recreo da tarde, moi ocupado en pintar un misterioso plano, percorréndoo co dedo e calculando ben os trazos sobre un mapa do departamento do Cher. Producírase un ir e vir continuo do patio á clase. Os zocos trecoleaban. Corríase de pupitre en pupitre, saltando dun chouto os bancos e o estrado… Sabíase que non conviña achegarse a Meaulnes cando traballaba así; mais, como o recreo se alongaba, dous ou tres rapaces da vila, xogando, achegáronse ás agachadas e miraron por riba do seu lombo. Un deles embraveceuse ata empurrar polos outros sobre Meaulnes… El pechou bruscamente o mapa, agachou a folla e agarrou o último dos tres rapaces, mentres que os outros dous puideron escapar.

… Era o parvo de Giraudat, que deu en choricar, tentou pegar patadas e, finalmente, o gran Meaulnes botouno fóra mentres el berraba enfurecido:

–Gran covarde! Non me estraña que estean todos contra ti, que queiran facerche a guerra…!

E seguiu cunha chea de insultos ós que respondemos sen comprender ben o que quixera dicir. Era eu quen máis berraba, pois tomara partido polo gran Meaulnes. Agora había como un pacto entre nós. A promesa que fixera de levarme con el, sen dicirme como todo o mundo "que eu non podía andar", unírame a el para sempre. E non paraba de matinar na súa misteriosa viaxe. Estaba convencido de que debera de atopar unha rapaza, que era, sen dúbida, infinitamente máis fermosa que tódalas do país, máis fermosa que Jeanne, a quen vía no xardín das monxas por un burato da pechadura; e que Madeleine, a filla do panadeiro, moi rosa e moi loura; que Jenny, a filla da ama do castelo, que era admirable, pero estaba tola e tíñana sempre pechada. Era, certamente, unha rapaza na que el pensaba pola noite como un heroe de novela. Eu decidira falarlle dela abertamente, a primeira vez que me espertase…

A tarde desta nova batalla, despois das catro, estabamos os dous ocupados en mete-los trebellos do xardín, os picos e as pas que se utilizaran para facer buratos, cando oímos berros na estrada. Era unha banda de mozos e rapaces que camiñaban con paso ximnástico en ringleiras de catro, como unha compañía perfectamente organizada, conducidos por Delouche, Daniel, Giraudot e outro que non coñeciamos de nada. Vírannos e asubiárannos de mal xeito. Así que toda a vila estaba en contra nosa, e preparábase non sei que xogo guerreiro do que nós estabamos excluídos.

Meaulnes, sen dicir palabra, colocou no alpendre a pa e o pico que tiña sobre o ombreiro…

Pero á media noite, sentín a súa man sobre o meu brazo e espertei sobresaltado.

–Érguete –dixo–, marchamos.

–Xa sábe-lo camiño ata o final?

–Coñezo unha boa parte del. Será preciso atopa-lo resto! –respondeu cos dentes apertados.

–Escoita, Meaulnes –dixen sentándome na cama–. Escóitame: só podemos facer unha cousa; busca-los dous xuntos a pleno día a parte do camiño que nos falta, axudados polo teu mapa.

–Pero esa parte está moi lonxe de aquí.

–Pois logo iremos en coche, este verán, en canto os días sexan longos.

Houbo un silencio prolongado que quería dicir que aceptaba.

–Meaulnes, xa que trataremos xuntos de busca-la rapaza que amas –engadín eu ó fin–, dime quen é, fálame dela.

Sentouse ós pés da miña cama. Eu vía na sombra a súa cabeza inclinada, os brazos cruzados e os seus xeonllos. Primeiro aspirou aire con forza, como alguén que leva longo tempo co corazón oprimido e que despois vai confia-lo seu segredo…

Capítulo VIII

A aventura

Aquela noite o meu compañeiro non me contou todo o que lle sucedera polo camiño. E cando se decidiu por fin a confiarmo todo, durante días de angustia dos que xa falarei, aquilo quedou por moito tempo como o gran segredo da nosa adolescencia. Pero hoxe, que xa todo acabou, agora que non queda máis ca poeira

de tanto mal, de tanto ben,

podo conta-la súa estraña aventura.

.....

Á unha e media da tarde, con aquela invernía, Meaulnes fixo anda-la egua a paso lixeiro camiño de Vierzon, pois sabía que levaba o tempo contado. Nun principio non pensou máis que en divertirse coa sorpresa que nos daría a todos ó velo chegar no carro co avó e a avoa Charpentier ás catro da tarde. Certamente naquel momento non tiña ningunha outra intención.

Pouco a pouco foino collendo o frío e envolveu as pernas nunha manta, que nun principio refugara e que a xente da Belle-Étoile lle puxera no carro á forza.

Ás dúas atravesou a vila de La Motte. Nunca pasara por unha vila en horas de clase e divertiuno ver aquela tan deserta, tan adormecida. Só de treito en treito se levantaba unha cortina que deixaba ve-la cabeza curiosa dunha muller.

Á saída de La Motte, axiña despois da casa da escola, dubidou entre dous camiños e creu recordar que para ir a Vierzon había que virar á esquerda. Non había ninguén alí para indicarllo. Polo camiño, que agora era máis estreito e mal empedrado, volveu poñe-lo animal a trote. Abeirou durante algún

tempo unha fraga de abetos e por fin atopou un carreteiro ó que lle preguntou, acubillando a boca entre as mans, se ía ben para Vierzon. A egua, turrando das rendas, seguía trotando; o home non debeu comprende-lo que lle preguntaba; berrou algo facendo un aceno indefinido e, completamente ó azar, Meaulnes continuou o camiño.

Apareceu de novo a extensa campía xeada, sen montes nin distracción ningunha; só, por veces, voaba unha pega asustada polo coche que ía pousar máis lonxe nun ulmeiro sen cima. O viaxeiro envolveu os seus ombreiros coa ancha manta coma se fose unha capa. E coas pernas estricadas, apoiado nun lado do coche, debeu adormecer durante un bo cacho…

… Cando Meaulnes acordou, grazas ó frío que xa lle atravesaba a manta, deuse conta de que a paisaxe cambiara. Xa non eran aqueles horizontes afastados, ese gran ceo branco onde se perdía a ollada, senón herbais pequenos aínda verdes, cercados por valados altos. Á dereita e á esquerda, a auga das gabias corría debaixo do carazo. Todo facía presenti-la proximidade dun río. E entre as altas faias, a estrada non era máis ca un estreito camiño cheo de fochancas.

Había un pouco, a egua deixara de trotar. Meaulnes quixo facerlle recupera-lo seu andar lixeiro cunha vareada, pero ela continuou andando ó paso moi engordiño, e o gran escolar, coas mans apoiadas na parte dianteira do coche, mirou de lado e apercibiuse de que coxeaba dunha das patas de atrás. Saltou axiña ó chan moi inquieto.

–Non chegaremos nunca a Vierzon para o tren –dixo en voz baixa.

E non se atrevía a confesa-lo seu pensamento máis inquietante, saber que quizais se trabucase de camiño e que non estaba na dirección de Vierzon.

Examinou durante longo tempo o pé do animal e non descubriu ningún indicio de ferida. A egua, moi temorosa, levantou a pata en canto Meaulnes quixo tocarlla e rascaba no chan coa ferradura pesada e desencaixada. El comprendeu ó fin que a

egua tiña simplemente unha pedriña na ferradura. Como home experto no trato co gando, anicouse e intentou agarrarlle o pé dereito coa man esquerda e poñelo entre os seus xeonllos, pero o coche impediullo. A egua librouse por dúas veces e avantou algúns metros. A estribeira golpeouno na cabeza e a roda feriuno nun xeonllo. El, moi teimudo, acabou por vencer a preguiceira egua; pero a pedriña estaba tan metida que Meaulnes tivo que colle-lo seu coitelo de labrego para dala sacado.

Cando rematou o labor e levantou por fin a cabeza medio atordado e cos ollos embazados deuse conta, abraiado, de que viña a noite…

Calquera que non fose Meaulnes desandaría o camiño. Era o único medio de non perderse outra vez. Pero el pensou que agora debía estar demasiado lonxe de La Motte. Ademais a egua puido tomar un camiño transversal mentres el durmía. En fin, que aquel camiño ó final do percorrido debía levar a algunha aldea… Engadide a todas estas razóns que o bo do rapaz, subindo de novo á estribeira mentres que a egua inquieta tiraba xa das rendas, sentía aumentar nel o desexo exasperado de acadar algo, de chegar a algures, malia tódolos impedimentos!

Arreou a egua, que fixo un aceno de espantada, e púxose a trote lixeiro. A escuridade medraba. No carreiro afundido había o paso xusto para un coche. Ás veces, unha póla rota de faia prendíase na roda e partíase cun ruído seco… Cando se fixo noite pecha, Meaulnes, angustiado, pensou de repente no comedor de Sainte-Agathe onde daquela nós debiamos estar reunidos. Primeiro encolerizouse, despois encheuse de orgullo e de fonda ledicia por escapar dese xeito, sen querelo…

Capítulo IX

Unha parada no camiño

Repentinamente a egua diminuíu a marcha coma se batese cos cascos na sombra; Meaulnes viuna agachar e levantar a cabeza por dúas veces; logo detívose, coas ventas cara abaixo parecía osmar algo. Arredor das patas do animal oíase como un batuxar da auga. Un rego cortaba o camiño. No verán debía ser un vao, pero nesta época a corrente era tan forte que o xeo non tiña consistencia e sería perigoso puxala cara adiante.

Meaulnes tirou con coidado das rendas para recuar uns pasos e, desconcertado, púxose de pé no coche. Foi entón cando distinguiu unha luz entre as pólas das árbores, só dous ou tres herbais debían afastala do camiño…

O escolar baixou do coche e levou a egua cara atrás, falándolle para calmala, para conte-las bruscas e asustadas cabezadas que daba:

–Vamos, velliña, vamos! Agora non iremos máis lonxe. Decontado habemos saber onde chegamos.

E empurrando a cancela entreaberta dun pequeno herbal que daba ó camiño, meteu o carro por alí. Os seus pés afundían na herba lene. O carro troupeleaba silenciosamente. Coa súa cabeza contra a da egua, sentía a súa calor e o forte resollar do seu alento… Levouna ó extremo do herbal, púxolle a manta polo lombo e logo, separando as pólas da cerca do fondo, volveu ve-la luz, que era a dunha casa illada.

Aínda tivo que atravesar outros tres herbais, saltar un regato traizoeiro no que tivo de afundi-los dous pés xuntos… Por fin, despois dun último salto dende o alto dun noiro, chegou á eira dunha casa de labranza. Un porco gruñía no cortello e un can botouse a ladrar furioso ó oí-lo ruído dos seus pasos sobre a terra xeada.

O batente da porta estaba aberto e o resplandor que Meaulnes vira era o dun lume de leña acendido na cheminea. Non había máis luz cá do lume. Na casa, unha boa muller levantouse e achegouse á porta sen mostrar ningún medo. O reloxo de pesos tocou xusto nese intre as sete e media.

–Perdoe, señora –dixo o rapaz–, paréceme que pisei os seus crisantemos.

Ela ollábao de pé cunha cunca na man.

–Claro, a eira está tan escura que non se pode andar por aí –dixo ela.

Houbo un silencio durante o cal Meaulnes, que estaba de pé, viu as paredes do cuarto decoradas con follas de revistas como as dunha pousada e a mesa, na que había un sombreiro de home.

–Non está o patrón? –dixo el sentándose.

–Vai vir –respondeu a muller con confianza–. Foi buscar un feixe de leña.

–Non é que o precise –continuou o rapaz achegando a cadeira ó lume–. Estamos aí varios cazadores ó axexo e vin para pedirlles se me poden dar un pouco de pan.

O gran Meaulnes sabía que na casa de labregos e especialmente nunha casa illada hai que falar con moita discreción, mesmo con política, e sobre todo non dar nunca sinais de non ser da comarca.

–Pan? –dixo ela–. Pouco vos poderemos dar. O panadeiro que sempre pasa os martes hoxe non veu.

Augustin, que por un momento esperara atopa-la proximidade dunha aldea, asustouse.

–De que lugar é o panadeiro? –preguntou.

–E cal vai ser? O panadeiro do Vieux-Nançay –contestou a muller, estrañada.

–A que distancia está exactamente de aquí Le Vieux-Nançay? –continuou Meaulnes moi inquieto.

–Pola estrada non sabería dicirvos exactamente, pero polo atallo hai tres leguas e media.

E púxose a contar que tiña alí unha filla colocada, que viña a pé para visitala tódolos primeiros domingos do mes e que os seus amos…

Pero Meaulnes, completamente desconcertado, interrompeuna para dicir:

–Le Vieux-Nançay é a vila máis próxima de aquí?

–Non, é Les Landes, a cinco quilómetros. Pero non hai vendedores nin panadeiros. Non hai máis ca unha feira pequena unha vez ó ano polo San Martiño.

Meaulnes non oíra nunca falar de Les Landes. Viuse tan perdido que case o atopou divertido. E a muller, que estaba ocupada en lava-la cunca no vertedoiro, virouse, tamén ela sorprendida, e dixo devagar mirándoo de fronte:

–E logo non é de por aquí…?

Nese momento un vello labrego presentouse na porta cunha brazada de leña que guindou no chan. A muller explicoulle moi alto, coma se fose xordo, o que pedía o rapaz.

–Pois ben!, iso é doado –dixo simplemente–. Pero achegádevos, señor. Aí non vos quentades.

Uns momentos máis tarde estaban os dous instalados preto da lareira: o vello partindo leña para metela no lume e Meaulnes tomando unha cunca de leite con pan que lle ofreceron. O noso viaxeiro, encantado de atoparse nesta casa humilde despois de tantas inquietudes, pensando que rematara a súa estraña aventura, facía proxectos de volver outro día cos compañeiros visitar esta boa xente. El non sabía que aquilo era soamente unha parada e que, decontado, ía volver ó camiño.

Pediulles, logo, que lle indicasen a estrada de La Motte. E, volvendo pouco a pouco á verdade, contoulles que o seu coche se distanciara do dos outros cazadores e estaba completamente perdido.

Entón o home e a muller insistiron tanto en que quedase a durmir e non marchase ata a mañanciña, que Meaulnes acabou por aceptar e saíu busca-la egua para metela na corte.

–Teña coidado coas fochancas do carreiro –díxolle o home.

Meaulnes non se atreveu a confesar que non viñera polo carreiro. Estivo a piques de pedirlle ó bo do home que o acompañase. Dubidou uns intres na soleira e tan grande era a súa indecisión que houbo caer. Logo saíu á escuridade da eira.

Capítulo X

A corte

Para situarse alí, gabeou polo noiro de onde saltara.

Lenta e dificilmente, como á chegada, guiouse entre a herba e a auga a través das sebes de salgueiro e foi busca-lo seu coche no fondo do herbal onde o deixara. O coche non estaba alí… Inmóbil, coa cabeza fervendo, esforzouse en escoitar tódolos ruídos da noite, crendo oír a cada segundo tocar moi preto os chocallos da egua. Nada… Deu a volta ó herbal, a cancela estaba media aberta e media envorcada, coma se unha roda de coche pasase por riba. Seguramente a besta escapara soa por alí.

Volvendo ó camiño, deu algúns pasos enredando os pés no cobertor que debera escorrer do lombo da egua ó chan. Concluíu que a besta fuxira nesa dirección e botou a correr.

Sen outra idea que a vontade tenaz e tola de atopa-lo coche, corría coa faciana acesa polo sangue, preso dun desexo angustioso que asemellaba medo… Ás veces, tropezaba cos pés nas rodeiras. Nas voltas do camiño, no medio da escuridade total, batía nos cerrados das leiras e, xa demasiado esgotado para se deter a tempo, caía sobre as silveiras cos brazos por diante, esgazando as mans para protexe-la faciana. Outras veces, detíñase, escoitaba e volvía andar. Por un instante creu oí-lo ruído do carro, pero non era máis ca un volquete troupeleando que pasaba por unha estrada moi lonxe, do lado esquerdo.

Chegou un momento en que lle doía tanto o xeonllo ferido na estribeira que tivo que parar coa perna estirada. Entón matinou que se a besta non fuxise a todo galope, tiña que atopala. Pensou tamén que un coche non se perdía así coma así e que alguén o encontraría facilmente. En fin, desandou o camiño, esgotado, colérico, arrastrándose a duras penas.

Un pouco despois, creu que se encontraba no sitio no que estivera anteriormente e decontado distinguiu a luz da casa que buscaba. Por entre a sebe abríase un carreiro fondo:

"Velaquí o carreiro do que me falou o vello", díxose Augustin.

E colleu ese camiño, contento de non ter que atravesar máis sebes nin noiros. Ó pouco, cando o carreiro viraba á esquerda, a luz parecía estar á dereita e, chegando a unha encrucillada, coa présa de chegar á casiña, Meaulnes seguiu sen pensar un carreiro que parecía conducilo directamente alí. Mais, aínda non fixera dez pasos nesa dirección, cando a luz desapareceu, porque a tapaba unha sebe ou porque os labregos, cansos de agardar, pecharan as contras. O escolar saltou con valentía campo a través, camiñou dereito na dirección en que a luz brillara había un pouco, e, logo, atravesando aínda unha chouza, chegou a outro carreiro…

Así, pouco a pouco, íase embarullando o camiño do gran Meaulnes e ía rompendo o fío que o unía ós que deixara.

Desolado, case no extremo das forzas, decidiu na súa desesperación segui-lo camiño ata o final. Acababa a cen pasos de alí nun herbal gris, onde se enxergaban de vez en cando sombras que debían ser de cimbros e dunha construción escura nun socalco do terreo. Meaulnes achegouse. Non era máis ca unha especie de corte grande para o gando ou, quizais, un cortello de ovellas abandonado. A porta cedeu cun renxido. Polas fendas das paredes coábase o resplandor da lúa cando o forte vento varría as nubes. Había cheiro a balor.

Sen seguir máis adiante, Meaulnes deitouse na palla húmida, cun cóbado na terra e a cabeza sobre a man. Quitou o cinto e acubillouse no mandilón coas pernas na barriga. Pensou entón no cobertor da besta que deixara no camiño e sentiuse tan malpocado, tan anoxado contra si mesmo que lle entraron unhas ganas moi fortes de chorar…

E fixo esforzos por pensar noutra cousa. Xeado ata a cana dos ósos, recordou un soño –máis ben unha visión– que tivera sendo neno, e da que nunca lle falara a ninguén: unha mañá en lugar de espertar no seu cuarto, onde deixara os pantalóns e o abrigo, atopábase nun longo cuarto verde empapelado cunha decoración pa-

recida á follaxe. Nese lugar coábase unha luz tan doce que pensou que a podería saborear. Preto da primeira ventá, unha rapaza cosía de costas, como agardando que espertase… El non tivera forzas para botarse fóra do seu leito e ir a aquela estancia encantada. Volvera quedar a durmir… Mais a próxima vez, xuraba que se levantaría. Mañá á mañá, quizais…!

Capítulo XI

A mansión misteriosa

Dende a mañanciña, dispúxose a marchar de alí, pero doíalle o xeonllo inchado; era tan intensa a dor que tiña que parar a sentarse a cada momento. Por outra parte, o lugar no que se atopaba era o máis desolado da Sologne. En toda a mañá non viu máis ca unha pastora alá no horizonte, levando o rabaño. Por máis que a chamou e tratou de correr, ela desapareceu sen oílo.

Malia todo, continuou camiñando nesa dirección, cunha desolada lentitude… Nin un tellado, nin unha alma, nin mesmo o chío dun mazarico nas roseiras das lagoas. E por riba desta perfecta soidade, brillaba un sol de decembro, claro e frío.

Virían a se-las tres da tarde cando por fin viu, enriba dunha fraga de abetos, a frecha dunha torre gris.

"Unha casa abandonada ou un pombal deserto…!", dixo para si.

E, sen apura-lo paso, continuou o seu camiño. Un recanto da fraga ía dar entre dous postes brancos, nunha avenida pola que Meaulnes se meteu. Deu algúns pasos e detívose, cheo de sorpresa, abraiado por unha emoción inexplicable. Mais seguía a camiñar co mesmo paso fatigado; o vento xeado cortáballe os beizos, sufocábao por momentos e, no entanto, unha ledicia extraordinaria animábao, unha tranquilidade perfecta e case embriagadora, a certeza de que acadara o seu obxectivo e que agora xa non había máis ca agarda-la felicidade. Era así como noutro tempo se sentía esvaecer na véspera das grandes festas do verán, cando á caída da noite se plantaban abetos nas rúas da vila e a ventá do seu cuarto quedaba obstruída polas pólas.

"Tanta alegría por chegar a este pombal vello, cheo de mouchos e de correntes de aire…!", pensou.

E, anoxado contra si mesmo, detívose preguntándose se non sería mellor desanda-lo camiño e continuar ata a aldea próxima. Matinou uns intres coa cabeza baixa cando se deu conta de sú-

peto de que a alameda estaba varrida en grandes círculos regulares como se adoitaba facer polas festas na súa terra. Estaba nun camiño semellante á rúa principal da Ferté, a mañá da Asunción…! Se nunha curva da alameda vise unha chea de xente festeira levantando poeira coma no mes de xuño, non se sorprendería máis.

"Haberá unha festa neste ermo?", preguntouse.

Avantando ata a primeira curva, oíu un ruído de voces que se achegaban. Botouse a un lado entre os mestos abetos novos, anicouse e escoitou retendo o alento. Eran voces de nenos. Unha chea de nenos pasaron a rentes del. Un, quizais unha neniña, falaba nun ton tan asisado e tan competente que Meaulnes, aínda que non entendese ben o sentido das palabras, non puido deixar de sorrir.

–Só unha cousa me preocupa –dicía ela–, é o asunto dos cabalos. Non se lle impedirá a Daniel, por exemplo, monta-lo gran poni amarelo!

–Nunca mo impedirán –respondeu unha voz burlona de rapaz–. Acaso non temos tódolos permisos…? Mesmo o que facemos mal, se nos gusta…

E as voces afastáronse no momento en que chegaba outro grupo de nenos.

–Mañá á mañá iremos en barco se o xeo está derretido –dixo unha rapaciña.

–Pero, deixarannos? –dixo outra.

–Xa sabedes que nós organizámo-la festa ó noso xeito.

–E se Frantz volvese este serán coa súa moza?

–E logo! Fará o que nós queiramos…!

–Sen dúbida, trátase dunha voda –dixo Augustin baixiño–. Pero son os nenos os que fan a lei aquí? Estraño lugar!

Quixo saír do seu agocho para preguntarlles onde encontraría de comer e de beber. Levantouse e viu o último grupo que marchaba. Eran tres raparigas cuns vestidos lisos ata os xeonllos. Tiñan uns bonitos sombreiros atados con grandes cintas. E colgáballes ás tres do pescozo unha pluma branca. Unha das

rapaciñas, media virada e un pouco inclinada, escoitaba a súa compañeira que lle daba grandes explicacións co dedo levantado.

"Daríalles un susto", díxose Meaulnes mirando a súa camisa rachada de labrego e o cinto barroco de escolar de Sainte-Agathe.

Temendo que os rapaces o atopasen ó volver pola alameda, continuou o seu camiño a través dos abetos en dirección ó "pombal", sen pensar demasiado no que podería haber alá abaixo. No lindeiro da fraga, un muriño cuberto de carriza fíxoo deter de súpeto. Do outro lado, entre o muro e os anexos do casarío, había un gran patio estreito ateigado de coches, coma o patio dunha pousada un día de feira. Habíaos de todas clases e de tódalas formas: coches pequenos, elegantes, de catro prazas cos varais postos; carretas con asentos; carros da época dos borbóns con galerías de molduras, pasados de moda, e mesmo había vellas dilixencias con vidros altos.

Agochado detrás dos abetos por medo a ser visto, Meaulnes ollaba a desorde do lugar cando divisou entreaberta unha ventá dos edificios anexos ó outro lado do patio, xusto por riba do banco dun carro alto. Dous barrotes de ferro, como se ven detrás das casas que sempre teñen pechadas as contras das cortes, deberon cerrar esa abertura, noutro tempo.

–Vou entrar alí –dixo o escolar–, durmirei no feo e marcharei á noitiña para non asustar esas rapaciñas tan bonitas.

Saltou o muro con dificultade a causa do xeonllo ferido e, pasando dun coche noutro, do asento dun carro ó dunha dilixencia, chegou ó alto da ventá e empurrouna sen ruído coma unha porta.

Non era un secadoiro de feo senón nun amplo cuarto de teito baixo que debía usarse de dormitorio. Na media escuridade dun serán do inverno distinguíase que a mesa, a cheminea e mesmo os sofás estaban cheos de floreiros grandes, de obxectos valiosos e de armas antigas. No fondo da peza, había unhas cortinas caídas que debían tapar unha alcoba.

Meaulnes pechara a ventá, a causa do frío e por medo a ser sorprendido dende fóra. Foi quita-la cortina do fondo e descubriu unha enorme cama baixa cuberta de vellos libros dourados, de laúdes con cordas rotas e de candelabros estrados en desorde. Pousou tódalas cousas no fondo da alcoba, logo estarricouse por riba do leito para descansar e reflexionar un pouco sobre a estraña aventura na que se metera.

Na estancia había un profundo silencio. Só por momentos se oía laia-lo vento forte de decembro.

E Meaulnes, deitado na cama, deu en preguntarse se, a pesar deses estraños encontros, a pesar da voz dos nenos na alameda, a pesar dos coches amoreados, non era simplemente como el pensara en principio un vello edificio abandonado na soidade do inverno.

Decontado lle pareceu que o vento traía o son dunha música perdida. Era como un recordo cheo de engado e de dor. Lembroulle o tempo en que a súa nai, aínda nova, tocaba pola tarde o piano no salón e el escoitábaa ata a noite sen dicir nada, detrás da porta que daba ó xardín…

–Diríase que alguén toca o piano nalgún lugar –dixo.

Pero deixando esta idea sen resposta, arrastrado pola fatiga, non tardou en adormecer…

Capítulo XII

O cuarto de Wellington

Era noite cando espertou. Aterecido polo frío, virábase e revirábase no leito, engurrando e enrolando a camisa negra debaixo del. Unha feble claridade verdosa tinguía as cortinas da alcoba.

Sentándose na cama, meteu a cabeza por entre as cortinas. Alguén abrira a ventá e colgara no peitoril dous farois venecianos verdes.

Meaulnes case non puidera botar unha ollada, cando oíu no descanso da escaleira un ruído afogado de pasos e unha conversa en voz baixa. Volveuse meter na alcoba e bateu sen querer cos zapatos ferrados nun dos obxectos de bronce que pousara contra a parede. Deixou uns intres de alentar, moi preocupado. Os pasos achegáronse e dúas sombras coáronse polo cuarto.

–Non fagas ruído –dicía un.

–Ah! –respondeu o outro–, xa é tempo abondo de que esperte!

–Adornáche-lo cuarto?

–E logo!, como os dos outros.

O vento fixo bate-la ventá aberta.

–Mira! –dixo o primeiro–. Nin sequera pecháche-la ventá. O vento xa apagou un dos farois. Haberá que volvelo acender.

–Bah! –respondeu o outro, levado dunha preguiza e dun desalento repentinos–. Para que tanta iluminación por este lado que dá ó campo, coma se dixésemos do lado do deserto? Non hai ninguén para vela.

–Ninguén? Aínda vai chegar xente durante un bo cacho da noite. Dende os coches, estarán ben contentos por ve-las nosas luces alá abaixo, na estrada!

Meaulnes oíu rascar un misto. O que falara de último, e que parecía se-lo xefe, repetiu cunha voz arrastrada, á maneira dun enterrador de Shakespeare:

–Puxeches farois verdes no cuarto de Wellington. Poñeríalos tamén vermellos…! Entendes disto tanto coma min!

Un silencio.

–Wellington non era americano? E logo, o verde é cor americana, non si? Ti, o artista, que viaxaches, deberías saber isto.

–Vaites! –respondeu o "faranduleiro"–. Que viaxei?, si, viaxei! Pero non vin nada! Que queres ver nunha caravana?

Meaulnes mirou con coidado por entre as cortinas. O que dirixía a manobra era un home groso coa cabeza pelada e levaba un abrigo enorme. Tiña na man unha percha longa chea de farois de cores, e, coas pernas cruzadas, miraba con placidez traballar o seu compañeiro.

O faranduleiro tiña o corpo máis lamentable que se poida imaxinar. Grande, fraco, tremente cos ollos verdosos e birollos, co bigote caéndolle sobre a boca sen dentes, facía pensar na cara dun afogado chorreando sobre unha lousa. Estaba en mangas de camisa, e daba dente con dente. Nas palabras e nos xestos amosaba o desprezo máis perfecto pola súa propia figura.

Despois duns intres de reflexión, á vez amarga e burlona, achegouse ó seu compañeiro e díxolle cos brazos separados:

–Que queres que che diga…? Non podo entender que fosen buscar uns noxentos coma nós para servir nunha festa semellante! Pero xa ves, compañeiro…!

Mais, sen darlle importancia a este arranque sentimental, o gordo seguiu mirando o traballo do colega coas pernas cruzadas; boquexou, bafexou tranquilamente e despois, virándose de costas, marchou coa percha ó lombo, dicindo:

–Ala, en marcha! Xa é hora de vestirse para a cea.

O faranduleiro seguiuno, pero ó pasar diante da alcoba:

–Durminte, señor –dixo facendo reverencias e inflexións burlonas de voz–, tendes que espertar para vestirvos de marqués, aínda que sexades un baldrogas coma min, e baixar á festa de disfraces, xa que isto é do agrado destes señoritos e destas señoritas.

E engadiu cun ton de reclamo de feira e unha última reverencia:

–O noso compañeiro Maloyau, atarefado na cociña, presentaravos o personaxe de Arlequín e o voso servidor o do gran Pierrot.

Capítulo XIII

A festa estraña

En canto marcharon, o escolar saíu do seu agocho. Tiña os pés xeados, as articulacións tesas, pero descansara e o xeonllo parecía ir curando.

"Baixar a cear", pensou, "non vou deixar de ir. Serei simplemente un convidado ó que lle esqueceron o nome. Ademais, aquí non son un intruso. Parece non haber dúbida de que o señor Maloyau e o seu compañeiro me agardaban…"

Ó saír da escuridade da alcoba puido ver con bastante claridade o interior do cuarto alumeado polos farois verdes.

O faranduleiro "adornárao". Había unhas capas colgadas en perchas. Dispuxérase todo o necesario encol dunha pesada mesa de tocador, co mármore escachado, para transformar nun elegante señorito o rapaz que pasara a noite anterior nun cortello abandonado. Había uns mistos preto dun gran candelabro sobre a cheminea. Pero deixaran sen encera-lo parqué, e Meaulnes sentiu que rascaba area e cisco cos zapatos. Volveu te-la impresión de estar nunha casa abandonada dende había longo tempo… Ó ir cara á cheminea houbo bater cunha morea de cartóns e de caixas; estendeu o brazo para acende-la candea, levantou as tapas e inclinouse para mirar.

Eran traxes de mozos doutros tempos, levitas con altos colos de veludo, elegantes chalecos moi abertos, moreas de gravatas brancas e zapatos de charón de comezos de século. Non se atrevía a tocar nada nin coa punta do dedo, pero despois de limparse sacudíndose, colocou por riba da camisa de escolar unha das grandes capas e endereitoulle o colo que tiña dobrado, cambiou os seus zapatos de ferrador por uns finos escarpíns de charón e dispúxose a baixar sen sombreiro.

Chegou ata o final dunha escaleira de madeira, nun recuncho do patio escuro, sen atopar a ninguén. O alento xeado na noite veulle soprar na faciana e levantoulle un lado da capa.

Deu uns pasos e, grazas á feble claridade do ceo, puido percibir decontado como era o lugar. Estaba nun patio pequeno formado polos edificios das dependencias da mansión. Todo parecía vello e desvencellado. Os ocos das escaleiras estaban abertos, había tempo que arrancaran as portas; tampouco se cambiaran os vidros das ventás que parecían buratos negros nas paredes. E mesmo así, todas estas edificacións tiñan un aire misterioso de festa. Nos cuartos baixos, onde tamén debía haber farois acesos da parte dos campos, flotaba como un reflexo de cores. A terra estaba varrida e quitáranse os saramagos. Logo, afinando o oído, Meaulnes creu oír cantar alá abaixo, nos edificios onde o vento sacudía as pólas que daban nos ocos rosas, verdes e azuis das ventás; eran coma voces de nenos e de mociñas.

El estaba alí, metido na súa capa enorme, como un cazador espreitando medio inclinado, cando un rapaz estraño saíu do edificio próximo, que parecía estar deserto.

Tiña un sombreiro alto moi apertado que brillaba na noite coma se fose de prata, un traxe cun colo alto que lle chegaba ata o pelo, un chaleco moi aberto, un pantalón con presillas nas polainas… Este dandi, que podía ter quince anos, camiñaba na punta dos pés coma se estivese levantado polas presillas de elástico do seu pantalón, pero cunha rapidez tremenda. Ó pasar, saudou efusivamente a Meaulnes sen deterse, dun xeito automático, e desapareceu na escuridade cara ó edificio central, que podía ser unha granxa, un castelo ou unha abadía, era o da torre que vira o escolar nas primeiras horas da tarde.

Despois duns intres de dúbida o noso heroe botou a correr para chegar onda o curioso personaxe. Atravesaron unha especie de gran patio-xardín, pasaron entre macizos, arrodearon un viveiro cerrado por un valado, un pozo, e chegaron por fin á soleira do edificio central.

O dandi meteuse por unha pesada porta de madeira, redonda por riba e chatolada coma a dunha abadía, que estaba entreaberta. Meaulnes seguiuno e, ó da-los primeiros pasos

polo corredor, encontrouse rodeado de risas, cantos, chamadas e carreiras, pero non vía ninguén.

Ó final dese corredor pasaba outro transversal. Meaulnes dubidou se meterse ata o fondo ou abrir unha das portas polas que chegaba ruído de voces e, nisto, viu pasar polo fondo dúas rapazas perseguíndose. Botou a correr para velas e atrapalas sen meter barullo cos seus zapatiños. Un ruído de portas que se abren, dúas facianas de quince anos que a frescura da noite e a carreira puxeran rosadas, baixo uns grandes sombreiros con cintas, e todo desapareceu coma un lóstrego.

Durante uns intres dan voltas derredor para brincar; as súas amplas e lixeiras saias levántanse e ínflanse; vese a puntilla dos seus pantalóns, longos e graciosos; logo, despois desta brincadeira saltan xuntas para dentro do cuarto e pechan a porta.

Por un momento, Meaulnes queda abraiado e confuso no negro corredor. Teme que o descubran agora. Co seu andar dubidoso e desamañado poderían, sen dúbida, tomalo por un ladrón. Decide volver cara á saída, cando oe de novo un ruído de pasos e de voces de nenos, no fondo do corredor. Son rapaciños que se achegan falando.

–Estará pronto a cea? –pregúntalles Meaulnes con decisión.

–Ven canda nós –responde o máis grande–, levarémoste alí.

E con esta confianza e a necesidade de amizade que teñen os nenos na véspera dunha gran festa, collérono cada un por unha man. Probablemente son dous rapaces do campo. Puxéronlle-los seus traxes máis bonitos: pantalonciños curtos de media perna que deixan ve-las medias grosas de la nas galochas e unha casaca de veludo azul adornada cun nó de gravata branca.

–Coñécela? –pregunta un dos nenos.

–A min –di o máis pequeno de cabeza redonda e ollos inxenuos– díxome miña nai que levaba un vestido negro cunha gorgueira de encaixe que asemellaba un pierrot.

–De quen falades? –pregunta Meaulnes.

–Home, da moza que foi buscar Frantz…

Antes de que o rapaz puidese dicir algo, chegaron os tres á porta dunha sala grande onde ardía un lume bo. Había unhas táboas colocadas sobre cabaletes en forma de mesa que estaban cubertas de manteis brancos e xentes de todas as clases ceaban cerimoniosamente.

Capítulo XIV

A estraña festa (continuación)

Nunha gran sala de teito baixo había un banquete como os que se lles dá na aldea ós parentes que veñen de lonxe á véspera da voda. Os dous nenos soltaran as mans do escolar e metéronse no cuarto do lado no que se oían voces infantís e ruído de culleres batendo nos pratos. Meaulnes, con atrevemento e sen aquelarse, saltou por riba dun banco e atopouse sentado entre dúas vellas labregas. Púxose decontado a comer cunha fame de cans; e só ó cabo dun momento levantou a cabeza para olla-los convidados e escoitalos.

Ademais, alí falábase pouco. Esa xente parecía que case non se coñecía. Uns deberan de vir das extremas da aldea e outros de vilas afastadas. Espallados ó longo das mesas, había algúns vellos con patillas e outros completamente afeitados que poderían ter sido antigos mariñeiros. Preto deles ceaban outros vellos que os asemellaban: a mesma faciana curtida, os mesmos ollos vivos baixo as cellas enmarañadas, as mesmas gravatas estreitas como amallós dos zapatos… Mais, era doado distingui-los que nunca navegaran máis alá dos lindes do cantón; e se troupelearan e rularan máis de mil veces baixo as treboadas e ó vento, era para esa dura viaxe sen perigo que consiste en abri-lo rego ata o extremo da súa leira e virar de novo o arado… Víanse poucas mulleres; algunhas vellas labregas de caras redondas, engurradas como mazás, debaixo duns gorros encasquetados.

Non había nin un só destes convidados co que Meaulnes non se sentise a gusto e confiado. Máis tarde explicaba así esta impresión:

–Cando se comete algunha pesada falta imperdoable –dicía el–, pénsase ás veces, cheo de fonda amargura, "Malia a todo, no mundo hai xente que me perdoaría".

Un imaxina uns vellos, avós cheos de indulxencia, que están convencidos de antemán de que todo o que fas está ben. E os

convidados desta sala escolléranse de certo entre aquelas boas xentes. Os outros eran adolescentes e nenos…

Con todo, a carón de Meaulnes, charlaban as dúas anciás:

–Supoñendo que todo saia ben –dicía a máis vella cunha voz aguda e divertida que ela trataba en van de facer doce–, os noivos estarán mañá aquí denantes das tres.

–Cala! Vasme enfadar –respondeu a outra cun ton tranquilo.

Esa levaba unha carapucha de calceta.

–Conta! –repetiu a primeira sen aquelarse–. Unha hora e media de tren de Bourges a Vierzon e sete leguas de coche de Vierzon ata aquí…

A discusión continuou. Meaulnes non perdía unha palabra. Grazas a esta apracible disputa, a situación aclarábase un pouco. Frantz de Galais, o rapaz do castelo –que era estudante ou mariño, ou quizais aspirante de mariña, non se sabía…– fora a Bourges para buscar unha rapaza e casar. Cousa estraña, este rapaz, que debía ser moi novo e caprichoso, gobernaba na mansión ó seu antollo. Quixera que a casa na que ía entra-la súa noiva se parecese a un palacio en festa. E para celebra-la chegada da noiva, el mesmo convidara estes nenos e estes vellos honrados. Tales eran os puntos que a discusión entre as dúas mulleres precisaba. Deixaban todo o demais no misterio, e retomaban continuamente o asunto da volta dos noivos. Unha mantiña que sería na mañá do día vindeiro, a outra dicía que pola tarde.

–Pobre Moinelle!, segues tan tola –dicía a máis nova moi tranquila.

–E ti, miña pobre Adela, segues tan testana! Hai catro anos que non te vía, non cambiaches –respondeu a outra levantando os ombreiros, pero coa voz máis apracible.

E continuaban así teimando sen pinga de humor. Meaulnes interveu coa esperanza de saber máis:

–A noiva de Frantz é tan bonita como din?

Elas mirárono sorprendidas. Ninguén máis ca Frantz vira a noiva. Foi el, ó volver de Toulon, quen a atopara unha tarde, desolada nun deses xardíns de Bourges que se chaman *Les Marais*. O seu pai, un tecelán, botáraa da casa. Era moi bonita e Frantz decidira decontado casar con ela. Era unha estraña historia. Pero, seu pai, o señor de Galais, e a súa irmá Yvonne non lle consentiran sempre todo…!

Meaulnes ía facer outras preguntas con precaución, cando apareceu na porta unha parella encantadora: unha rapaza de dezaseis anos con xustillo de veludo e unha saia con grandes volantes e un personaxe noviño con traxe de colo alto e pantalón con presillas. Atravesaron a sala deseñando un baile en parella; outros seguíronos; e logo outros pasaron correndo dando berros, seguidos por un enorme pierrot esbrancuxado, cunhas mangas moi longas, adornado cun pucho negro e rindo coa boca desdentada. Corría con grandes e torpes zancadas, coma se a cada paso tivese que dar un salto, axitando as longas mangas baleiras. As rapazas tíñanlle un pouco de medo, os rapaces apertábanlle a man e el parecía divertir os nenos que o perseguían con berros agudos. Ó pasar, mirou a Meaulnes cos seus ollos vidrosos e o escolar deuse conta de que era o compañeiro do señor Maloyau, totalmente afeitado, o moinante que había pouco colgara os farois.

A cea rematara. Todos se levantaron.

Polos corredores organizábanse xoldas e foliadas. Nalgún lugar soaba unha música de minueto. Meaulnes, coa cabeza media tapada no colo da súa capa, como nunha gorgueira, sentíase outro personaxe. Tamén el, animado polo pracer, foi na persecución do gran pierrot a través dos corredores da mansión, como nos bastidores dun teatro onde a pantomima da escena se espallase por tódalas partes. Viuse así mesturado nunha multitude alegre e de costumes extravagantes ata a fin da noite. Ás veces abría unha porta e topábase nun cuarto no que se proxectaba a lanterna máxica. Uns nenos aplaudían con moito barullo… Outras veces, nun recanto do salón no que se bailaba,

trababa conversa con calquera dandi e informábase axiña sobre os traxes que ían levar os días vindeiros…

Un pouco angustiado ó fin por todo ese pracer que se lle ofrecía, temendo a cada minuto que a súa capa entreaberta deixase ó descuberto a súa camisa de escolar, foise meter por un momento na parte máis tranquila e máis escura da vivenda. Non se oía máis có ruído afogado dun piano.

Entrou nun cuarto silencioso que era un comedor alumado por unha lámpada colgada do teito. Alí tamén había festa, pero para os pequenos.

Uns sentados en pufs folleaban álbums abertos sobre os xeonllos; outros estaban anicados no chan diante dunha cadeira e poñían sobre o asento unha mostra de estampas, con gran seriedade; e aínda outros, ó pé do lume, non dicían nin facían nada máis ca escoitar ó lonxe, na inmensa vivenda, o rumor da festa.

Unha porta deste comedor estaba aberta de par en par. No cuarto veciño oíase toca-lo piano. Meaulnes meteu a cabeza con curiosidade. Era unha especie de saliña de visitas; unha muller ou unha moza de costas, cunha gran capa marrón sobre os ombreiros, tocaba docemente melodías de rondós e cantigas. No diván, moi pretiño, seis ou sete rapaciños e rapaciñas colocados como nunha estampa, tranquilos como son os nenos cando lles entra o sono, escoitaban. Só un deles, apoiándose nos puños, se levantaba de vez en cando, patinaba polo chan e ía ó comedor; un dos que acabara de olla-las estampas viña collerlle o seu sitio…

Despois desta festa na que todo era encantador, mais enfebrecido e de tolos, na que el mesmo perseguira com un tolo o gran pierrot, Meaulnes sentíase mergullado na felicidade máis calma do mundo.

Sen facer ruído, mentres a rapaza continuaba tocando, volveuse sentar no comedor e, abrindo un dos grosos libros vermellos espallados pola mesa, empezou a ler distraidamente. Case decontado, un dos pequenos que estaban no chan ache-

gouse, colgouse do seu brazo e saltoulle ós xeonllos para mirar o libro ó mesmo tempo ca el; doutro lado, outro fixo o mesmo. Foi un soño coma o seu vello soño. Puido imaxinar longo tempo que estaba na súa propia casa nun agradable serán, casado, e que este ser encantador e descoñecido que tocaba o piano preto del era a súa muller…

Capítulo XV

O encontro

Na mañá do día seguinte, Meaulnes foi un dos primeiros en erguerse. Tal como se lle aconsellara vestiu un simple traxe negro pasado de moda, unha chaqueta apertada na cintura con mangas de farol, un chaleco cruzado, un pantalón ensanchado na parte baixa escondendo os finos zapatos e unha chistera.

O patio aínda estaba deserto cando el baixou. Deu algúns pasos e sentiuse como transportado a un día de primavera. Foi, efectivamente, a mañá máis doce daquel inverno. Ía sol coma nos primeiros días de abril. A xeada derretíase e a herba mollada brillaba humedecida polo orballo. Nas árbores cantaban unha chea de paxaros e, de vez en cando, unha brisa morna dáballe na faciana ó paseante.

Fixo coma os invitados que espertaran denantes que o dono da casa. Saíu ó patio da mansión, pensando a cada intre que unha voz cordial e leda lle ía berrar detrás súa:

–Xa levantado, Augustin…?

Pero durante longo tempo paseou só polo patio e polo xardín. Alá abaixo, no edificio principal, nada se movía nin nas ventás nin na torre. En cambio, xa abriran as dúas follas da porta redonda de madeira. E un raio de sol dáballe nunha das ventás da parte alta, coma nas primeiras horas da mañá do verán.

Meaulnes miraba por primeira vez o interior da propiedade en pleno día. Os restos dun muro afastaban o xardín estragado do patio, onde botaran area e pasaran o angazo había pouco. Na parte final das dependencias que el habitaba había cortes, construídas nunha curiosa desorde que multiplicaba os recunchos cheos de matogueiras frondosas e de hedras silvestres. As fragas de abetos chegaban ata a mansión ocultándoa a toda a chaira, a non ser cara ó leste, onde se vían outeiros azuis cubertos de penedos e tamén con abetos.

Durante un momento, no xardín, Meaulnes inclinouse sobre unha tapia de madeira escangallada que rodeaba un alcouve; contra os bordos quedara un pouco de xeo fino e engurrado como escuma. Descubriuse a si mesmo reflectido na auga como inclinado sobre o ceo, co seu traxe de estudante romántico. E creu ver outro Meaulnes, non o escolar que fuxira nun carro da aldea, senón un ser encantador e novelesco dun fermoso libro de luxo…

Como tiña fame, apurouse para ir cara ó edificio principal. Na sala grande onde ceara a véspera, unha labrega poñía a mesa. En canto Meaulnes sentou diante dunha das cuncas colocadas sobre o mantel, botoulle o café e díxolle:

–É o primeiro en chegar, señor.

Non quixo contestar nada por temor a ser descuberto nese momento como un estraño. Preguntou só a que hora sairía o barco para o paseo matinal que anunciaran.

–Non antes dunha media hora, señor; aínda non baixou ninguén –foi a resposta.

Continuou, pois, buscando o lugar onde estaba o peirao, dando voltas arredor dunha gran casa señorial, que tiña alas desiguais coma unha igrexa. O da-la volta á do sur, viu de repente o canaval que enchía toda a paisaxe ata perderse de vista. A auga dos estanques viña molla-lo pé dos muros por este lado, e diante dalgunhas portas había balcóns pequeniños de madeira que paraban as ondas algareiras.

Durante un bo cacho, o paseante andou vagando pola beira areosa, unha especie de camiño para arrastrar as barcas. Ollou con moita curiosidade as grandes portas de vidros poeirentas que daban a cuartos escangallados ou abandonados, sobre rochos atestados de carretas enferruxadas e de testos rotos para flores cando, de súpeto, ó outro lado do edificio oíu renxer pasos na area.

Eran dúas mulleres, unha moi vella e encurvada, outra, unha moza loura esvelta, cun vestido precioso que, despois das máscaras da véspera, a Meaulnes, dende logo, lle pareceu extraordinario.

Detivéronse un momento para mira-la paisaxe mentres Meaulnes comentaba cun abraio que máis adiante lle pareceu moi groseiro:

–Velaí, sen dúbida, o que se di unha moza excéntrica, quizais sexa unha actriz convidada á festa.

Logo, as dúas mulleres pasaron preto del e Meaulnes, inmóbil, ollou a moza. Máis tarde, cando adormecía despois de tratar desesperadamente de recorda-la bonita faciana xa borrada, a miúdo vía pasar en soños ringleiras de mozas que imitaban aquela. Unha tiña un sombreiro igual ó dela, outra un ademán algo afectado, outra unha ollada tan pura como a súa, outra máis un van fino e outra tiña tamén uns ollos azuis; pero ningunha destas mulleres era nunca a fermosa rapaza.

Meaulnes tivo tempo de percibir, debaixo dunha espesa cabeleira loura, unha faciana de trazos pouco pronunciados, pero debuxados cunha finura case dolorosa. E, como ela xa pasara diante del, fixouse na súa vestimenta, que era certamente a máis sinxela e a máis adecuada das roupas…

Algo confuso, preguntouse se as debería acompañar e, nisto, a moza, virándose imperceptiblemente cara a el, díxolle á súa compañeira:

–Creo que o barco xa non ha tardar…

Meaulnes seguiunas. A señora maior, decrépita e tremente, non paraba de falar e de rir moi alegre. A rapaza respondíalle con dozura. E cando baixaron ó peirao continuou coa mesma ollada inocente e grave, que parecía dicir:

–Quen é vostede? Que fai aquí? Eu non o coñezo. E, así e todo, parece que nos coñecemos.

Outros convidados estaban agora agardando, espallados por entre as árbores. E tres barcos de recreo atracaban dispostos a recibir os paseantes. Os mozos saudaban efusivamente un a un e as mozas inclinábanse ó pasa-las dúas mulleres, que debían se-la dona do pazo e a súa filla. Estraña mañá! Estraño divertimento! Malia o sol invernizo ía frío e as mulleres levaban estolas de pluma, de moda naquela época, enroladas arredor do pescozo…

A dama máis vella quedou na beira e, sen saber como, Meaulnes atopouse no mesmo barco que a rapaza da mansión. Colocou os cóbados na varanda da ponte, agarrando cunha man o sombreiro empurrado polo forte vento, e podía ollar con comodidade a rapaza que estaba sentada ó abeiro. Ela tamén o miraba. Atendía as súas compañeiras, sorría, e logo poñía sobre el os seus ollos azuis mantendo un labio mordido.

Había un gran silencio nas ribeiras da contorna. O barco esvaraba cun ruído calmo de máquina e de auga. Poderíase crer que estaban no corazón do verán. Parecía que ían atracar nun bonito xardín dunha casa de campo, e a rapaza pasearía por alí baixo dun parasol branco. Ata a tardiña oiríanse xeme-las rulas… Pero, de súpeto, unha bafarada de vento xeado veulles lembrar ós convidados desta estraña festa que estaban no mes de decembro.

Atracaron diante dun bosque de abetos. No peirao os pasaxeiros tiveron que agardar uns intres, apertados uns contra os outros, a que un dos barqueiros abrise as cadeas da barreira… Con que emoción Meaulnes recordaba máis tarde ese minuto á beira da lagoa cando tivera tan preto o rostro da rapaza, perdido dende aquela! Mirara ese perfil tan puro, con tódalas olladas, ata que os seus ollos estiveron a punto de encherse de bágoas. E recordaba ter visto, como un delicado segredo que ela lle confiase, uns pos que lle quedaran na súa meixela…

En terra todo se desenvolveu coma nun soño. Mentres os nenos corrían dando berros de ledicia, formábanse grupos que se espallaban polo medio do bosque, Meaulnes adiantouse por unha avenida, pola que ía a rapaza dez pasos diante del. Atopouse preto dela sen ter tempo de reflexionar:

–Sodes moi guapa! –dixo simplemente.

Pero ela apurou o paso e, sen responderlle, colleu unha avenida transversal. Outros paseantes corrían, xogaban a través das avenidas, cada un ó seu gusto, conducido só pola libre fantasía. Ben lamentou o rapaz o que el chamaba a súa parvada, a súa

grosería, a súa estupidez. Andaba ó leilán, convencido de que non volvería ver nunca máis esa criatura graciosa, cando de súbito se deu conta de que viña ó seu encontro. Forzada a pasar preto del polo estreito carreiro, tornaba coas mans sen guantes as dobras do seu bonito abrigo. Tiña zapatos negros moi abertos. Os nocellos eran tan finos que se dobraban por momentos e temíase que rompesen.

Esta vez o rapaz saudouna dicíndolle moi baixo:

–Quéreme perdoar?

–Está perdoado –dixo ela seria–. Pero teño que xuntarme cos nenos xa que hoxe son eles os amos. Adeus.

Augustin suplicoulle que quedase un pouco máis. Faláballe con torpeza, nun ton tan confuso, tan desacougado, que ela andou máis devagar e escoitouno.

–Eu nin sequera sei quen é –dixo por fin ela.

Pronunciaba cada palabra nun ton uniforme, acentuando da mesma maneira cada unha, pero dicindo a última con máis dozura…, logo volvía poñe-lo seu rostro inmóbil, mordendo algo a boca, e os seus ollos azuis fitaban ó lonxe.

–Tampouco eu sei o seu nome –respondeu Meaulnes.

Nese momento, ían por un camiño aberto e a certa distancia víase como os convidados se apertaban arredor dunha casa illada no medio do campo.

–Velaí a "casa de Frantz" –dixo a rapaza–, téñovos que deixar…

Dubidou, mirouno un momento sorrindo e díxolle:

–O meu nome…? Son a señorita Yvonne de Galais…

E fuxiu.

A "casa de Frantz" estaba entón deshabitada, pero Meaulnes atopouna acugulada ata os faiados coa multitude de convidados. Case non tivo tempo para examinar con tranquilidade o sitio onde estaba: comeron á présa un xantar frío que trouxeran nos barcos; o que non era o máis axeitado para o inverno, pero os nenos decidírano, seguramente, así, e volveron marchar. Me-

aulnes achegouse á señorita de Galais en canto a viu saír e respondeu ó que ela lle dixera había un pouco:

–O nome que eu vos puxen era máis bonito –dixo el.

–Como? Que nome era? –dixo ela, sempre coa mesma seriedade.

Pero temeu dicir unha parvada e non respondeu nada.

–O meu nome é Augustin Meaulnes –seguiu a dicir el– e son estudante.

–Ah, estuda? –dixo ela–. E falaron aínda un anaco. Falaban devagar, felices, con amizade. Logo, a actitude da rapaza cambiou. Agora, menos altiva e menos seria, parecía máis inquieta. Diríase que temía o que Meaulnes ía dicir e asustábase antes. Estaba preto del tremente como unha andoriña que se pousa un momento na terra e que abanea co desexo de emprende-lo voo.

–Para que, realmente? Para que? –respondía ela moi doce ós proxectos que facía Meaulnes.

Pero cando, por fin, el se atreveu a pedirlle permiso para volver un día a esta fermosa mansión:

–Agardareivos –respondeu ela, simplemente.

Chegaron a un lugar dende onde se vía o peirao. De súpeto, ela detívose e dixo de forma reflexiva:

–Somos dous nenos; fixemos unha tolería. É preciso que esta vez non subamos no mesmo barco. Adeus, non me sigades.

Meaulnes ficou uns intres confuso, mirándoa marchar. E, cando se perdía de novo entre a multitude dos convidados, a rapaza detívose e virouse cara a el dende lonxe, ollouno por primeira vez durante longo tempo. Era un último signo de adeus? Era para impedirlle que a acompañase? Ou quizais tiña aínda algo que lle dicir…?

En canto entraron na mansión empezou a carreira de ponis nunha campa en costa, detrás da granxa. Era a última parte da festa. Segundo tódalas previsións, os noivos deberían chegar a tempo para asistir e sería Frantz quen dirixiría todo.

Porén, houbo que empezar sen el. Os rapaces cos traxes de *jockeys* e as rapazas cos de amazonas, uns cantos levaban uns ponis lixeiros cheos de cintas e outros montaban cabalos moi vellos submisos. No medio de berros, risas infantís, apostas e prolongados toques de campá, un crería que estaba na herba verde e cortada dalgún campo de carreiras en miniatura.

Meaulnes recoñeceu a Daniel e as rapazas con sombreiros de plumas que oíra a véspera nunha alameda do bosque… O resto do espectáculo escapoulle de tan inquedo que estaba por atopar entre a multitude o vistoso sombreiro de rosas e o bonito abrigo marrón. Pero a señorita de Galais non apareceu. Aínda andaba a buscala, cando un ruído de patexadas e de berros de ledicia anunciaron o final das carreiras. A vitoria foi para unha rapaciña que montaba unha vella egua branca; pasaba triunfalmente sobre a súa montura flotando ó vento o penacho do sombreiro.

Logo, de repente, todo calou. Remataran os xogos e Frantz non estaba de volta. Dubidouse uns momentos e con desacougo tomouse unha decisión. Volveron por fin en grupos ós cuartos para agardar, na inquietude e en silencio, a volta dos noivos.

Capítulo XVI

Frantz de Galais

A carreira rematara demasiado cedo. Eran as catro e media e aínda había día cando Meaulnes se encontrou no seu cuarto, coa cabeza chea con acontecementos da súa extraordinaria xornada. Sentou diante da mesa, desfondado, agardando a cea e a festa que viría despois.

Volvía zoa-lo forte vento da tarde. Oíase como o balbordo dun torrente ou pasando cun asubío por un cadoiro. A trapela da cheminea batía de vez en cando.

Por primeira vez, Meaulnes sentiu esa angustia lixeira que nos asolaga despois de ter vivencias moi fermosas. Pensou por un momento en acende-lo lume, pero non deu levantado a tapa enferruxada da cheminea. Entón púxose a ordena-lo cuarto; colgou os traxes elegantes nas perchas e colocou as cadeiras desordenadas contra as paredes, coma se quixese preparar todo para unha longa estadía.

Porén, cavilando que debía manterse sempre disposto a marchar, dobrou con coidado sobre o respaldo dunha cadeira a súa chambra e o resto das roupas de escolar coma se fose un traxe de viaxe e puxo debaixo da cadeira os zapatos ferrados, aínda cheos de terra.

Logo volveu sentar e mirou ó seu arredor, máis tranquilo, o cuarto que puxera en orde.

De vez en cando unha pinga de chuvia viña raia-lo vidro que daba ó patio dos coches e ó bosque de abetos. Calmado, despois de arranxa-la estancia, o rapazote sentiuse completamente feliz. Estaba alí, misterioso e estraño, no medio daquel mundo descoñecido, no cuarto que elixira. O que lle sucedera superaba tódalas súas esperanzas. E agora, para a súa ledicia, abondaba con lembrar aquel rostro da rapaza, volvendo cara a el en medio do forte vento…

Mentres soñaba, caera a noite sen que pensase sequera en acende-las candeas. Un golpe de vento bateu a porta do cuarto traseiro que comunicaba co seu; a ventá daba tamén ó patio de coches. Meaulnes ía pechala cando viu un resplandor naquel cuarto, como o dunha candea acesa sobre unha mesa. Meteu a cabeza pola porta entreaberta. Alguén entrara alí, quizais, pola ventá e paseaba dun lado a outro con pasos silenciosos. Polo que se podía ver era un mociño. Coa cabeza descuberta e unha capa de viaxe no lombo, non paraba de andar, como acorado por unha dor insoportable. O vento da ventá que deixara toda aberta facía flota-la súa capa e, cada vez que pasaba preto da luz, víase brilla-los botóns dourados da súa elegante levita.

Asubiaba algo entre dentes, unha especie de melodía mariña, como cantan os mariñeiros e as mozas para alegra-lo corazón nos cabarés dos portos…

Por un momento, no medio do axitado paseo, parou e inclinouse sobre a mesa, buscou nunha caixa e sacou dela varias follas de papel… Meaulnes, coa claridade da candea, viu de perfil unha faciana fina sen bigote, moi aquilina, baixo unha mesta cabeleira dividida por unha raia ó lado. Parara de asubiar. Moi pálido e cos beizos entreabertos, parecía que acoraba, como se recibise un golpe violento no corazón.

Meaulnes dubidaba se, por discreción, debería marchar ou achegarse como a un amigo e poñerlle con suavidade a man no lombo e falarlle. Pero o outro ergueu a cabeza e viuno. Ollouno uns intres, logo, sen se asombrar, achegóuselle e dixo con voz firme:

–Non sei quen é, señor, pero alégrome de velo. Xa que está aquí, será a vostede a quen lle explique… Velaquí…!

Parecía completamente desamparado. Cando dixo: "Velaquí", colleu a Meaulnes pola lapela da chaqueta, como para que fixase a súa atención. Despois volveu a cabeza cara á ventá, como para reflexionar sobre o que ía dicir, chiscou os ollos e Meaulnes comprendeu que tiña moitas ganas de chorar.

Enguliu dun golpe toda aquela angustia de neno, logo, fitando sempre a ventá, continuou cunha voz alterada:

–Ben, verá, isto acabou, a festa rematou. Pode baixar e dicírllelo. Volvín só. A miña noiva non virá. Por escrúpulo, por temor, por falta de fe…, ademais, señor, voulle explicar…

Pero non puido continuar; engurróuselle toda a cara. Non explicou nada. Virándose de repente, foise á escuridade abrir e pechar caixóns cheos de roupas e de libros.

–Voume apurar para marchar –dixo–. Que non se me moleste.

Colocou varios obxectos encol da mesa, un neceser de aseo, unha pistola…

E Meaulnes, cheo de pena, saíu sen se atrever a dicirlle palabra nin a apertarlle a man.

Abaixo, xa todo o mundo parecía presentir algo. Case tódalas rapazas cambiaran de vestido. No edificio principal empezara a cea, pero apresuradamente, en desorde, como no momento dunha saída.

Había un continuo ir e vir dende esta cociña-comedor ós cuartos de arriba e ás cortes. Os que xa remataran formaban grupos e despedíanse.

–Que pasa? –preguntoulle Meaulnes a un labrego que bulía para termina-la súa cea, co sombreiro de feltro na cabeza e o pano colocado no chaleco.

–Marchamos –respondeu. Decidiuse de repente. Ás cinco, estabamos tódolos convidados xuntos e sós. Agardamos ata o último momento. Os noivos xa non podían vir. Alguén dixo "E se marchásemos…". E todos se prepararon para marchar.

Meaulnes non contestou. Éralle o mesmo irse agora. Non chegara ó final da súa aventura…? Non acadara esta vez todo o que quixera? Case non tivera tempo de revivir con tranquilidade na súa memoria a fermosa conversa da mañá. Neste momento había que marchar. Volvería máis tarde, esa vez sen disfrace.

–Se quere vir con nós –continuou o outro, que era un rapaz do seu tempo–, prepárese axiña. Enganchamos nun momento.

Marchou ó galope deixando alí a cea empezada e esquecendo dicirlles ós convidados o que sabía. O parque, o xardín e o patio estaban afundidos nunha fonda escuridade. Aquela noite non había farois nas ventás. Pero como, despois de todo, aquela cea parecía a última comida dun final de vodas, os convidados menos educados, quizais bebidos, puxéronse a cantar. A medida que se afastaba, Meaulnes oía subi-los seus cantos de taberna nese parque que durante dous días estivera cheo de ilusión e de marabillas. Era o comezo do desconcerto e da devastación. Pasou preto do viveiro de peixes que aínda mirara pola mañá. Que cambiado parecía todo…! Con esa canción, cantada a coro, que chegaba a cachos:

De onde vés, lagarteira?
coa capucha rachada
e tan despeiteada…

e aínda estoutra:

Os meus zapatos son vermellos…
Adeus, amoriños meus…
Os meus zapatos son vermellos…
Adeus para sempre, adeus!

Cando chegaba ó pé da escaleira da súa illada residencia, alguén que baixaba de alí tropezou con el na sombra e díxolle:

–Adeus, señor! –e, envolvéndose na capa, coma se fixese moito frío, desapareceu. Era Frantz de Galais.

A candea que Frantz deixara no seu cuarto aínda ardía. Non se descolocara nada. Só nunha folla de papel de cartas, colocado ben á vista, había escritas estas palabras:

A miña moza desapareceu, mandándome recado de que ela non podía se-la miña muller; que era unha costureira e non

unha princesa. Non sei que pasará. Eu voume. Non teño desexos de vivir. Que Yvonne me perdoe se non lle digo adeus, pero non podería facer nada por min…

Era o final da candea, a chama vacilou, arrastrouse un intre e apagouse. Meaulnes volveu entrar no seu cuarto e pechou a porta. A pesar da escuridade, recoñeceu cada unha das cousas que colocara de día, cheo de felicidade, poucas horas antes. Peza por peza, foi atopando fielmente toda a súa vella e miserenta roupa, dende os seus zapatóns ata o rudo cinto con fibela de cobre. Espiuse e volveuse vestir apurado, e distraidamente colocou enriba dunha cadeira as roupas emprestadas, cambiando sen darse conta o chaleco.

Baixo das ventás, no patio de coches, empezou a sentirse barullo. Turraban uns por outros, chamaban, empurraban, todos querían libra-lo seu coche do envurullo no que estaba atrapado. De vez en cando, un home saltaba sobre o asento dunha carreta, sobre a baca dun carriño e facía xirar o seu farol, e a súa luzada viña bater na ventá. Por un momento, o cuarto agora familiar, onde tódalas cousas foran para el tan amigables, vibraba, revivía… E así foi como deixou, pechando coidadosamente a porta, ese misterioso lugar que, sen dúbida, nunca máis volvería ver.

Capítulo XVII

A estraña festa (fin)

Xa pola noite, unha ringleira de coches saía devagar cara á porta de reixa do bosque. Na cabeza, un home vestido cunha pel de cabra e un farol na man conducía polas rendas o cabalo do primeiro coche.

Meaulnes tiña présa por encontrar alguén que se encargase de levalo. Tiña présa por marchar. No fondo do corazón temía atoparse de repente só na mansión e que se descubrise o encantamento.

Cando chegou diante do edificio principal os condutores equilibraban a carga dos últimos coches. Facíase levantar a tódolos viaxeiros para achegar ou arreda-los asentos, e as rapazas envoltas en mantelos erguíanse con dificultade, os cobertores caíanlles ós pés e, por onde estaban os farois víanselle-las facianas inquedas das que baixaban a cabeza.

Nun destes condutores Meaulnes recoñeceu o aldeán que había un pouco se ofrecera a levalo:

–Podo subir? –berroulle.

–Onde vas, rapaz? –respondeu o outro que xa non o recoñecía.

–Ao lado de Sainte-Agathe.

–Entón tes que pedirlle un sitio a Maritain.

E velaquí ó admirado escolar buscando entre os viaxeiros atrasados ese descoñecido Maritain. Indicáronlle que estaba cos bebedores que cantaban na cociña.

–É un trouleiro –dixéronlle–. Aínda estará alí ás tres da mañá.

Meaulnes pensou un momento na rapaza inquieta, enfebrecida e apesarada, que estaría na mansión, oíndo cantar ata a metade da noite aqueles labregos bébedos. En que cuarto estaría? Cal era a súa ventá entre os edificios misteriosos? Pero de nada lle serviría ó escolar demorarse, había que marchar. Cando

estivese de volta en Sainte-Agathe todo se vería máis claro; xa non sería un escolar fuxido; podería volver pensar na rapaza da mansión.

Un a un os coches fóronse indo; as rodas rinchaban sobre a area da grande avenida. E, na noite, víase como pasaban e desaparecían cargados de mulleres arroupadas, de nenos con mantóns, que xa adormecían. Aínda pasou un coche elegante e un carro con bancos nos que ían mulleres apertadas, lombo contra lombo, deixando a Meaulnes confuso na soleira da vivenda. Axiña non quedaría máis ca unha vella berlina que conducía un labrego en camisa.

–Pode subir –respondeu el ás explicacións de Augustin–, nós imos nesa dirección.

Meaulnes abriu con dificultade a portiña do vello cochazo, o cristal tremeu e os gonzos renxeron. Nun recuncho do coche, riba do banco, durmían dous rapaciños, un neno e unha nena. Espertaron co ruído e co frío, estricáronse, miraron vagamente, logo tremelicando afundíronse no seu curruncho e volveron durmir…

Xa marchaba o coche vello. Meaulnes volveu pechar con máis suavidade a portiña e situouse con coidado no outro recuncho; logo, esforzouse con ansia por distinguir a través do cristal os lugares que deixara e a estrada por onde viñera. Malia ser noite, adiviñou que o coche atravesaba o patio e o xardín, pasaba diante da escaleira do seu cuarto, cruzaba a reixa e saía da mansión para entrar no bosque. Malamente se podían distingui-los toros dos vellos abetos que pasaban a través da ventá.

"Quizais encontremos a Frantz de Galais", pensaba Meaulnes co corazón palpitante.

No estreito camiño, o coche botouse bruscamente a un lado para non bater cun obstáculo. Polo que se podía adiviñar na noite e pola forma maciza que tiña era unha caravana parada case no medio da vía, que debera quedar alí, na proximidade da festa, durante estes últimos días.

Pasado o obstáculo, os cabalos volveron marchar ó galope. Meaulnes empezou a cansarse de mirar pola ventá, esforzán-

dose en van por atravesa-la escuridade do lugar, cando de repente, na profundidade do bosque, viuse unha luzada seguida dun estalo. Os cabalos saíron ó galope e Meaulnes nun primeiro momento non soubo se o cocheiro da camisa se esforzaba por retelos ou, pola contra, os animaba a fuxir. Quixo abri-la portiña. Como o tarabelo estaba por fóra, tratou en van de baixa-lo vidro, sacudiuna… Os nenos, espertados co medo, apertábanse un contra o outro sen diciren cousa. E mentres que el sacudía a ventá, coa cara pegada no cristal, enxergou, grazas á volta que facía o camiño, unha forma branca que corría. Era o alto pierrot da festa, o faranduleiro con disfrace de máscara, que levaba nos brazos espavorecido e entolecido un corpo humano apertado contra o peito. Despois todo desapareceu.

No coche que fuxía a galope tendido a través da noite, os dous nenos volveran durmir. Non había ninguén con quen falar dos sucesos misteriosos daqueles dous días. Despois de repasar moito tempo na súa mente todo o que vira e oíra, cheo de cansazo e de tristeza, o rapaz abandonouse tamén ó sono, coma un neno triste…

Aínda non era día cando o coche parou na estrada, Meaulnes espertou porque alguén petaba no vidro. O condutor abriu con dificultade a portiña e berrou, mentres o vento frío da noite deixaba xeado o escolar ata os ósos:

–Ten que baixar aquí. Está amencendo. Nós imos colle-lo atallo. Está moi preto de Sainte-Agathe.

Medio encollido, Meaulnes obedeceu, buscou vagamente cun xesto inconsciente a súa gorra, que rulara debaixo dos pés dos dous nenos durmidos, no recuncho máis sombrío do coche, e logo saíu anicándose.

–Ala, adeus! –dixo o home subindo ó asento–. Non ten máis que seis quilómetros para andar. Dea a volta, o marco está alí á beira do camiño.

Meaulnes, que aínda non estaba esperto de todo, andou cara adiante encurvado, con paso lento ata o marco e alí sentou,

cos brazos cruzados, a cabeza pendurada como para volver durmir.

–Ah, non! –berroulle o cocheiro–. Non debe durmir aquí. Vai moito frío. Veña, de pé!, ande un pouco…

Vacilante coma un borracho, o gran rapaz, coas mans nos petos, os ombreiros caídos, foi indo amodo polo camiño de Sainte-Agathe, mentres a vella berlina, derradeiro vestixio da marabillosa festa, deixaba a grava da estrada e se afastaba, dando tombos en silencio, sobre a herba do atallo. Non se vía máis có sombreiro do condutor, bailando por riba dos valados.

SEGUNDA PARTE

Capítulo I

O gran xogo

O forte vento e o frío, a chuvia ou a neve, a imposibilidade en que nos atopabamos de levar as delongadas investigacións ata a fin, impedíronnos a Meaulnes e a min volver falar do país perdido denantes da fin do inverno. Non podiamos comezar nada en serio naqueles curtos días de febreiro, naqueles xoves sucados de borrascas que polo regular acababan contra as cinco da tarde nunha desagradable chuvia xeada.

Nada nos recordaba a aventura de Meaulnes a non se-lo estraño feito de que dende a tarde en que volveu xa non tiñamos amigos. Nos recreos organizábanse os mesmos xogos que antes, pero Jasmin non lle falaba nunca ó gran Meaulnes. Nos seráns, tan pronto como a clase estaba varrida, o patio baleirábase como cando eu estaba só, e miraba como o meu compañeiro andaba ó leilán, do xardín ó pendello e do patio ó comedor.

Os xoves á mañá, os dous, instalados nun pupitre dunha das dúas aulas, liamos a Rousseau e a Paul-Louis Courier, que descubriramos nos armarios entre métodos de inglés e cadernos de música copiados con finura. Pola tarde, unha visita facíanos fuxir da casa e volviamos á escola… Por veces oïamos grupos de alumnos maiores que se paraban un momento, como por azar, diante do portal, golpeábano xogando a incomprensibles xogos militares e logo íanse de alí… Esa triste vida continuou ata finais de febreiro. Eu empecei a crer que Meaulnes se esquecera de todo, cando unha aventura máis estraña que as outras me veu demostrar que me equivocara e que se preparaba unha violenta crise baixo a superficie angustiosa daquela vida do inverno.

Foi xustamente o xoves ó serán, contra fin de mes, cando a primeira noticia da estraña mansión, a primeira parte daquela aventura da que non volveramos falar, chegou ata nós. Estaba-

mos en pleno serán. Os meus avós xa marcharan, só quedaban con nós Millie e meu pai, que non sospeitaban absolutamente nada do secreto enfado polo que toda a clase estaba dividida en dous bandos.

Ás oito, Millie, que abrira a porta para botar fóra as migallas da comida, dixo:

–Ah! –cunha voz tan clara que nos achegamos para mirar.

Sobre a soleira había unha capa de neve… Como estaba moi escuro, fun ó patio para ver se a capa era fonda. Sentín as folerpas lixeiras que me esvaraban pola cara e decontado se desfacían, o que me fixo entrar axiña e Millie pechou a porta tremelicando.

Ás nove, dispoñiámonos a subir ó sobrado para deitarnos; miña nai deixara a lámpada a man, cando oímos moi claramente dous golpes fortes, moi apurados, no portal, ó outro lado do patio. Ela volveu coloca-la lámpada encol da mesa e nós quedamos todos de pé, escoitando coa orella ben colocada.

Nin había que pensar en ir ve-lo que pasaba. Só antes de ter atravesado a metade do patio, a lámpada estaría apagada e o cristal roto. Houbo un silencio curto e meu pai empezou a dicir que "sen dúbida era…", cando, xustamente debaixo da ventá do comedor, que como xa dixen daba á estrada da estación, oíuse un asubío agudo e moi longo, que se debeu espallar ata a rúa da igrexa. E inmediatamente estalaron uns berros penetrantes detrás da ventá, algo minguados polos vidros das ventás, lanzados por alguén que debeu de subir ó peitoril exterior gabeando pola parede:

–Traédeo! Traédeo!

Da outra banda do edificio, responderon os mesmos berros. Aqueles deberon pasar polo campo do tío Martin e subir polo muro baixo que separaba o campo do noso patio.

Logo, berregados dende todas partes por oito ou dez descoñecidos con voces desfiguradas, estalaron arreo gritos de "Traédeo!" Sobre o tellado do secadoiro onde deberon agatuñar por unha morea de cachotes pegada ó muro exterior; por un muriño que xuntaba o pendello co portón que tiña un saínte

redondo que permitía montar comodamente a cabalo… En fin, por detrás, chegou ó xardín unha tropa retardada, que fixo a mesma zarabanda, berrando desta vez:

–Ó ataque!

E oïámo-lo eco dos seus berros resoar nas aulas baleiras, onde abriran as ventás.

Nós, Meaulnes e mais eu, coñeciamos tan ben os recunchos e os corredores da enorme edificación, que viamos moi claro, como sobre un plano, tódolos puntos nos que eses descoñecidos estaban a atacar.

A dicir verdade, só nun primeiro momento tivemos medo. O asubío fíxonos pensar ós catro nun ataque de delincuentes e de vagabundos. Precisamente, dende había quince días acampaban na praza, detrás da igrexa, un faranduleiro alto e un rapaz coa cabeza cuberta de vendas. Había tamén, nas casas dos carreteiros e dos ferreiros, uns obreiros que non eran do país.

Pero en canto oímos berrar os asaltantes, convencémonos de que era un asunto de xente da vila, e probablemente de rapaces. Entre a tropa que se botaba ó asalto da nosa vivenda como á abordaxe dunha nave, había, certamente, tamén rapazolos; recoñecíanse polas súas voces grileiras.

–Ah, o que faltaba…! –exclamou meu pai.

E Millie preguntou a media voz:

–Pero, que significa isto?

Cando de repente as voces do portal e do muro enreixado –logo as da ventá– pararon, por tras da vidreira saíron dous asubíos dun chifre. Os berros da xente empoleirada no celeiro, así como os dos asaltantes do xardín, esmoreceron pouco a pouco e logo desapareceron. Oímos ó longo do muro do comedor o paso de toda a tropa que se retiraba á présa amortecendo na neve o ruído dos pasos.

Evidentemente alguén os detivera. A esas horas en que todos durmían pensaban asaltar tranquilamente esta casa illada á saída da vila. Pero velaquí que lles amolaron o seu plan de campaña.

Case non tiveramos tempo de repoñernos –pois o ataque fora repentino como unha abordaxe ben organizada– e dispoñiámonos a saír, cando oímos unha voz coñecida que chamaba na reixa:

–Señor Seurel! Señor Seurel!

Era o señor Pasquier, o carniceiro. O corpulento homiño rascou os zocos na soleira, sacudiu a camisa curta salferida pola neve e entrou. Dábase un aire retranqueiro e asustado de alguén que descubrira todo o segredo dun asunto misterioso:

–Estaba no meu patio, que dá á praza de Quatre-Routes. Ía pecha-lo cortello dos cabuxos, e, de súpeto, endereitados na neve, que vexo? Dous rapazolos que parecían facer garda ou axexar algo. Estaban no lado da cruz. Adiántome, dou dous pasos e, zas! Velaí van a todo correr para a súa casa. Ah!, non dubidei, collín o meu farol e dixen: Voulle contar isto ó señor Seurel…

E, veña, dálle outra vez, a recomezar a súa historia:

–Estaba no patio detrás da miña casa… –Ofrecémoslle, entón, unha copa e aceptou, e pedímoslle detalles que foi incapaz de dar.

Non vira nada ó chegar á casa. Tódalas tropas alertadas polas dúas sentinelas que el espantara desapareceran decontado. En canto a dicir quen podían ser eses emisarios…

–Ben poderían ser bohemios –adiantou el–. Vai xa para un mes que están na praza, agardando o bo tempo para representar unha comedia, e non pararán ata organizar algunha falcatruada.

Todo isto non nos aclaraba nada e seguiamos de pé, demasiado desconcertados, mentres o home sorbía o licor e de novo arranxaba a súa historia, cando Meaulnes, que ata alí escoitara moi atentamente, colleu do chan o farol do carniceiro e dixo decidido:

–Hai que ir ver!

Abriu a porta e nós seguímolo, o señor Seurel, o señor Pasquier e mais eu.

Millie, tranquilizada porque os asaltantes marcharan e pouco curiosa de natureza, como tódalas persoas ordenadas e meticulosas, declarou:

–Ide, se queredes. Pero pechade a porta e levade a chave. Eu voume deitar. Deixarei a lámpada acesa.

Capítulo II

Caemos nunha emboscada

Andamos sobre a neve nun silencio absoluto. Meaulnes ía diante, proxectando a luzada do farol de reixas en forma de abano… Apenas saïamos do portón cando por tras da báscula municipal, que estaba pegada ó muro do noso alpendre, saíron dun golpe, como perdigotos sorprendidos, dous individuos encapuchados. Fose burla, fose risa provocada polo estraño xogo que facían alí, fose excitación nerviosa e medo a ser atrapados, mentres corrían dixeron dúas ou tres palabras entrecortadas pola risa.

Meaulnes deixou cae-lo seu farol na neve, berrándome:

–Sígueme, François…!

E deixando alí os dous homes maiores incapaces de facer unha carreira semellante, puxémonos a persegui-las dúas sombras que, despois de arrodear un momento a parte baixa da aldea, seguindo o camiño da Vieille-Planche, volveron subir deliberadamente cara á igrexa. Corrían regularmente sen demasiada présa e custábanos pouco seguilos. Atravesaron a rúa da igrexa onde todo estaba durmido e silencioso e metéronse por detrás do cemiterio nun labirinto de canellas e de camiños sen saída.

Era un barrio de xornaleiros, costureiras e teceláns, que se chamaba Petits-Coins. Nós coñeciámolo bastante mal e nunca foramos alí pola noite. De día, aquilo estaba deserto: os xornaleiros ausentes, os teceláns na casa; e durante esta noite de fondo silencio parecía máis abandonado, máis durmido aínda cós outros barrios da vila. Non tiñamos, pois, ningunha posibilidade de que aparecese alguén e nos prestase axuda.

Eu soamente coñecía un camiño entre estas casas postas ó azar como caixas de cartón, o que levaba á casa da costureira que se chamaba a Muda. Baixábase primeiro unha costa bastante pina, empedrada de treito en treito, logo, despois de da-la volta

dúas ou tres veces entre os patios pequenos dos teceláns ou das cortes baleiras, chegábase a un canellón longo sen saída, rematado na eira dunha granxa abandonada dende había tempo. Na casa da Muda, mentres ela iniciaba unha conversa silenciosa con miña nai movendo os dedos, cortada só polos gruñidos da mudez, eu podía ver polos vidros o muro alto da granxa, que estaba detrás da casa, desta parte do barrio, e a cancela da eira seca sempre pechada, sen palla, onde xa nunca pasaba nada…

Foi exactamente ese camiño o que seguiron os dous descoñecidos. En cada recanto temiamos perdelos pero, ante a miña sorpresa, sempre chegabamos á volta da canella seguinte antes de que eles a deixasen. Digo ante a miña sorpresa, porque aquilo non sería posible, dado que as canellas eran tan curtas, se eles non diminuísen o paso da carreira cada vez que nós os perdiamos de vista.

Por fin, sen dubidar, metéronse pola rúa que levaba á casa da Muda e eu berreille a Meaulnes:

–Xa os temos, non hai saída!

A dicir verdade, eran eles os que nos tiñan a nós… Levárannos alí onde eles querían. Ó chegar ó muro volvéronse cara a nós moi decididos e un deles lanzou o mesmo asubío, que escoitaramos xa por dúas veces aquela noite.

Decontado, unha ducia de rapazolos saíron pola eira da granxa abandonada, onde parecía que estiveran apostados agardándonos. Estaban todos encapuchados coa faciana metida nas bufandas…

Quen eran sabiámolo por adiantado, pero estabamos moi decididos a non dicirlle nada diso ó señor Seurel, que non tiña nada que ver cos nosos asuntos. Eran Delouche, Denis, Giraudat e tódolos outros. Na pelexa, recoñecémolos polo xeito de pegar e polas voces entrecortadas. Pero quedaba un punto inquietante e case parecía asustar a Meaulnes: había alguén alí que nós non coñeciamos e que aparentaba se-lo xefe.

Non tocaba a Meaulnes. Miraba actuar os seus soldados que tiñan abondo que facer e que, arrastrados na neve, esban-

dallados de arriba abaixo, fustrigábanse contra o forte rapaz que estaba acorado. Dous deles ocupábanse de min, deulles traballo inmobilizarme porque eu me defendía coma un demo. Estaba no chan, cos xeonllos dobrados, sentado nos talóns; tíñanme xuntos os brazos por detrás e ollaba a escena cunha fonda curiosidade mesturada de espanto.

Meaulnes desfixérase de catro rapaces da clase, desabotoándolle-la camisa ó virarse con forza sobre si mesmo e guindándoos con toda a súa forza na neve… Moi ergueito sobre as pernas, o descoñecido personaxe seguía con interese, pero moi tranquilo, a batalla, repetindo de vez en cando cunha voz clara:

–Vamos… Valor… Volvede alí… *Go on, my boys*…

Evidentemente era el quen mandaba… De onde viña? Onde e como os adestrara para a pelexa. Velaquí un misterio para nós. Tiña, coma os outros, a cabeza envolta nunha bufanda, pero cando Meaulnes, libre dos seus atacantes, foi cara a el ameazante, fixo un movemento para ver claro e facerlle fronte á situación e descubriu que tiña envolta a cabeza nun cacho de lenzo branco, como unha vendaxe.

Foi naquel momento cando eu lle berrei a Meaulnes:

–Coidado por atrás! Hai outro aí!

Non tivo tempo de virarse pois, da cancela que tiña por detrás das costas, xurdiu un gran demo e tirouno cara atrás, poñéndolle con habilidade a bufanda arredor do pescozo. Decontado, os catro adversarios de Meaulnes que bateran co nariz na neve volvían á carga tentando inmobilizalo de pernas e brazos, atábanlle os brazos cunha corda e as pernas cunha bufanda, e o rapaz de cabeza vendada cacheáballe os petos… O último que chegara, o tipo do lazo, acendeu un chisqueiro que protexía coa man e, cada vez que descubría un papel novo, o xefe achegábase ó cabo da candea para examina-lo que contiña. Finalmente despregou aquela especie de mapa cuberto de inscricións no que Meaulnes traballaba dende a súa volta e exclamou alegremente:

–Esta vez conseguímolo. Velaquí o plano! Velaquí a guía! Imos ver se este señor foi onde eu imaxino…

O seu acólito apagou a candea. Cada un recolleu o seu gorro e o seu cinto. E todos desapareceron en silencio como viñeran, deixándome libre para desatar á présa o meu compañeiro.

–Non irá moi lonxe con ese plano –dixo Meaulnes erguéndose.

E botamos a andar amodo, pois el coxeaba un pouco. No camiño da igrexa atopamos o señor Seurel e o tío Pasquier:

–Non vistes nada? –dixeron–. Nós tampouco!

Grazas á noite escura non souberon nada. O carniceiro deixounos e o señor Seurel entrou axiña a deitarse.

Pero nó-los dous, alá arriba, no noso cuarto, coa luz da lámpada que Millie nos deixara, quedamos moito tempo remendando as camisas descosidas, discutindo en voz baixa sobre o que nos sucedera, coma dous compañeiros de armas pola noite, despois de perder unha batalla…

Capítulo III

O faranduleiro na escola

O espertar do día seguinte foi penoso. Ás oito e media, no momento en que o señor Seurel ía da-lo sinal de entrar, chegamos nós escangallados para formar nas filas. Como iamos atrasados metémonos por onde puidemos cóbado con cóbado –o gran Meaulnes era, acotío, o primeiro da longa fileira de alumnos–, cangados de libros, cadernos e portaplumas, que o señor Seurel inspeccionaba.

Quedei sorprendido da silenciosa présa que se deron para facernos sitio no medio da ringleira; e mentres o señor Seurel, atrasando algúns minutos a entrada na clase, inspeccionaba ó gran Meaulnes, eu saquei a cabeza con curiosidade mirando á dereita e á esquerda para ve-las caras dos nosos inimigos da véspera.

O primeiro que distinguín foi aquel mesmo no que eu non deixaba de pensar, pero o último a quen esperaba ver nese lugar. Estaba no sitio de costume de Meaulnes, o primeiro de todos, cun pé na escaleira de pedra, tiña un ombreiro e un extremo da carteira, que levaba ó lombo, arrimados no marco da porta. A súa cara fina, moi branca, algo picada de pencas, estaba ladeada e volta cara a nós cunha especie de curiosidade desprezativa e divertida. Tiña a cabeza e un lado da faciana vendados con lenzo branco. Recoñecín o xefe da banda, o faranduleiro novo que nos roubara a noite anterior.

Xa entrabamos na clase e cada un ía para o seu sitio. O novo alumno sentouse preto da columna, á esquerda do longo banco do que Meaulnes ocupaba o primeiro asento á dereita. Giraudat, Delouche e os outros tres do primeiro banco apertábanse uns contra outros para facerlle sitio, coma se todo estivese tramado de antemán…

Con frecuencia, no inverno había entre nós alumnos de paso, mariñeiros atrapados na canle polas xeadas, aprendices, viaxantes

inmobilizados pola neve. Estaban na clase dous días, un mes…, era raro que estivesen máis tempo. Obxectos de curiosidade durante a primeira hora, decontado nos esqueciamos deles e desaparecían entre a multitude dos alumnos permanentes.

Mais este non se había facer esquecer tan axiña. Aínda me lembro daquel ser singular e de tódolos tesouros estraños que levaba na carteira colgada do lombo. Primeiro foron os portaplumas "con vistas", que sacaba para escribi-lo ditado. Por un buratiño da punta do mango, pechando un ollo, víase aparecer borrosa e aumentada a basílica de Lourdes ou algún monumento descoñecido. El escolleu un e os outros axiña pasaron de man en man. Despois sacou un estoxo chinés cheo de compases e de instrumentos divertidos que percorreron o banco da esquerda, pasando en silencio, ás agachadas, de man en man, por baixo dos cadernos, para que o señor Seurel non puidese ver nada.

Pasaron tamén libros completamente novos, con títulos que xa eu lera ansioso detrás da cuberta dos libros raros da nosa biblioteca: *A chaira dos merlos*, *O con das gaivotas*, *O meu amigo Benoist*… Uns escolares, cunha man por riba dos xeonllos, folleaban estes exemplares que viñeran non se sabía de onde, dun roubo quizais, e coa outra man escribían o ditado. Outros daban voltas cos compases dentro dos caixóns dos pupitres. E outros, en canto o señor Seurel daba as costas e continuaba ditando mentres paseaba da mesa á ventá, pechaban un ollo e no outro pegaban a estampa verdosa e furada de Notre-Dame de París. O forasteiro, coa pluma na man e o fino perfil contra a columna gris, chiscaba os ollos, contento de todo este xogo furtivo que se organizaba arredor del.

Pouco a pouco, porén, toda a clase se intranquilizou: os obxectos, que "se ían pasando" con cautela, chegaban ás mans do gran Meaulnes un tras outro, quen sen míralos, desprezativamente, os pousaba preto del. Axiña se fixo unha morea, precisa e diversamente coloreada, coma ós pés da muller que representa a ciencia nas composicións alegóricas. O señor Seurel ía des-

cubrir, fatalmente, aquela mercadoría insólita e darse conta do manexo. Por outra parte, xa debía ter pensado facer unha enquisa sobre os feitos da noite, e a presenza do faranduleiro facilitoulle o labor…

En efecto, axiña se parou, sorprendido diante do gran Meaulnes.

–De quen é todo isto? –preguntou sinalando "todo isto" co canto do seu libro pechado entre o dedo índice.

–Eu non sei nada diso –respondeu Meaulnes nun ton brusco, sen ergue-la cabeza.

Pero o escolar descoñecido interveu:

–É meu –dixo.

E axiña engadiu, cun xesto claro e elegante de señorito ó que o vello profesor non se soubo resistir:

–Pero están á vosa disposición, señor, se quere miralos.

Entón, nalgúns segundos en silencio, como para non altera-lo novo estado de cousas que se creara, toda a clase se achegou curiosamente arredor do mestre que inclinaba a cabeza media calva, media crecha sobre aquel tesouro do novo personaxe pálido que daba as explicacións precisas cun aspecto tranquilo, de triunfo. En cambio, o gran Meaulnes, no seu asento, en silencio e completamente só, abrira o caderno de borrador e, poñendo cara de non, estaba absorbido nun problema difícil.

O "cuarto de hora" sorprendeunos en tales ocupacións. O ditado non acabara e na clase dominaba a desorde. Verdadeiramente o recreo duraba dende pola mañá.

Ás dez e media, pois, cando o patio sombrío e lamacento se encheu de alumnos, axiña un se daba conta de que un novo amo mandaba nos xogos.

De tódolos xogos novos que o faranduleiro introduciu no noso círculo dende aquela mañá, só recordo o máis cruel; era unha especie de torneo no que os escolares maiores eran os cabalos e levaban ó lombo os máis pequenos.

Repartidos en dous grupos que saían dos dous extremos do patio, enfrontábanse uns cos outros, tratando de tirar ó chan o

adversario coa forza do golpe, e os cabaleiros, usando as bufandas como lazos ou cos brazos estendidos coma lanzas, esforzábanse por desmontar os seus rivais. Hóuboos que esquivaron o choque e que, perdendo o equilibrio, foron parar na lama, co cabaleiro rolando debaixo da montura. Houbo escolares medios desmontados que os collía o cabalo polas pernas e que, outra vez avivados pola loita, volvían montar no lombo. O fraco cabaleiro coa cabeza vendada, montado sobre o forzudo Delage de membros desmesurados, o pelo roxo e orellas despegadas, animaba as dúas tropas rivais e dirixía maliciosamente o seu cabalo rindo ás cachizas.

Augustin, miraba de mal humor dende a soleira da clase como se organizaban estes xogos. E eu, indeciso, estaba preto del.

–É un vaina –dixo entre dentes, coas mans nos petos–. Vir aquí dende esta mañá era o único medio de non ser sospeitoso. E o señor Seurel caeu na trampa!

Quedou alí un bo cacho, coa cabeza rapada ó vento renegando contra aquel comediante que ía deixar escangallados a todos aqueles rapaces dos que el fora pouco tempo antes o capitán. E eu, que era un rapaz pacífico, non deixaba de darlle a razón.

Por todas partes, en tódolos currunchos, seguíase a pelexar en ausencia do mestre: os máis pequenos acabaran por montar uns riba dos outros; corrían e revolvíanse no chan mesmo denantes de recibi-lo golpe do contrario… Non quedou de pé no medio do patio máis ca un grupo acendido e arremuiñado de onde xurdía por veces a vendaxe branca do novo xefe.

Entón o gran Meaulnes non puido resistir máis. Baixou a cabeza, puxo as mans nos cadrís e berroume:

–Vamos alá, François!

Sorprendido por esta decisión repentina, saltei sen dubidar sobre os seus ombreiros e nun segundo estabamos no medio da pelexa, mentres que a maioría dos combatentes, espavorecidos, fuxían berrando:

–Velaí vén Meaulnes! Velaí vén o gran Meaulnes!

Púxose a dar voltas sobre si mesmo no medio dos que quedaban dicíndome:

–Estende os brazos e agárraos como fixen eu pola noite.

E eu, arroubado pola batalla, seguro do triunfo, collía ó pasar os rapaces que pelexaban e acaneaban un intre nos ombreiros dos grandes antes de caer na lama. En menos de nada, só quedou de pé o novo, montado en Delage; pero aquel, pouco desexoso de emprende-la loita con Augustin, endereitouse dando un violento golpe cara atrás cos cadrís e fixo baixa-lo cabaleiro branco.

Coa man no ombreiro da súa cabalgadura, coma un capitán sostén as rendas do seu cabalo, o rapaz de pé xa no chan ollou o gran Meaulnes con algo de pasmo e unha admiración inmensa:

–Parabéns! –dixo.

Pero axiña tocou a campá, espallando os alumnos que se xuntaran arredor nosa agardando unha escena divertida. E Meaulnes, decepcionado por non poder guindar ó chan o seu inimigo, volveulle as costas dicindo de mal humor:

–Outra vez será!

Ata o mediodía a clase continuou como nas vésperas de vacacións, mesturada con divertidos descansos e conversas centradas arredor do escolar-faranduleiro.

El explicaba como, entalados polo frío na praza, sen pensar sequera en organizar representacións nocturnas ás que non viría ninguén, decidiran que el fose á clase para distraerse durante o día mentres o seu compañeiro coidaba dos paxaros das illas e da cabra sabia. Logo contaba as súas viaxes ó país veciño, cando aumenta a treboada sobre o pobre teito de zinc do carro e como hai que baixar nas costas para puxar polas rodas. Os alumnos de atrás deixaban a súa mesa para iren escoitalo dende máis preto. Os menos novelescos aproveitaban esta ocasión para quecer arredor da estufa. Pero axiña lles chegaba a curiosidade e

achegábanse ó grupo que parolaba estricando a orella, deixando unha man colocada sobre a tapa da estufa para garda-lo sitio.

–E de que vivides? –preguntou o señor Seurel que seguía todo isto cunha curiosidade un pouco infantil de mestre de escola, que se formulaba unha chea de preguntas.

O rapaz dubidou un intre, coma se nunca se preocupase deste detalle.

–Pois, penso que do que gañámo-lo outono anterior. É Ganache quen leva as contas –respondeu.

Ninguén lle preguntou quen era Ganache. Pero eu pensei no gran demo que, a traizón, a noite anterior, atacara a Meaulnes por detrás guindándoo no chan…

Capítulo IV

Onde se trata da mansión misteriosa

A tarde trouxo as mesmas diversións e durante toda a clase houbo a mesma desorde e a mesma algarabía. O faranduleiro trouxera outros obxectos curiosos, cunchas, xogos, cancións e ata un moniño que rabuñaba levemente no interior da fardela… A cada momento o señor Seurel tiña que pararse para olla-lo que o diaño do rapaz acababa de sacar da súa saqueta… Chegaron as catro e Meaulnes era o único que rematara os seus problemas.

Todo o mundo saíu sen présa. Parecía que entre as horas da clase e de recreo xa non había aquela ríxida división que facía a vida escolar simple e regulada como a sucesión do día e da noite. Mesmo, contra as catro menos dez, non lle deramos ó señor Seurel, os nomes dos dous alumnos que ían quedar a varre-la clase, como era costume. Nunca nos esqueciamos diso porque era unha maneira de anunciar e apura-la saída da clase.

A sorte quixo que aquel día lle tocase a quenda ó gran Meaulnes; e dende a mañá, falando con el, xa lle advertira ó faranduleiro que os novos estaban nomeados de oficio para facer de segundo varredor o día da chegada.

Ó que foi busca-lo pan da merenda, Meaulnes volveu á clase, en cambio o bohemio, fíxose esperar moito tempo e chegou atrasado, correndo, cando xa empezaba a cae-la noite…

–Ti quedarás na clase –dixérame o meu compañeiro–, e mentres eu o agarro, ti cóllesslle o plano que me roubou.

Sentei, pois, nunha mesiña preto da ventá, para ler coa última luzada do día e vía os dous separar en silencio os bancos da clase –o gran Meaulnes calado e cun aire duro, co mandilón negro abotoado por detrás con tres botóns e apertado na cintura; o outro, delicado, nervioso, coa cabeza vendada coma un ferido–. Estaba vestido cun abrigo vello rachado que non lle vira polo día. Cheo dunha fogosidade case salvaxe, erguía e pousaba as mesas cunha precisión tola, algo riseiro. Diríase que

xogaba a algún xogo extraordinario do que non coñeciámo-lo regulamento.

Chegaron, pois, ó curruncho máis escuro da sala para move-la derradeira mesa.

Neste sitio, Meaulnes podía tirar co seu inimigo dunha labazada, sen que ninguén de fóra puidese velos nin oílos por casualidade dende as ventás. Eu non comprendía como deixaba escapar unha ocasión semellante. O outro, que chegara preto da porta, ía escapar dun momento ó outro co pretexto de que o labor xa estaba acabado e non o volveriamos ver máis. O plano e tódalas notas que lle levara tanto tempo atopar, facer concordar e reunir a Meaulnes, perderíanse para nós…

A cada segundo agardaba un sinal do meu compañeiro, un movemento que me indicase o comezo da batalla, pero o bravo rapaz non se inmutaba. Só por algúns momentos miraba cunha estraña fixeza e cun aspecto interrogante a venda do bohemio, que, na penumbra da noitiña, parecía toda manchada de negro.

Moveron a derradeira mesa sen que pasase nada.

Pero no momento en que os dous subían pola aula arriba para da-la última varredura á soleira, Meaulnes, baixando a cabeza e sen mirar cara ó noso inimigo, díxolle a media voz:

–A súa venda está vermella de sangue e as roupas esgazadas.

O outro mirouno un intre, sen sorprenderse polo que dicía, senón fondamente emocionado de oírllo dicir.

–Eles quixeron sacarme o seu plano hai un pouco na praza. Cando souberon que quería volver aquí varre-la clase, comprenderon que iamos face-las paces e volvéronse contra min. Pero así e todo salveino –engadiu el con fachenda, entregándolle a Meaulnes o prezado papel dobrado.

Meaulnes virouse devagar cara a min:

–Oes? –dixo–. Acaba de pelexar e de ferirse por nós, mentres que nós lle preparabamos unha trampa!

Logo, deixando de empregar ese "vostede" tan estraño entre os escolares de Sainte-Agathe:

–Es un verdadeiro compañeiro –dixo, e tendeulle a man.

O faranduleiro agarroulla e quedou sen fala un segundo, moi turbado, coa voz cortada… Pero axiña, cunha fonda curiosidade, proseguiu:

–Así que me tendiades unha trampa! Que divertido! Adiviñárao e dicíame: van quedar ben asombrados cando me collan o plano e se dean conta de que o completei…

–Completo?

–Ouh! Agardade! Non completamente…

Deixando ese ton ledo, engadiu devagar e moi serio, achegándose a nós:

–Meaulnes, xa é tempo de que cho diga: eu tamén fun alí onde fuches ti. Asistín a aquela festa extraordinaria. Cando os rapaces da clase me falaron da túa aventura misteriosa, deime conta de que se trataba da vella mansión perdida. Para asegurarme diso roubeiche o teu mapa… Pero estou coma ti, descoñezo o nome desa mansión; non sabería volver; non coñezo o camiño completo que nos leve deica alí.

Con que vontade, con que intensa curiosidade, con que amizade nos apertamos contra el! Meaulnes facíalle preguntas, ansioso… Parecíanos ós dous que, insistíndolle moito ó noso novo amigo, lle fariamos dicir aquilo mesmo que el insistía en non saber.

–Veredes, veredes –respondía o rapazolo un pouco anoxado e confundido–. Púxenvos no plano algunhas indicacións que non tiñades… É todo o que eu podía facer.

E como nos vía tan cheos de admiración e de entusiasmo:

–Ouh! –dixo con tristura e fachenda–. Prefiro advertirvos, eu non son un rapaz coma os demais. Hai tres meses intentei dispararme unha bala na cabeza, iso explica a venda sobre a fronte, coma un soldado do Sena en 1870…

–E esta tarde, coa pelexa, volveuse abri-la ferida –dixo Meaulnes con amizade.

Pero o outro continuou, sen darlle importancia, nun ton lixeiramente enfático:

–Quería morrer. E como non o conseguín, só seguirei vivindo para divertirme, coma un neno, coma un bohemio. Deixei todo. Non teño xa nin pai, nin irmá, nin casa, nin amor… Nada máis que compañeiros de xogo.

–Eses compañeiros xa te traizoaron –dixen eu.

–Si –respondeu el animado–. É culpa dun tal Delouche. Adiviñou que ía facer causa común con vós. Desmoralizou a miña tropa que tiña nun puño. Víste-la abordaxe, onte á tarde, como a manexaba! Como resultou! Dende a miña infancia, non organizara nada con tanto éxito…

Quedou un momento pensativo e, para desenganarnos completamente sobre el, engadiu:

–Se vin con vós este serán, é porque esta mañá me dei conta de que é máis divertido estar con vós que coa banda dos outros todos. Ese Delouche é quen máis me anoxa. Que teima ten de facerse home ós dezasete anos! Non hai nada que máis me desagrade… Credes que o poderiamos atrapar?

–Por suposto –dixo Meaulnes–. Pero ti vas quedar moito tempo con nós?

–Non o sei. Eu ben o quixera. Estou terriblemente só. Non teño a ninguén máis que a Ganache…

Toda a súa febre, todo o seu entusiasmo caían de repente. Nun instante afundiuse nesa mesma desesperación na que, sen dúbida, un día o sorprendera a idea de matarse.

–Sede amigos meus –dixo de súpeto–. Xa vedes: coñezo o voso segredo e defendino contra todos. Pódovos poñer de novo na pista perdida…

E case solemnemente, engadiu:

–Sede os meus amigos para o día en que volva estar a dous dedos do inferno como a outra vez… Xurádeme que responderedes cando eu vos chame, cando vos chame así… –e botou unha especie de berro estraño: Hou-ou…!–. Ti, Meaulnes, xura o primeiro!

E nós xuramos, pois seducíanos, nenos que eramos, todo aquilo que era máis solemne e máis serio do habitual.

–A cambio –dixo–, velaquí todo o que vos podo dicir: indicaréivo-la casa de París onde a rapaza da mansión tiña costume de pasa-las festas: Pascua e Pentecoste, o mes de xuño e, ás veces, parte do inverno.

Nese momento, unha voz descoñecida chamou dende o portón varias veces seguidas na noite. Supuxemos que era Ganache, que non ousaba ou non sabía como atravesa-lo patio. Cunha voz apurada e ansiosa, tanto chamaba moi alto coma moi baixo:

–Hou-ou! Hou-ou!

–Di, di axiña! –berroulle Meaulnes ó faranduleiriño que se sobresaltara e arranxaba a roupa para marchar.

O rapaciño deunos á présa un enderezo en París, que repetimos a media-voz. Logo marchou correndo na escuridade ata reixa onda o seu compañeiro, deixándonos nun estado de confusión inexplicable.

Capítulo V

O home das alpargatas

Aquela noite, a viúva Delouche, a pousadeira, que vivía no centro da vila, ergueuse contra as tres da mañá para acende-lo lume. O seu cuñado Dumas, que vivía na súa casa, debía saír de viaxe ás catro e a boa da muller, que tiña a man dereita tollida a causa dunha antiga queimadura, andaba á présa pola escura cociña para prepara-lo café. Ía frío e puxo por riba do camisón unha touca vella; agarrou cunha man unha candea acesa e protexeuna do vento levantando o mandil coa outra –a tolleita–, atravesou o patio cheo de botellas baleiras e de caixas de xabón, abriu a porta do almacén da leña, que servía de poleiro ás galiñas, para ir buscar un mandiño de leña… Pero, aínda case non empurrara a porta cando un home saíu da fonda escuridade e dun golpe coa gorra, tan violento que fixo asubia-lo aire, apagoulle a candea; do mesmo golpe guindou a boa da muller e fuxiu dándolle sebo ós pes, mentres as galiñas e os galos aloucados metían un barullo do inferno.

O home levaba nun saco –un momento despois a viúva Delouche deuse conta diso ó recupera-la serenidade– unha ducia dos seus mellores polos. Dumas acudiu ós berros da súa cuñada e comprobou que o lampantín para entrar debera abrir cunha chave falsa a porta do patio pequeno e que fuxira sen pechala polo mesmo camiño. Como home afeito ós cazadores furtivos e ós ladroeiros, acendeu decontado o farol do seu coche, colleuno cunha man, na outra cargou o fusil e esforzouse por segui-las pegadas do ladrón; pegadas moi imprecisas –o individuo debía calzar alpargatas– que o levaron ata a estrada da estación, logo perdéronse diante da cancela dun herbal. Obrigado a deixar alí as súas investigacións, ergueu a cabeza, parouse… e oíu ó lonxe, na mesma estrada, o ruído dun coche que fuxía ás carreiras…

Pola súa parte, o fillo da viúva, Jasmin Delouche, erguérase e puxera á présa unha capa polos ombros, logo saíra en zapati-

llas botar unha ollada pola vila. Todo durmía, todo estaba mergullado na escuridade e no silencio fondo, que preceden o lumbrigar do día. Ó chegar a Quatre-Routes oíu só moi ó lonxe –coma o seu tío–, no outeiro de Riaudes, o ruído dun coche cun cabalo que debía galopar coas catro patas no aire. Rapaz malicioso e fachendoso, dixo entón, igual que nolo repetiu máis tarde con aquel insoportable acento dos barrios de Montlugon:

–Eses marcharon cara a La Gare, pero non está dito que eu non "cace" outros, no outro lado da vila.

E desandou o camiño cara á igrexa, co mesmo silencio nocturno.

Na praza había luz na caravana dos bohemios. Algún doente, sen dúbida. El ía achegarse deica alí para pregunta-lo que pasaba, cando unha sombra silenciosa, unha sombra calzada con alpargatas, chegou de Petits-Coins e botou a correr, sen ver nada, cara á estribeira do carro…

Jasmin, que recoñecera o andar de Ganache, adiantouse de súpeto á luz e preguntou a media voz:

–E logo, que pasa?

Apartadizo, desguedellado, desdentado, o outro detívose, ollouno cun ricto de miseria causado polo medo e polo abafo, e respondeu bafexando con dificultade:

–É que o meu compañeiro está doente… Pelexou onte ó serán e volvéuselle a abri-la ferida… Veño de ir buscar unha monxa.

En efecto, cando Jasmin Delouche retornaba, moi intrigado, á casa para volverse deitar, atopou polo centro da vila unha relixiosa que camiñaba á présa.

Pola mañá, algúns dos veciños de Sainte-Agathe saíron á soleira das súas portas cos mesmos ollos inchados e encarnados, despois dunha noite sen durmir. En tódalas casas houbo berros de indignación e, pola vila, como un rego de pólvora.

Na casa de Giraudat oírase, contra as dúas da mañá, un carro que se detiña e cargaba á présa con paquetes que se pou-

saban debilmente. Na casa non había máis ca dúas mulleres e non se atreveran a saír. Polo día, ó abri-lo poleiro, comprenderan que os paquetes en cuestión eran coellos e polos… Millie, durante o primeiro recreo, atopou diante da porta do lavadoiro algúns mistos medio queimados. Polo que se concluíu que estaban mal informados sobre a nosa casa e non puideran entrar. Nas casas de Perreux, Boujardon e Clément pensaron ó primeiro que tamén lles roubaran os porcos, pero á mañá atopáronos fozando nas leitugas dunhas hortas. Toda a grea aproveitara a ocasión da porta aberta para dar unha voltiña nocturna… Case en tódalas partes levaran polos e galiñas; pero non pasaran de aí. A señora Pignon, a panadeira, que non criaba animais, estivo a berregar toda a mañá que lle levaran a súa pa e unha libra de anil, pero o feito nunca se probou, nin se tivo en conta no sumario…

Ese barullo, o medo e as paroladas duraron toda a mañá. Na clase, Jasmin volveu conta-la súa aventura da noite:

–Ah! Sonche listos! –dicía–. Pero se o meu tío dese con un, ben o dixo, fusilaríao coma a un coello.

E engadía mirándonos:

–Foi unha sorte que non batese con Ganache, era capaz de dispararlle. Son todos da mesma caste, como el di, e tamén o di Dessaigne.

Con todo, ninguén pensaba en molestar os nosos novos amigos. Foi só ó serán do día seguinte cando Jasmin lle dixo ó seu tío que Ganache estaba calzado de alpargatas o mesmo có seu ladrón. E acordaron que pagaba a pena dicirlle iso ós gardas. Decidiron entón, con moito segredo, ir en canto tivesen tempo á prefectura e denuncialo ó brigada da xendarmería.

Nos días que seguiron, o rapaz bohemio, doente pola ferida infectada, non apareceu.

Ó serán iamos andar pola praza nada máis ca por ve-la lámpada detrás da cortina vermella da caravana. Ficabamos alí

cheos de angustia e de ansia sen ousar achegarnos á pobre vivenda, que parecía se-la pasaxe misteriosa e a antecámara do país do que perderámo-lo camiño.

Capítulo VI

Unha discusión entre bastidores

Durante estes días, tanta ansiedade e preocupacións tan diferentes impediron que nos deramos conta de que chegara marzo e de que o vento amainara. Pero o terceiro día, despois desta aventura, ó baixar ó patio pola mañá, decateime de repente de que era primavera. Un airiño agradable coma auga morna corría por riba do muro, unha chuvia calada mollara pola noite as follas das peonias; a terra cavada do xardín tiña un intenso arrecendo e, na árbore próxima á ventá, oía un paxaro que trataba de aprende-la música…

No primeiro recreo, Meaulnes falou de probar axiña o itinerario que completara o escolar-bohemio. Traballo me custou convencelo para que agardase a que volvésemos ve-lo noso amigo, e que o tempo fose completamente bo…, que tódalas ameixeiras de Sainte-Agathe estivesen con flor. Falabamos apoiados contra o muro baixo da pequena ruela, coas mans nos peitos e coa cabeza descuberta, e o vento o mesmo nos facía aterecer de frío, que, con refachos mornos, espertaba en nós un aquel de antigo e fondo entusiasmo. "Ai, irmán, compañeiro, viaxeiro!, que seguros estabámo-los dous de que a felicidade estaba próxima, e de que abondaría con se poñer a andar para acadala!"

Ás doce e media, mentres xantabamos, oímos tocar un tambor na praza de Quatre-Routes. Nun santiamén estabamos na soleira da cancela cos panos de mesa na man. Era Ganache que, "en vista do bo tempo", anunciaba para as oito do serán unha estupenda representación na praza da igrexa. Por se acaso, "para prepararse contra a chuvia" poñeríase unha lona. Seguía cun longo programa de atraccións que o vento levou, pero no que puidemos distinguir vagamente "pantomimas, cancións, fantasías ecuestres…", todo iso acompañado por toques de tambor.

Durante a cea, o bombo que anunciaba a sesión retumbou por baixo das nosas ventás e fixo treme-los vidros. Pouco despois, a xente dos lugares pasaba en grupos pequenos cara á praza da igrexa nun ruxerruxe de conversas. E nós estabamos alí, os dous, obrigados a permanecer na mesa, estalando de impaciencia!

Contra as nove, oímos, por fin, o rozamento de pisadas e de risas afogadas na reixa: as mestras víñannos buscar. En completa escuridade, marchamos en grupos ó lugar da comedia. Viamos dende lonxe o muro da igrexa aceso como por un gran lume. Na porta do carromato ondeaban ó vento dous quinqués acesos.

No interior, as bancadas estaban colocadas coma nun circo. O señor Seurel, as mestras, Meaulnes e mais eu situámonos nos bancos máis baixos. Volvo ver aquel lugar, que debía ser moi estreito, coma un verdadeiro circo, con amplas zonas de sombra onde se sentaban a señora Pignon, a panadeira e Fernande, a tendeira, as mozas da vila, os obreiros das ferrerías, mulleres, nenos, labregos e outra xente máis.

A representación ía xa pola metade. Na pista víase unha cabra sabia que moi obediente poñía os pés en catro vasos, logo en dous, logo nun só. Era Ganache o que a dirixía amablemente dándolle vareadiñas e mirando para nós cun aspecto inquedo, coa boca aberta e os ollos mortos.

Sentado nun tallo, preto dos outros dous quinqués no sitio onde a pista se unía coa caravana, recoñecémo-lo noso amigo no animador do espectáculo, cunha fina camiseta negra e a fronte vendada.

Apenas sentaramos cando saltaba xa á pista un poni moi adornado ó que o novo personaxe ferido fixo dar varias voltas, e que paraba sempre diante dun de nós cando tiña que indicala persoa máis amable ou a máis valente da concorrencia; pero sempre diante da señora Pignot cando había que descubri-la máis mentireira, a máis avara ou "a máis namoradeira…". E ó redor dela producíanse risas, berros e un cua-cua, coma unha manda de gansos perseguidos por un podengo.

No entreacto, o animador do espectáculo veu parolar un momento co señor Seurel, que non estaría máis fachendoso se falase con Telma ou Leotard; e nós escoitabamos cun interese apaixonado todo o que el dicía sobre a súa ferida curada; deste espectáculo preparado durante as longas xornadas do inverno; da súa marcha, que non sería antes de fin de mes, pois ata entón pensaban facer representacións variadas e novas.

O espectáculo debía rematar nunha gran pantomima.

Cara á fin do entreacto, o noso amigo deixounos, e para ir á entrada da caravana tivo que atravesar un grupo que invadira a pista e, de repente, descubrimos no medio a Jasmin Delouche. As mulleres e as rapazas separáronse. Aquel traxe negro, aquel aspecto de ferido, estraño e salvaxe, deixáraas a todas engaioladas. En canto a Jasmin, que parecía volver naquel instante dunha viaxe e que se entretiña falando en voz baixa e animada coa señora Pignot, era evidente que un cinto de cordón trenzado, un colo baixo e uns pantalóns de elefante, con certeza, o conquistarían mellor. Tiña os polgares detrás das lapelas da chaqueta, nunha actitude á vez moi arroutada e moi anoxada. Ó pasar o faranduleiro, nun arranque de despeito, díxolle en voz alta á señora Pignot algo que eu non entendín, pero, seguramente, un insulto, unha palabra provocante dirixida ó noso amigo. Debía ser unha ameaza severa e inesperada porque o rapaz non puido impedir virarse para atrás e miralo, que ría burleiro para non desconcertarse e dáballes ós veciños co cóbado tentando poñelos da súa parte… Todo isto pasou, ademais, en poucos segundos. Seguramente fun o único do meu banco que me dei conta.

O animador do espectáculo xuntouse co seu compañeiro detrás da cortina que tapaba a entrada da caravana. Cada un volveu ó seu sitio polas bancadas pensando que a segunda parte do espectáculo ía comezar axiña, e todo quedou nun silencio total. Entón, mentres esmorecían as últimas conversas en voz baixa, chegou detrás da cortina un ruxerruxe como de discusión. Non oímo-lo que se dixo, pero recoñecémo-las dúas

voces, a do mozo maior e a do rapaz; a primeira que explicaba, que se xustificaba, a outra que reprochaba con indignación e á vez con tristeza.

–Pero desgraciado –dicía este–, por que non mo dixeches…?

E non percibímo-la continuación, aínda que todo o mundo estaba ó conto poñendo a orella. Logo todo calou repentinamente. O altercado seguiu en voz baixa e os rapaces dos chanzos de arriba empezaron a berrar:

–Luces! Pano! –e a bater cos pés.

Capítulo VII

O faranduleiro saca a venda

Por fin, foi esvarando pouco a pouco por entre as cortinas a faciana sucada de engurras, toda desencaixada, unhas veces pola ledicia outras pola angustia, e sementada de manchas de lacre un longo pierrot en tres pezas mal artilladas. Andaba encollido sobre a barriga como por un cólico e na punta dos pés como por exceso de prudencia e de temor; tiña as mans afundidas nas mangas longuísimas que varrían a pista.

Hoxe xa non sabería reconstruí-lo argumento da súa pantomima. Acórdame só que dende a súa chegada ó circo, despois de intentar desesperadamente manterse nos pés sen conseguilo, caeu. Tentou volver a levantarse; era máis forte ca el, caía. Non deixaba de caer. Ensarillábase en catro cadeiras á vez. Na caída arrastraba unha mesa grandísima que trouxera para a pista. Acabou por irse estricar fóra da barreira do circo ós pés dos espectadores. Dúas persoas, sacadas do público con dificultade, tirábanlle polos pés e poñíano dereito con incribles esforzos. E cada vez que caía, daba un berriño sempre diferente, un berriño insoportable no que se mesturaban en cantidades iguais a dor e a satisfacción. Para rematar, subido nunha estada de cadeiras, fixo unha caída grande e lentísima, e o estridente e miserable aturuxo de triunfo que deu durou tanto tempo coma a súa caída, acompañado polos berros de espanto das mulleres.

Durante a segunda parte da pantomima, volvo ver, sen recordar ben a razón, "o pobre pierrot que cae" sacando dunha das mangas unha bonequiña de farelo e representando con ela toda unha escena traxicómica. Ó final, sacáballe pola boca todo o farelo que tiña a boneca na barriga. Logo, cuns berriños de compaixón, enchíaa de papas e, no momento de maior atención, mentres tódolos espectadores coa boca aberta tiñan os ollos fixos na moneca pegañenta e rebentada do pobre pierrot, de repente, agárraa por un brazo e guíndaa voando por riba dos

espectadores á cara de Jasmin Delouche, ó que só lle mollou a orella, para acabar esmagándose no peito da señora Pignot, xusto debaixo do queixo. A panadeira deu tal berro, botouse con tal forza para atrás e tódalas veciñas imitárona tan ben, que o banco fendeu, e a panadeira, Fernande, e a triste viúva Delouche e vinte máis caeron coas pernas para riba no medio de risas, berros e aplausos, mentres o gran pallaso, que quedara no chan co cu para arriba, se erguía para saudar e dicir:

–Señoras e señores, témo-lo honor de dárvo-las grazas!

Pero nese mesmo momento e no medio daquel tremendo rebumbio, o gran Meaulnes, silencioso dende o comezo da pantomima e que parecía cada vez máis ensimesmado, levantouse bruscamente, agarroume polo brazo, como incapaz de conterse, e berroume:

–Olla o faranduleiro! Óllao! Por fin recoñecino.

Mesmo denantes de mirar, coma se dende moito tempo atrás, de forma inconsciente, xermolase en min aquela idea e agardase o momento de saír, xa o adiviñara. De pé, preto dun quinqué, á entrada da caravana, o novo personaxe descoñecido desfixera a venda e puxera unha capa polos ombreiros. Na luzada fumeante víase, como denantes á luz dunha candea no cuarto da mansión, unha faciana moi fina, moi afiada, sen bigote. Branco, os beizos entreabertos, que folleaba a présa unha especie de álbum pequeno de cor vermella que debía ser un atlas de peto. A non ser por unha cicatriz que lle atravesaba a sen e desaparecía debaixo da masa de pelo, era tal como mo describira polo miúdo o gran Meaulnes, o noivo da mansión descoñecida.

Era evidente que sacara, pois, a súa vendaxe para que nós o recoñecésemos. Pero apenas o gran Meaulnes fixo este movemento e deu este berro, o rapaz volveu entrar na caravana, despois de botarnos unha ollada de entendemento e de sorrirnos cunha tristeza vaga, como sorría el normalmente.

–É o outro! –dicía Meaulnes con entusiasmo–. Como non o recoñecín deseguida! É o pierrot da festa de alá embaixo…!

E baixou as bancadas para ir onda el. Pero xa Ganache cortara tódalas comunicacións coa pista; apagaba un a un os catro quinqués do circo e nós vímonos obrigados a segui-lo xentío, que marchaba moi lentamente na escuridade, en ringleiras polos bancos paralelos, onde nós pateabamos de impaciencia.

O gran Meaulnes en canto estivo por fin fóra marchou á présa cara ó carromato, subiu a escadiña, petou na porta pero todo estaba xa pechado. Sen dúbida, tanto no coche de cortinas, coma no do poni, da cabra e dos paxaros sabios xa todos entraran e comezaban a durmir.

Capítulo VIII

A policía!

Tivemos que ir polas rúas escuras co grupo de mulleres e homes que volvían á Escola Superior. Daquela xa comprenderamos todo. A gran sombra branca que Meaulnes vira, o último serán da festa, esvaer por entre as árbores, era Ganache. Fora el quen recollera o noivo desesperado e fuxira con el. O outro aceptara esta existencia salvaxe, chea de riscos, de xogos e de aventuras. Parecíalle que volvía revivi-la súa infancia…

Frantz de Galais ocultárano-lo seu nome ata agora e finxira descoñece-lo camiño á mansión, sen dúbida, por medo de que o forzásemos a volver á casa dos seus pais; pero por que, de repente, aquel serán quixo darse a coñecer e deixarnos sabe-la verdade enteira…?

Que de proxectos non fixo o gran Meaulnes mentres a troula de espectadores ía devagariño pola vila! Decidiu que ó día seguinte, que era xoves, iría pola mañá buscar a Frantz e os dous marcharían para alá. Que viaxe pola estrada mollada! Frantz explicaríalle todo; todo se arranxaría e a marabillosa aventura volvería empezar onde quedara interrompida…

Eu camiñaba na escuridade cun entusiasmo indefinible no corazón. Todo se mesturaba para contribuír á miña alegría, dende a feble ledicia que me producía agarda-lo xoves á grandísima descuberta que acababamos de facer, ata a boísima sorte que tiveramos. E acórdame que na miña repentina xenerosidade de corazón me acheguei á máis fea das fillas do notario, á que se me impoñía ás veces o suplicio de darlle o meu brazo e agarreille a man espontaneamente.

Amargas lembranzas! Falsas esperanzas esmigalladas!

Ó día seguinte, ó chegármo-los dous á praza da igrexa, ás oito, cos nosos zapatos ben lustrados, coas fibelas dos cintos moi brillantes e as nosas gorras novas, Meaulnes, que ata entón reprimía o sorriso ó mirarme, deu un berro e lanzouse á praza

baleira… No sitio da caravana non había máis ca un cacharro escachado e uns trapos. Os moinantes marcharan…

Sopraba un vento que nos pareceu xeado, a cada paso dábame a impresión de que iamos bater no chan pedrés e duro da praza e de que iamos caer. Meaulnes, entolecido, fixo dúas veces o ademán de botarse a andar, primeiro pola estrada do Vieux-Nançay e logo pola de Saint-Loup-des-Bois. Puxo a man por riba dos ollos esperando, por un momento, que os nosos amigos aínda acabaran de marchar. Pero que podía facer? Na praza había dez marcas embarulladas de coche que logo desaparecían na estrada dura. Non podiamos facer outra cousa que quedar alí, inactivos.

E cando comezaba a amencida do xoves, mentres volviamos atravesando a vila, catro policías a cabalo, avisados o serán da véspera por Delouche, chegaron á praza ó galope e espalláronse polas rúas para pechar tódalas saídas, coma soldados que fan o recoñecemento dunha aldea… Pero era demasiado tarde. Ganache, o ladrón de polos, fuxira co seu compañeiro. Os policías non atoparon a ninguén, nin a el nin a aqueles que cargaban nos coches os capóns que el afogaba. Advertido a tempo polas palabras imprudentes de Jasmin, Frantz debera entender, de repente, de que oficio vivían o seu compañeiro e mais el, cando a caixa da caravana estaba baleira. Cheo de vergoña e de furia, fixera de inmediato un itinerario decidido a poñer terra por medio denantes que chegasen os policías. Mais, como xa non temía que tratasen de lévalo á casa do seu pai, quixo presentárseno sen vendaxe, antes de desaparecer.

Só un punto seguiu aínda escuro: como puidera Ganache ir á vez rouba-los galiñeiros e buscar a monxa pola febre do seu amigo? Pero non paraba alí toda a historia do pobre diaño? Ladrón e vagabundo por un lado, e boa persoa polo outro…

Capítulo IX

A busca do camiño perdido

Cando volviamos para a casa, o sol facía desaparecer a lixeira brétema da mañá; as amas de casa sacudían as alfombras ou parolaban nas soleiras das casas; e nos campos e bosques ás portas da vila empezaba a mañá de primavera máis espléndida que permanece na miña memoria.

Aquel xoves tódolos alumnos maiores tiñan que chegar á escola cara ás oito para preparar pola mañá, uns, o Certificado de Estudos Superiores e, outros, o ingreso na Escola Normal. Cando chegamos nó-los dous, Meaulnes cheo dunha angustia e dunha axitación que non lle permitía estar quedo e eu moi abatido, a escola estaba baleira… Unha raiola de sol fresco esvaraba sobre a poeira dun banco acarunchado e sobre o verniz descascado dun mapamundi.

Como podiamos quedar alí, diante dun libro, remoendo a nosa decepción, mentres que todo nos chamaba fóra: as escorrentadas dos paxaros nas pólas achegadas ás ventás, as carreiras de escolares polos campos e polos bosques e, sobre todo, o desexo febril de probar coa maior celeridade o itinerario incompleto revisado polo moinante; último recurso do noso saco case baleiro, última chave do mangado que nos quedaba por probar…? Aquilo estaba por riba das nosas forzas! Meaulnes andaba dun lado noutro, ía preto das ventás, miraba o xardín, logo volvía e miraba cara á vila como se agardase a alguén que seguramente non viría.

–Dáme a impresión –díxome por fin–, dáme a impresión de que quizais non estea tan lonxe como pensamos… Frantz suprimiu no meu plano todo un cacho de estrada que eu marcara. Isto quere dicir, quizais, que mentres eu durmía a egua deu unha longa volta en van…

Estaba medio sentado nun extremo dunha mesa grande cun pé no chan e o outro abaneando, coa cabeza baixa con aire de desalento e de desgana.

–Porén –dixen–, á volta, a túa viaxe na berlina durou toda a noite.

–Saímos a media noite –contestou rapidamente–. Deixáronme sobre as catro da mañá a seis quilómetros ó oeste de Sainte-Agathe, en cambio, eu saíra cara ó leste, pola estrada de La Gare. Temos, pois, que contar eses seis quilómetros menos entre Sainte-Agathe e o país perdido. Certamente, paréceme que saíndo dos montes comunais, non debemos estar a máis de dúas leguas do lugar que buscamos.

–Pois son precisamente esas dúas leguas as que faltan no teu mapa.

–É certo. E a saída do monte está ben a unha legua e media de aquí, pero para un bo andador pódese facer nunha mañá…

Neste momento chegou Moucheboeuf. Tiña unha tendencia irritante a facerse pasar por bo alumno, non porque traballase máis cós outros senón facéndose notar en circunstancias como esta.

–Eu ben sabía –dixo triunfante– que non atoparía máis que a vó-los dous. Os demais marcharon ó monte comunal. Jasmin Delouche, que coñece os niños, ía en cabeza.

E querendo facerse o bo, empezou a contar todo o que dixeran os rapaces ó preparar esa excursión para monearse da escola, do señor Seurel e de nós.

–Se están no monte, heinos ver sen dúbida ó pasar –dixo Meaulnes–, porque eu tamén me vou. Estarei de volta contra as doce e media.

Moucheboeuf quedou apampado.

–Ti non vés? –preguntoume Augustin parándose un intre na soleira da porta entreaberta, que fixo entrar no cuarto gris unha bafarada de aire morno do sol, unha barafunda de berros, chamadas, píos, o ruído dun caldeiro no boqueiro dun pozo e o estalo dun látego ó lonxe.

–Non –dixen–, aínda que a tentación fose forte, non podo polo señor Seurel. Pero bule. Agardarei impaciente a que volvas.

Fixo un aceno vago e marchou moi á présa cheo de esperanza.

Contra as dez, cando chegou o señor Seurel, sacara a chaqueta de alpaca negra e puxera un chaquetón de pescador con petos grandes abotoados, un sombreiro de palla e levaba unhas polainas curtas de charón para recolle-los baixos do pantalón. Realmente, creo que apenas se sorprendeu por non atopar ninguén na clase. Non quixo oír a Moucheboeuf que lle repetiu tres veces o que os rapaces dixeran: "Se nos necesita, que veña buscarnos".

E dixo como unha orde:

–Gardade as cousas, collede as gorras e ímo-los sacar do niño nós a eles… Poderás andar deica alá, François?

Dixen que si e marchamos.

Acordouse que Moucheboeuf guiara o señor Seurel e lle servira de reclamo… É dicir, que coñecendo ben a fraguiza onde se atopaban os que andaban ós niños, el tiña que facer, de vez en cando, en voz alta: "Hoop! Ola, Giraudat! Delouche! Onde estades? Hai niños por aí…? Atopastes algún…?"

Eu, para a miña gran sorte fun encargado de ir polo lindeiro do monte, por se acaso os escolares trataban de escapar por ese lado.

Ademais, no plano rectificado polo moinante, e que Meaulnes e mais eu estudaramos tantas veces, parecía que un camiño dun trazo, un *camiño de terra*, saía daquel lindeiro do bosque na dirección da mansión. E se fose eu quen a descubrise aquela mañá…! Empecei a convencerme de que denantes do mediodía me atoparía no camiño da casa perdida…

Que paseo marabilloso…! En canto pasamos Le Glacis e arrodeamos Le Moulin, deixei os meus dous compañeiros, o señor Seurel, de quen se diría que marchaba á guerra –estou seguro de que metera no peto unha pistola vella– e ese traidor de Moucheboeuf.

Collendo un atallo, cheguei axiña ó lindeiro do monte; por primeira vez na miña vida só polo campo adiante coma unha patrulla que perdeu o seu cabo.

E velaí estaba, imaxínome, preto desa felicidade misteriosa que Meaulnes entreviu un día. Tiña toda a mañá para explora-lo lindeiro do bosque, o sitio máis fresco e o máis agochado do lugar, mentres que o meu irmán maior andaba tamén na busca. Era como a vella canle dun regato. Pasei debaixo das pólas baixas das árbores que non sei como se chaman pero que debían ser ameneiros. Saltara había pouco unha sebe ó final do carreiro e atopeime nun camiño ancho de herba verde que corre baixo as follas, pisando estrugas nuns sitios e esmagando as altas valerianas noutros.

Ás veces, o meu pé pousábase durante algúns pasos sobre un banco de area fina. E, no silencio, oía un paxaro –imaxino que era un reiseñor, pero pode que me equivocase pois non cantan máis ca pola tarde–, un paxaro que repite teimoso a mesma frase: voz de mañanciña, palabra dita baixo a sombra, deliciosa invitación á viaxe entre os ameneiros. Invisible, teimudo, paréceme que me seguía baixo a follaxe.

Por primeira vez, velaí estaba eu tamén no camiño da aventura. Xa non eran cunchas deixadas polas augas o que buscaba dirixido polo señor Seurel, nin orquídeas que o mestre da escola non coñece, nin sequera, como nos pasaba a miúdo no campo do tío Martin, esa fonte fonda e seca cuberta por unha reixa, afundida debaixo de tantas herbas bravas, que necesitabamos cada vez máis tempo para encontrar… Busco aínda algo máis misterioso: o paso de que falan os libros, o antigo camiño embarrancado, aquel do que o príncipe, esgotado de fatiga, non puido atopa-la entrada. Iso descóbrese á hora máis perdida da mañá, cando un esqueceu dende hai longo tempo que van selas once, o mediodía… E de súpeto, dobrando as pólas na mesta follaxe, cun xesto dubidoso das mans á altura da cara, separadas desigualmente, víase como unha longa avenida sombría que ía dar a un pequenísimo círculo de luz.

Pero mentres que agardaba e me emborrachaba daquela maneira, velaí que bruscamente desemboco nunha especie de claro, que resulta ser simplemente un herbal. Chegara sen darme conta ó lindeiro do monte comunal, que sempre maxinara lonxísimo. E velaí, á miña dereita entre moreas de leña, a casa do garda, vibrante na escuridade. Dous pares de medias secaban no peitoril da ventá. Anos anteriores, cando chegabamos á entrada do monte, diciamos sempre sinalando un punto de luz ó final da inmensa avenida escura: "Alí abaixo está a casa do garda; a casa de Baladier". Pero nunca chegaramos ata alí. Oíamos dicir algunhas veces, como se se tratase dunha expedición extraordinaria: "Fomos ata a casa do garda…!"

Esa vez, fun ata a casa de Baladier e non atopei nada.

Empezábame a doer a perna cansada e tiña un calor que ata daquela non sentira. Temía ter que facer eu só o camiño de volta, cando oín preto de min o reclamo do señor Seurel, a voz de Moucheboeuf e logo outras voces que me chamaban…

Había alí unha tropa de seis rapazolos grandes, dos que só o traidor de Moucheboeuf tiña aspecto triunfante. Eran Giraudat, Auberger, Delage e outros… Grazas ó reclamo, collérase a uns empoleirados nunha cerdeira brava illada no medio dun claro; a outros sacando uns zarapicos do niño. Giraudat, o parvo dos ollos inchados, coa camisa cotrosa, agochara os pequenos na seada, entre a camiseta e a pel. Dous dos seus compañeiros fuxiran ó achegarse o señor Seurel, debía ser Delouche e o pequeno Coffin. Nun principio, responderan con bromas á ocorrencia de "Mouchevache!", que repetía o eco dos montes; e este, torpemente, créndose seguro do seu, respondeu anoxado:

–Non vos queda máis que baixar, sabedes! O señor Seurel está aquí…

Entón repentinamente todo quedara calado; fora unha fuxida en silencio a través do monte. E como o coñecían a fondo, non había nin que pensar en xuntarse con el. Tampouco se sabía

por onde andaba o gran Meaulnes. Non se oíra a súa voz, e houbo que renunciar a continua-la busca.

Era máis de mediodía cando volvemos colle-lo camiño de Sainte-Agathe, coa cabeza baixa, devagar, esgotados e enlamados. A saída do monte, despois de fregar e sacudir a lama dos nosos zapatos, na estrada seca, o sol comezaba a quentar forte. Xa non era aquela mañá de primavera tan fresca e luminosa. Empezaran os ruídos da tarde. De treito en treito cantaba un galo, canto desolado, nas casas desertas dos arredores da estrada. Na baixada do Glacis parámonos un momentiño para falar cuns xornaleiros que volverían ó traballo despois do xantar. Tiñan os cóbados apoiados na cerca, e o señor Seurel dicía:

–Vaia galopíns! Aí o tendes, mirade a Giraudat. Meteu os paxariños na súa camisa. E eles fixeron dentro o que quixeron. É o correcto, non si!

Parecíame que era tamén da miña derrota do que se rían os xornaleiros. Rían movendo a cabeza, pero non lles botaban a culpa ós rapaces, que eles coñecían ben. E cando o señor Seurel volveu pórse á cabeza da columna, aínda nos dixeron:

–Hai outro dos vosos que pasou, un alto, coñecédelo ben… Ó volver, debeu atopa-lo carro de Granges e mandaríao subir, baixou cheo de terra, todo esgazado, aquí na entrada do camiño de Granges. Nós dixémoslle que vos viramos pasar esta mañá pero que aínda non pasarades de volta. E el seguiu moi tranquilo o seu camiño cara a Sainte-Agathe.

En efecto, sentado nunha columna da ponte do Glacis, agardábano-lo gran Meaulnes desfeito pola fatiga. Ás preguntas do señor Seurel, respondeulle que el tamén marchara na busca dos escolares que lataran á clase. E á que eu lle fixen moi baixo, dixo só movendo a cabeza con desalento:

–Non! Nada! Nada que se pareza a aquilo.

Despois do xantar, sentou nunha das mesas grandes da clase pechada, escura e baleira, en medio dunha vila radiante e, coa cabeza entre os brazos, durmiu moito tempo, un sono triste e abafante. Contra o serán, despois dun longo momento de re-

flexión, coma se acabase de tomar unha decisión importante, escribiulle unha carta á súa nai. Isto é todo o que me acorda daquel triste final dun longo día de derrotas.

Capítulo X

O día de lava-la roupa

Confiaramos demasiado pronto na chegada da primavera. O luns á tarde, quixemos facer os deberes axiña despois das catro como en pleno verán, e para ver mellor sacamos dúas mesas grandes ó patio. Pero o tempo escureceu decontado; unha pinga de chuvia caeu no caderno e metémonos dentro á présa. Dende o salón escurecido, mirabamos silenciosamente polas anchas ventás o paso das nubes polo ceo gris.

Entón Meaulnes, que ollaba como nós, coa man na falleba da ventá, coma se estivese anoxado por sentir medrar nel tanta pena, non puido aguantar e dixo:

–Ah! As nubes pasaban de distinta maneira que agora cando ía polo camiño no coche da Belle-Étoile.

–Por que camiño? –preguntou Jasmin.

Pero Meaulnes non contestou.

–A min –dixen eu para despistar–, gustaríame viaxar en coche así, chovendo, abrigado debaixo dun gran paraugas.

–E ler durante todo o camiño –engadiu outro.

–Non chovía e eu non tiña gana de ler –respondeu Meaulnes–, non pensaba máis que en mira-la paisaxe.

Pero cando Giraudat preguntou esta vez de que paisaxe se trataba, Meaulnes volveu quedar mudo. E dixo Jasmin:

–Xa sei… Sempre a famosa aventura…!

Dixera estas palabras nun ton conciliador e interesado, coma se el mesmo estivese un pouco no segredo. Foi traballo perdido; as súas iniciativas quedáronlle sen resposta. E como chegaba a noite, cadaquén marchou de alí a toda présa co mandilón levantado por riba da cabeza pola fría chuvieira.

Ata o xoves seguinte o tempo continuou chuvioso. E ese xoves foi máis triste aínda có precedente. Todo o campo estaba mergullado nunha especie de bruma xeada coma nos peores días do inverno.

Millie, confiada polo espléndido sol da semana anterior, mandara lava-la roupa, pero non se podía nin pensar en poñela a secar nas sebes do xardín, nin sequera nas cordas do faiado, polo frío e húmido que era o aire.

Falando co señor Seurel, deulle a idea de estende-la coada polas clases posto que era xoves, e quenta-la estufa ó máximo. Para aforra-lo lume da cociña e do comedor, poñeríase a cocela comida na estufa e nós estariamos toda a xornada no salón de conferencias.

Nun primeiro momento –eu era tan novo aínda!– considerei esta novidade como unha festa.

Triste festa…! Toda a calor da estufa levábaa a roupa e ía moito frío. No patio, caía interminable e mol unha chuviña do inverno. Mais foi alí onde, contra as nove da mañá, atopei ó gran Meaulnes consumido polo aburrimento. A través dos barrotes do portón nos que apoiabamos en silencio as nosas cabezas, mirabamos no alto da vila, sobre as Quatre-Routes, un enterro que viña do fondo da aldea. O cadaleito, que ía nunha carreta de bois, descargábano e pousábano sobre unha lousa ó pé da gran cruz onde o carniceiro vira había pouco as sentinelas do faranduleiro! Onde estaba agora o novo capitán que tan ben fixera a abordaxe…? O cura e os cantores viñeron, como era costume, diante do cadaleito alí pousado, e os tristes cantos chegaban ata nós. Sería aquel, sabiámolo, o único espectáculo da xornada, que esvaecería completamente como a auga amarelecida nunha canle.

–E agora –dixo Meaulnes de repente–, vou prepara-la miña equipaxe. Escoita, Seurel: o xoves pasado escribinlle á miña nai para pedirlle que me deixe remata-los estudos en París. E marcho hoxe.

El seguía mirando cara á vila, coas mans apoiadas nos barrotes á altura da cabeza. Era inútil preguntarlle se a súa nai, que era rica e lle concedía todos os seus desexos, lle concedera tamén aquilo. Inútil tamén preguntar por que de repente quería ir a París…

Pero había nel, con certeza, a tristeza e o temor de deixar este querido país de Sainte-Agathe de onde marchara para a súa aventura. E eu sentía medrar unha desolación violenta que non sentira nun principio.

–A Pascua chega axiña –dixo cun suspiro para explicarse.

–En canto a encontres alá, escribirasme, non si? –pregunteille.

–Está prometido, dende logo. Non e-lo meu compañeiro e o meu irmán…?

E pousoume a man no lombo.

Pouco a pouco comprendía que todo se acabara, dado que quería remata-los seus estudos en París; nunca máis tería comigo o meu gran camarada.

Non había esperanza de reunirnos máis ca nesa casa de París onde debía atopa-lo rastro da aventura perdida… Pero vendo o propio Meaulnes tan triste, que pobre esperanza quedaba para min!

Avisou os meus pais. O señor Seurel quedou moi estrañado, pero rendeuse axiña ás razóns de Augustin. Millie, muller da súa casa, sentiuse desolada sobre todo pensando que a nai de Meaulnes vería a nosa casa nunha desorde inhabitual… A maleta, caramba! Fíxoa axiña. Buscamos debaixo da escaleira os seus zapatos de domingo, no armario un pouco de roupa, logo os seus papeis e os seus libros da escola. Todo o que un rapaz de dezaoito anos posúe no mundo.

A señora Meaulnes chegou ó mediodía co seu coche. Xantou no café Daniel con Augustin, e levouno sen dar case ningunha explicación en canto o cabalo estivo acomodado e enganchado. Na soleira dixémoslles adeus, e o coche desapareceu na volta de Quatre-Routes.

Millie fretou os zapatos diante da porta e entrou no frío comedor a poñer en orde o que había desordenado. E eu, por primeira vez dende había moitos meses, encontreime só ante un longo serán de xoves, coa impresión de que a miña adolescencia acababa de marchar para sempre naquel coche vello.

Capítulo XI

A miña traizón

Que facer?

O tempo levantaba un pouco. Diríase que ía saír o sol.

Na enorme casa renxía unha porta. Despois o silencio caía de novo. De vez en cando, meu pai atravesaba o patio para coller un caldeiro de carbón co que enche-la estufa. Eu miraba as roupas brancas colgadas nas cordas e non tiña ningunha gana de entrar no triste lugar transformado en secadoiro para encontrarme fronte a fronte co exame de fin de curso e o ingreso na Escola Normal, que debía ser dende agora a miña única preocupación.

Cousa estraña, a este aburrimento que me desolaba mesturábase como unha sensación de liberdade. Ó marchar Meaulnes, rematada e fracasada toda aquela aventura, tiña a sensación de que, polo menos, estaba liberado desa estraña preocupación, desa ocupación misteriosa, que non me permitía comportarme como os demais. Desaparecido Meaulnes, xa non era o seu compañeiro de aventuras, o irmán dese cazador de pistas; volvía ser un rapaz da vila semellante ós demais. E iso era doado, para isto non tiña máis ca segui-la miña inclinación máis natural.

O pequeno dos Roy pasou pola rúa enlamada dando voltas á punta dunha cinta, e guindou ó aire tres castañas atadas que caeron no patio. A miña desgana era tan grande que me divertín botándolle dúas ou tres veces as súas castañas ó outro lado do muro.

De repente, vinlle deixar ese xogo infantil para correr cara ó carro de carga que viña polo outro lado de La Vieille-Planche. Chimpou lixeiro arriba pola parte de atrás sen que o carro parase. Recoñecín o carriño de Delouche e o seu cabalo. Conducía Jasmin, o gordo de Boujardon estaba de pé. Volvían do prado.

–Ven con nós, François! –berrou Jasmin, que xa debía saber que Meaulnes marchara.

Podédesme crer! Sen dicirllo a ninguén, agatuñei polo carro troupeleante e mantívenme de pé coma os demais, apoiado contra un dos ladrais. Levábanos cas da viúva Delouche…

Agora estamos na rebotica da casa desa boa muller, que é ó mesmo tempo tendeira e pousadeira. Unha raiola de sol branco esvara a través da ventá, baixa sobre as caixas de latón e por riba dos bocois de vinagre. O gordo de Boujardon sentado no peitoril da ventá e, virado cara a nós cunha risa forte de home pesado, come galletas cunha culler. A caixa está aberta e encetada enriba dun bocoi, ó alcance da man. O pequeno dos Roy dá berros de alegría. Unha especie de intimidade de mala lei estase establecendo entre nós. Presinto que Jasmin e Boujardon serán agora os meus camaradas. O curso da miña vida cambiou de repente. Parece que Meaulnes hai moito tempo que marchou e que a súa aventura é unha vella historia triste, pero acabada.

O pequeno dos Roy descubriu debaixo dunha prancha unha botella empezada de licor. Delouche ofrécenos un grolo a cada un, pero como non hai máis ca un vaso, bebemos todos polo mesmo. Sérvenme o primeiro con certa condescendencia, coma se eu non estivese afeito a estes costumes de cazadores e de labregos… Iso anóxame un pouco. E como se acabou por falar de Meaulnes, para disipar este fastío e conseguir serenidade, apodérase de min un desexo de mostrar que coñezo a súa historia e contar algo. Por que iso o ía prexudicar, agora que acabaron tódalas súas aventuras?

……

Estou a contar mal esta historia? Non produciu o efecto que agardaba.

Os meus compañeiros, como bos aldeáns a quen nada asombra, non se sorprenden por tan pouco.

–Logo era unha voda! –dixo Boujardon.

Delouche vira unha en Préveranges que aínda era máis estraña.

O castelo? Atoparíase, seguro, xente do país que oíra falar diso. A rapaza? Meaulnes casará con ela cando faga o servizo militar.

–Debeu –engade un deles– falarnos diso e amosárno-lo seu plano en lugar de confiarllo a un moinante…!

Enleado no meu fracaso, quero aproveita-la ocasión para excitar a súa curiosidade. E decidinme a explicar quen era aquel bohemio, de onde viña e o seu estraño destino… Boujardon e Delouche non queren oír nada máis.

–É el quen fixo todo. Foi el o que volveu a Meaulnes insociable, Meaulnes que era un compañeiro estupendo! Foi el quen organizou todas esas parvadas de abordaxes, ataques nocturnos despois de militarizarnos a todos coma un batallón escolar…

–Sabes –dixo Jasmin mirando a Boujardon e sacudindo a cabeza con pequenos golpes–, fixen moi ben en denuncialo á policía. É alguén que fixo mal ó país e que o seguiría facendo… !

E ata aquí estou case da súa parte. Todo sería diferente, sen dúbida, se non considerásemo-lo asunto dunha maneira tan misteriosa e tan tráxica. Foi a influencia dese Frantz que botou todo a perder…

Pero de repente, mentres eu estou absorbido nesas reflexións, faise un ruído na tenda. Jasmin Delouche agocha rapidamente a súa botella detrás do bocoi; o gordo Boujardon baixa a tombos do alto da ventá, pon o pé riba dunha botella baleira e poeirenta, que rola e por dúas veces estivo a piques de caer. O pequeno dos Roy empúrraos por detrás para saír máis axiña, medio ancorado de risa.

Sen comprender ben o que pasa, marcho con eles, atravesámo-lo patio e agatuñamos por unha escada ó celeiro de feo. Oio unha voz de muller que nos trata de lacazáns…

–Non crin que volvese tan pronto –dixo Jasmin moi baixo.

Só agora comprendo que nós estabamos alí sen permiso, roubando galletas e licor. Estou decepcionado o mesmo que aquel náufrago que cría que falaba cun home e, de repente, viu que era un mono. Só penso en marchar deste celeiro, anóxanme moito esas aventuras. Ademais vén a noitiña… Fanme pasar por detrás, atravesar dous xardíns e arrodear unha poza. Estou outra vez na rúa mollada, enlamada, que reflicte a luz do café Daniel…

Non estou orgulloso da miña tarde. Velaí estou en Quatre-Routes. De repente, a pesar meu, volvo ver nun recanto unha faciana dura e amiga que me sorrí; un último aceno da man e o coche desapareceu…

Un vento frío fai repenica-la miña camisa, o vento tan tráxico e fermoso deste inverno. Xa todo me parece menos doado. Correntes bruscas de aire atravesan a escasa morneza que bota a estufa na clase grande, onde me agardan para cear. Estou tremelando de frío mentres me berran por andar toda a tarde vagabundeando. E nin sequera teño o consolo de poder ocupar o meu sitio na mesa e de recupera-lo asento habitual, para entrar de novo na regularidade da vida pasada. Esa noite non puxeran a mesa; cada un ceaba nos seus xeonllos, onde podía, na escura sala da clase. Como en silencio a bica cocida na estufa, que se queimou nas arandelas arroxadas, que debe se-la recompensa deste xoves vivido na escola.

Pola noite, só no meu cuarto, déitome moi á présa para afoga-los remorsos que sinto subir dende o fondo da miña tristura. Pero por dúas veces espertei no medio da noite, a primeira vez crendo oír o renxido da cama veciña onde Meaulnes tiña por costume da-la volta bruscamente e, outra vez, o seu paso lixeiro de cazador á espreita, a través dos faiados do fondo…

Capítulo XII

As tres cartas de Meaulnes

En toda a miña vida non recibín máis ca tres cartas de Meaulnes. Aínda as teño na casa nun caixón da cómoda. Cada vez que as volvo ler sinto a mesma tristeza de antano.

A primeira chegoume ós dous días da súa marcha.

> Meu querido François:
>
> Hoxe, ó que cheguei a París, estiven diante da casa indicada. Non vin nada. Non había ninguén. Nunca haberá ninguén.
>
> A casa de que nos falou Frantz é unha mansión con xardín dun só piso. O cuarto da señorita de Galais debe estar no primeiro. As ventás de arriba son as máis ocultas polas árbores. Pero ó pasar pola beirarrúa vense moi ben. Están corridas tódalas cortinas e habería que estar tolo para agardar que un día entre esas cortinas poida aparece-la faciana de Yvonne de Galais.
>
> Está nunha avenida… Chovía un pouco nas árbores xa reverdecidas. Oíanse as campaíñas claras dos tranvías que pasaban continuamente.
>
> Durante case máis de dúas horas, estiven a pasear dun lado noutro debaixo das ventás. Hai unha taberna e parei a beber para non ser sospeitoso como un delincuente que quere dar un mal golpe. Despois volvín poñerme á esculca sen esperanza.
>
> Chegou a noite. As ventás alumáronse un pouco por todas partes pero non nesta casa. Certamente non hai ninguén e, con todo, a Pascua está a chegar.
>
> No momento en que ía marchar unha rapaza ou unha moza –non sei– veuse sentar nun dos bancos mollados pola chuvia. Estaba vestida de negro cun colariño branco. Cando marchei ela quedaba aínda alí, parada, malia o frío do serán,

a esperar non sei que nin a quen. Xas ves que París está cheo de tolos coma min.

Augustin

O tempo pasou. Agardei en van unhas letras de Augustin o luns de Pascua e durante tódolos días que seguiron, días nos que de tan tranquilos que son, despois da axitación da Pascua, parece que non queda máis ca espera-lo verán. Xuño trouxo o tempo dos exames e unha terrible calor, producindo un bafo asfixiante que planaba sobre o país sen que un sopro de vento viñese disipalo. A noite non traía ningún frescor, así que non había descanso a aquel suplicio. Foi durante este insoportable mes de xuño cando recibín a segunda carta do gran Meaulnes.

Xuño 189…

Meu querido amigo:

Esta vez perdín toda esperanza. Seino dende onte á tarde. A dor, que de pronto case non sentira, está a medrar dende entón.

Tódalas tardes ía sentar no banco a espreitar, a reflexionar e, malia todo, a agardar.

Onte despois da cea, a noite era negra e abafante, a xente falaba na beirarrúa debaixo das árbores. Por riba da follaxe negra, verde polas luces, os cuartos dos segundos e terceiros pisos estaban acesos. Aquí e alí unha ventá que o verán abrira de par en par… Víase a lámpada acesa encol da mesa, que apenas eliminaba arredor dela a quente escuridade de xuño; víase case ata o fondo do cuarto… Ah! Se a ventá escura de Yvonne de Galais estivese tamén acesa, eu creo que me atrevería a subi-la escaleira, petar, entrar…

A muller de quen che falei aínda estaba alí, agardando coma min. Pensei que debía coñece-la casa e pregunteille:

–Sei –dixo ela– que antes viñan pasa-las vacacións nesta casa unha rapaza e o seu irmán. Pero seica o irmán fuxiu do castelo de seus pais e nunca o puideron atopar, e a moza casou. Iso explica que a vivenda estea pechada.

Marchei de alí. Ós dez pasos batín cos pés na beirarrúa e houben caer. Á noite –era a noite pasada– cando por fin os nenos e as mulleres calaron nos patios, para deixarme adurmiñar, empecei a oír pasa-los coches de aluguer pola rúa. Pasaban de tarde en tarde. Pero ó meu pesar cando un xa pasara agardaba outro: os chocallos e as pisadas do cabalo que repenicaban no asfalto… E todo isto repetíase: é a cidade deserta, o teu amor perdido, a noite interminable, o verán, a febre…

Seurel, meu amigo, estou moi angustiado.

Augustin

Cartas moi pouco confidenciais aínda que non o pareza! Meaulnes non me dicía nin por que estivera tanto tempo calado, nin o que pensaba facer agora. Tiven a impresión de que rompía comigo xa que a súa aventura acabara, como el rompía co seu pasado. En efecto, aínda que lle escribín, non recibín xa resposta. Unhas letras de felicitación soamente cando saquei o Diploma Elemental. En setembro souben por un compañeiro de escola que viñera de vacacións á casa da súa nai á Ferté-d'Angillon. Pero aquel ano, convidados polo meu tío Florentin do Vieux-Nançay, tivemos que pasa-las vacacións na súa casa. E Meaulnes marchou para París sen que eu puidese velo.

Ó comezo de curso, exactamente a finais de novembro, mentres estaba a preparar con pouco entusiasmo o Diploma Superior, coa esperanza de ser nomeado mestre ó ano seguinte, sen pasar pola Escola Normal de Bourges, recibín a derradeira das tres cartas que me mandou Augustin en toda a miña vida:

Aínda sigo a pasar debaixo desa ventá –escribía–. Agardo aínda sen a menor esperanza, por tolemia. Ó final dos fríos domingos do outono, no momento en que se vai facer noitiña, non podo entrar a pecha-las contras do meu cuarto, sen volver alá abaixo, á rúa xeada.

Son como aquela tola de Sainte-Agathe que a cada intre saía á soleira da porta e miraba, coa man sobre os ollos, cara a La Gare para ver se viña o fillo, que morrera.

Sentado no banco, tremelicando, pobre de min, comprázome en maxinar que alguén me vai coller docemente polo brazo… Volveríame. Sería ela. "Demoreime un pouco", diría simplemente. E tódalas penas e tolemias se escorrentarían. Entramos na nosa casa. As súas peles de abrigo están todas xeadas e o veo da cara mollado; trae con ela o arrecendo da néboa de fóra. E mentres ela se achega ó lume, vexo os seus cabelos louros cubertos de xeada, o seu fermoso perfil nun debuxo moi agradable, inclinado sobre o lume…

Ai! O vidro segue branco polas cortinas que están detrás. E se a rapaza da mansión perdida a abrise, agora xa non tería nada máis que dicirlle.

A nosa aventura rematou. O inverno deste ano está morto como unha tumba. Quizais ó morrermos nós só a morte nos dea a chave, a continuación e o final desta aventura frustrada.

Seurel, o outro día pedinche que pensases en min. Agora pola contra, máis vale esquecerse de min. Máis valería esquecelo todo.

A. M.

E pasou un novo inverno, tan morto coma o anterior fora vivo, cunha vida misteriosa. A praza da igrexa sen faranduleiros, o patio da escola que abandonaban os rapaces ás catro…, a sala da clase onde eu estudaba só e sen gana… En febreiro, por primeira vez no inverno, nevou, soterrando definitivamente a nosa novela de aventuras do ano pasado, embrollando tódalas pistas,

borrando os últimos sinais. E eu esforceime, tal como Meaulnes mo pedirá na última carta, en esquecelo todo.

TERCEIRA PARTE

Capítulo I

O baño

Fumar un pito, botar auga azucrada no pelo para rizalo, bicar nos camiños as rapazas do curso complementario e berrar "A pola touca!" detrás dunha sebe para burlarse da monxa que pasa, eran as diversións de tódolos rapazolos da vila. Ademais, os mozos de vinte anos desta especie poden moi ben corrixirse e ás veces chegan a ser rapaces ben sensibles. O caso é máis grave cando o rapazolo en cuestión ten xa cara de vello, murcha, cando anda en lerias escuras de mulleres da vila, cando di mil parvadas de Gilberte Poquelin para facer rir ós outros. Pero, en fin, o asunto non é aínda desesperado…

Este era o caso de Jasmin Delouche. Seguía, non sei por que, certamente sen ningún desexo de aproba-los exames, asistindo á clase superior, onde todo o mundo lle agradecería que a deixase. E ó mesmo tempo aprendía co seu tío Dumas o oficio de escaiolista. E ese Jasmin Delouche, Boujardon e outro rapaz moi tranquilo, fillo do tenente-alcalde, que se chamaba Denis, foron deseguida os únicos alumnos maiores cos que me gustaba andar, porque eran "do tempo de Meaulnes".

Por outra parte, había en Delouche un desexo moi sincero de se-lo meu amigo. Para dicilo todo, el, que fora o inimigo do gran Meaulnes, quixo chegar a se-lo gran Meaulnes da escola; polo menos, quizais lamentase non ter sido o seu lugartenente. Menos pesado que Boujardon, creo que se dera conta de todo o extraordinario que Meaulnes trouxera á nosa vida. E a miúdo oíalle dicir:

–Dicíao ben o gran Meaulnes… –ou tamén–: Ah! dicía o gran Meaulnes…

Ademais de que Jasmin era máis home ca nós, o revello do rapaz dispoñía dunha chea de diversións que consagraban a súa superioridade sobre a nosa. Tiña un can de raza cruzada de pelame branco, que respondía ó irritante nome de Bécali e traía

as pedras que lle guindaban lonxe; sen ter aptitudes ben definidas para ningún outro deporte, andaba nunha bicicleta vella mercada de ocasión e na que algunhas veces nos deixaba subir polo serán, despois das clases, aínda que prefería adestrar con ela as rapazas da vila. En fin, Jasmin tiña, sobre todo, un burro branco e cego que podía xunguirse a calquera vehículo.

O burro era de Dumas pero prestáballo a Jasmin cando nos iamos bañar ó Cher, no verán. A súa nai dábanos, con este motivo, unha botella de limoada que metiamos debaixo do asento entre os bañadores secos. E marchabamos oito ou dez alumnos maiores da escola, acompañados do señor Seurel, uns a pé e outros subidos no coche do burro, que deixabamos na casa de Grand'Fons cando o camiño do Cher se facía demasiado embarrancado.

Teño razóns para recordar ata os menores detalles dun paseo deste tipo, no que o burro de Jasmin levou ó Cher os nosos bañadores, as nosas bolsas, as limoadas e o señor Seurel, mentres nós seguiamos detrás a pé. Estabamos no mes de agosto. Acababamos de examinarnos. Libres desta preocupación, parecíanos que todo o verán e toda a felicidade nos pertencían, e andabamos pola estrada cantando, sen saber que nin por que, ó comezar unha bonita tarde de xoves.

Á ida non houbo máis ca unha sombra neste cadro inocente. Vimos a Gilberte Poquelin andando diante nosa. Tiña a cintura ben axustada, unha saia polo medio da perna, zapatos altos, o aspecto doce e descarado dunha rapaza que se fai muller. Deixou a estrada e colleu un camiño desviado, sen dúbida para ir buscar leite. Logo o pequeno Coffin propúxolle a Jasmin que a seguise.

–Non será a primeira vez que a vaia abrazar… –dixo o outro.

E púxose a contar unhas historias picantes dela e das súas amigas, mentres que toda a tropa, por fachendear, se metía polo camiño, deixando o señor Seurel seguir adiante pola estrada no carro do burro. Unha vez alí, a banda empezou a espallarse. O

mesmo Delouche parecía pouco animado a meterse diante nosa cunha rapaza que pasaba á présa, e só se achegou a ela a máis de cincuenta metros de distancia. Houbo algúns gritos de galos e de galiñas, esporádicos asubíos galantes, logo volvemos collelo camiño un pouco anoxados, abandonando a partida. Tivemos que correr pola estrada a pleno sol. Xa non cantabamos.

Espímonos e vestímonos nos áridos salgueirais que abeiran o Cher. Os salgueiros tapábannos das olladas, pero non o sol. Cos pés na area e na lama reseca, non pensabamos máis ca na botella de limoada da viúva Delouche, que refrescaba na fonte de Grand'Fons, unha fonte cavada á mesma beira do Cher. No fondo, había sempre herbas azuladas e dous ou tres bechos parecidos a cochinillas; pero a auga estaba tan clara, tan transparente que os pescadores non dubidaban en axeonllarse para beber alí coas dúas mans sobre as dúas beiras.

Lamentablemente, aquel día foi como outras veces… Cando, xa todos vestidos, nos sentabamos ó redor coas pernas cruzadas para reparti-la limoada fresca en dous vasos grandes, despois de ofrecerlle ó señor Seurel que bebese a súa parte, apenas quedaba para nós máis ca un pouco de escuma que nos picaba na gorxa e o que facía era provoca-la sede. Entón, iamos en quendas á fonte que antes desprezaramos, e amodiño achegabamos a cara á superficie da auga pura. Pero non todos estaban afeitos a estes costumes de homes de aldea. Moitos, coma min, non daban apagado a sede: uns porque non lles gustaba a auga, outros porque tiñan a gorxa apertada por medo a tragar unha cochinilla, outros, enganados pola clara transparencia da auga inmóbil e sen saber calcular ben a superficie, mollaban media cara ó mesmo tempo cá boca e metían polo nariz con moito desagrado unha auga que lles parecía fervendo, outros, en fin, por todas estas razóns á vez… Non importa! Nestas ribeiras áridas do Cher, parecíanos que toda a frescura da terra estaba encerrada nese lugar. E aínda agora, só con escoita-la palabra fonte, pronunciada en calquera lugar, é naquela na que penso durante longo tempo.

A volta fixémola á tardiña, despreocupadamente no inicio, o mesmo cá ida. O camiño de Grand'Fons á estrada era un regato no inverno e no verán un barranco intransitable, cheo de fochancas e de raíces grosas, que subía pola sombra entre longas ringleiras de árbores. Unha parte dos bañistas, como brincadeira, meteuse por alí. Pero nós, Jasmin e varios compañeiros, seguimos co señor Seurel un carreiro suave e areoso, paralelo a aquel que abeiraba a terra veciña. Oïamos parolar e rir os outros preto de nós, debaixo nosa, invisibles na sombra, mentres que Delouche contaba as súas historias de home… No cumio das árbores da longa ringleira fungaban os insectos nocturnos, que se vían remover ó redor do encaixe da follaxe na claridade do ceo. Ás veces, un deles descendía rolando e de repente oíase o zunido que facía. Bonita noite calma de verán…! Retorno, sen esperanza pero sen desexo, dun simple paseo polo campo… E outra vez foi Jasmin, sen querer, o que veu turbar esta tranquilidade…

No momento en que chegabamos ó alto do cumio, ó lugar onde quedan dúas grandes pedras vellas que disque son restos dunha fortaleza, púxose a falar de mansións que coñecía e, especialmente, dunha mansión medio abandonada nos arredores do Vieux-Nançay: a mansión de Sablonnières. Con ese acento de Allier que redondea con fachenda algunhas palabras e corta outras con moita aquela, contaba ter visto anos atrás, na capela en ruínas desa vella leira, unha tumba sobre a que estaban gravadas estas palabras:

Aquí xaz o cabaleiro de Galois
Fidel ó seu Deus, ó seu rei, á súa dama

–Ah! Vaia, vaia! –dicía o señor Seurel, erguendo un pouco os ombros, un pouco anoxado polo ton que tomaba a conversa, pero contento no entanto de deixarnos falar como homes.

Entón Jasmin continuou describindo o castelo, coma se pasase alí a vida.

Varias veces, ó volver do Vieux-Nançay, a Dumas e mais a el intrigábaos a vella torre gris que se enxergaba por riba dos abetos. Alí no medio do monte había todo un labirinto de edificios ruinosos que se podían visitar cando os donos non estaban. Un día un garda do lugar, a quen convidaran a subir no seu carro, leváraos á estraña mansión. Pero dende entón fixeran derrubar todo; non quedaba máis, dicíase, que a granxa e unha casiña de recreo. Os habitantes seguían sendo os mesmos: un vello oficial retirado, medio arruinado e a súa filla.

El falaba… falaba… Eu escoitaba atentamente, sentindo, sen me dar conta, que alí se trataba dun asunto ben coñecido por min, cando, de repente, de forma moi simple, coma se fan as cousas extraordinarias, Jasmin volveuse cara a min e, tocándome no brazo, asaltado por unha idea que nunca tivera, dixo:

–Anda! pero, agora que o penso, foi alí onde Meaulnes… Acórdaste, o gran Meaulnes?, debeu ir. Está claro –engadiu pois eu non respondín–, e acórdome de que o garda falaba do fillo da casa, un excéntrico que tiña ideas extraordinarias…

Xa non o escoitaba, convencido dende o comezo de que efectivamente o adiviñara e que diante de min, lonxe de Meaulnes, lonxe de toda esperanza, acababa de abrirse, claro e doado como un vieiro coñecido, o camiño da mansión sen nome.

Capítulo II

Na casa de Florentin

Eu que antes fora un neno tristeiro, soñador e ensimesmado, cando me dei conta de que o desenlace daquela dramática aventura dependía de min, volvinme disposto e, como din na miña terra, "decidido".

Coido estar no certo se digo que foi aquela tarde cando o meu xeonllo deixou definitivamente de doerme.

En Le Vieux-Nançay, que era o concello ó que pertencía a mansión de Sablonnières, vivía toda a familia do señor Seurel, en particular o meu tío Florentin, un comerciante, na casa do que algunhas veces pasabamos uns días, a finais de setembro.

Liberado de tódolos exames, non quixen agardar e deixáronme ir inmediatamente visita-lo meu tío. Decidín non dicirlle nada a Meaulnes en tanto non estivese seguro de poderlle anunciar algunha boa noticia. Para que sacalo da súa desesperación, se logo volvería afundilo, máis fondo quizais?

Le Vieux-Nançay foi durante moito tempo o meu lugar preferido no mundo, o país do final das vacacións, onde nós iamos só poucas veces, cando atopabamos un coche de aluguer que nos levase. Tempo atrás houbera desavinzas coa rama da familia que vivía alí abaixo e, sen dúbida, por iso Millie se facía tanto de rogar, cada vez, para montar no coche. Pero a min, ben me importaban aquelas liortas…! Nada máis chegar, perdíame pola fraga, divertíame indo dun lado noutro entre tíos, curmás e curmáns, nunha vida feita de mil ocupacións alegres e de praceres que me encantaban.

Baixabamos na casa do tío Florentin e da tía Xulia, que tiñan un fillo da miña idade, o primo Firmin, e oito fillas; as maiores, Marie-Louise e Charlotte podían ter dezasete e quince anos. Tiñan un gran comercio nunha das entradas desa vila da Sologne, diante da igrexa, unha tenda mixta onde mercaban tó-

dolos cazadores donos das quintas da rexión, illadas na perdida comarca, a trinta quilómetros de calquera estación.

Este comercio, de ultramarinos e de tecidos, tiña moitas ventás á estrada e daba ao grande adro pola porta vidrada. Pero, cousa estraña, aínda que bastante normal neste país pobre, toda a tenda tiña o chan de terra pisada.

Na parte de atrás había seis cuartos, cada un cheo dunha mercadoría: o cuarto dos sombreiros, o cuarto de xardinería, o cuarto das lámpadas… que sei eu? Cando era neno e atravesaba ese labirinto de cousas de bazar, parecíame que non me cansaría nunca de mirar todas aquelas marabillas. E aínda naquela época, parecíame que non tiña verdadeiras vacacións se non as pasaba nese lugar.

A familia facía a vida nunha cociña grande que tiña unha porta que daba á tenda; lugar onde a finais de setembro brillaban grandes labaradas na cheminea, onde viñan pola mañanciña os cazadores e os furtivos, que lle vendían a caza a Florentin, a que lles servisen de beber, mentres as rapazas, xa levantadas, corrían, berraban, botábanse unhas ás outras colonia no cabelo peiteado. Nas paredes había fotografías vellas e amarelas de antigos *grupos escolares*, nas que estaba o meu pai –tardaba moito en recoñecelo con uniforme– no medio dos seus compañeiros da Escola Normal…

Era alí onde se pasaban as nosas mañás; e tamén no patio onde Florentin cultivaba dalias e criaba galiñas de Guinea, onde se torraba o café, sentados en caixas de xabón; onde nós desembalabamos caixas cheas de diferentes cousas envoltas coidadosamente e das que non sempre sabiámo-lo nome…

Todo o día, a tenda estaba invadida por labregos ou por cocheiros das quintas veciñas. Nas brétemas de setembro, as carretas que viñan do fondo da aldea detíñanse e secábanse na porta vidrada. E, dende a cociña, nós escoitabámo-lo que falaban os paisanos, curiosos por tódalas súas historias…

Pero ó serán, despois das oito, cando á luz dos candís lles levaban o feo ós cabalos, que tiñan a pel fumegando na corte, toda a tenda era para nós!

Marie-Louise, que era a máis vella das miñas curmás, aínda que unha das máis pequenas, acababa de dobrar e de coloca-las moreas de tecidos na tenda e animábanos a que fósemos distraela. Entón Firmin e mais eu metiámonos con tódalas rapazas na gran tenda por debaixo das lámpadas da pousada, dando voltas ós muíños de café, facendo competicións de forza nos mostradores e, ás veces, Firmin ía buscar ó faiado algún trombón vello cheo de acebre, pois a terra pisada invitaba a bailar…

Aínda me poño colorado pensando que anos atrás a señorita de Galais puidese ter chegado naquel momento e sorprendernos metidos nesas brincadeiras… Mais, foi un pouco antes da caída da noite, un serán deste mes de agosto, mentres eu falaba tranquilamente con Marie-Louise e con Firmin, cando a vin por primeira vez…

Dende o serán da miña chegada a Le Vieux-Nançay xa lle preguntara ó meu tío Firmin pola mansión de Sablonnières.

–Non é unha mansión –dixera–. Venderon todo, e os compradores, uns cazadores, derrubaron os edificios vellos para agranda-los seus terreos de caza; o patio de entrada xa non é máis ca un campo de uces e de xestas. Os antigos donos só quedaron cunha casiña pequena dun piso e coa granxa. Terás oportunidade de ver aquí a señorita de Galais; ela mesma vén facelas compras, tanto a cabalo coma en coche, pero sempre co mesmo cabalo, o vello Bélisaire… É un curioso conxunto!

Estaba tan aloulado que non sabía xa que pregunta facerlle para saber máis.

–Pero, eran ricos, non?

–Si. O señor de Galais daba festas para divertir o seu fillo, un rapaz raro, cheo de ideas fantásticas. Para distraelo imaxinaba o que podía. Traía parisienses… rapaces de París e doutras partes…

»Todos os Sablonnières estaban na ruína, a señora de Galais preto da morte, e eles aínda trataban de divertila e consentíanlle tódalas súas fantasías. Foi no inverno pasado, non, no outro in-

verno, cando fixeron a festa máis grande de máscaras. Convidaran a metade da xente de París e a metade da xente da aldea. Compraran e alugaran cantidades de traxes marabillosos, xogos, cabalos, barcos. Todo para distraer a Frantz de Galais. Dicíase que ía casar e que alí celebrarían a voda. Pero era demasiado novo. E todo se rompeu de golpe; el salvouse; nunca se volveu ver… Morta a dona da mansión, a señorita de Galais quedou completamente soa de repente co seu pai, o vello capitán de navío.

–Non está casada? –preguntei por fin.

–Non –dixo–, non oín falar nada. Non serás ti un pretendente?

Moi desconcertado, confeseille tan breve, tan discretamente como era posible, que o meu mellor amigo, Augustin Meaulnes, quizais fose un.

–Ah! –dixo Florentin sorrindo–, se non vai polos cartos é un bonito partido… Cumprirá que lle fale ó señor de Galais? Aínda vén algunhas veces ata aquí buscar perdigóns para cazar. Sempre o convido a proba-la miña augardente anella.

Pero eu pregueille deseguida que non lle dixese nada, que agardase. E nin eu mesmo me apurei a dicirllo a Meaulnes. Tantas casualidades agradables xuntas inquietábanme un pouco. E esta inquietude impoñíame que non dixese nada a Meaulnes ata que, polo menos, non vise a rapaza.

Non agardei moito tempo. Ó día seguinte, un pouco antes da cea, cando empezaba a escurecer e unha bruma fresca máis ben de setembro ca de agosto baixaba coa noite, Firmin e mais eu, nun momento que vimos a tenda baleira de compradores, viñeramos ver a Marie-Louise e a Charlotte. Eu xa lle confiara o segredo que me levara ó Vieux-Nançay naquela data anticipada. Apoiados no mostrador e sentados coas dúas mans sobre a madeira vernizada, contabámono-lo que sabiamos da misteriosa rapaza, e iso resumíase en ben pouca cousa; cando un ruído de rodas nos fixo vira-la cabeza.

–Velaí está, é ela –dixeron baixiño.

Uns segundos despois, diante da porta vidrada, detíñase a estraña carruaxe. Era un coche vello de granxa, con paneis redondeados e pequenas galerías moldeadas, como nunca viramos outro nesta comarca; levábao un cabalo branco vello que parecía querer rumiar sempre algunha herba do camiño de tanto como baixaba a cabeza para andar; e no pescante, dígoo na simpleza do meu corazón, pero sabendo ben o que digo, a rapaza máis bonita que houbese, quizais, no mundo.

Nunca vin tanta graza unida a tanta seriedade. O traxe facíalle a cintura tan estreita, que parecía fráxil. Levaba sobre os ombros un longo abrigo marrón, que quitou ó entrar. Era a máis seria das rapazas, a máis delicada das mulleres. Un cabelo espeso e louro caíalle por riba da fronte e da cara, debuxada con delicadeza e modelada con finura. Na súa pel limpísima o verán pousara dúas pencas… Eu só notei un defecto en tanta fermosura; nos momentos de tristura, de desalento ou só de fonda reflexión, esta faciana tan pura xaspeaba lixeiramente de vermello, como lles pasa a algúns doentes dunha grave enfermidade que ninguén coñece. Entón, toda a admiración do que a miraba cambiaba nunha especie de mágoa, tanto máis desoladora polo abraio anterior.

Velaí, polo menos, o que eu descubrín mentres ela baixaba amodo do coche e Marie-Louise me comprometía a falarlle á rapaza, presentándoma con naturalidade.

Trouxéronlle unha cadeira vernizada e sentou pegada ó mostrador; nós permanecemos de pé. Parecía coñecer ben a tenda e gustarlle. Avisada decontado, veu a miña tía Xulia, e o tempo que ela falou atinadamente, coas mans cruzadas sobre a barriga, levantando con suavidade a súa cabeza de labrega-comerciante cuberta cun gorro branco, atrasou o momento –que me facía tremer un pouco– en que a conversa se dirixiría a min…

Foi moi simple.

–Así que –dixo a señorita de Galais– axiña vai ser mestre?

A miña tía alumaba por riba das nosas cabezas coa lámpada de porcelana, que daba pouca luz á tenda. Vía a doce cara infantil da rapaza, os seus ollos azuis, tan inxenuos, e estaba aínda máis sorprendido da súa voz tan clara e tan seria. Cando deixaba de falar os seus ollos fixábanse noutra parte, non se movían agardando a resposta, e mordía algo un beizo.

–Eu tamén ensinaría –dixo ela–, se o señor de Galais quixese! Aprenderíalles ós pequenos, como vosa nai…

E sorriu, dándome a entender que os meus curmáns lle falaran de min.

–É que os aldeáns –continuou– son sempre tan educados, tan doces e servizais comigo… Eu quéroos moito. Pero, que mérito teño eu por querelos…? En cambio, coa mestra son mexeriqueiros e cutres, a que si? Hai moitas historias de portaplumas perdidos, de cadernos demasiado caros ou de nenos que non aprenden… Pois ben, eu discutiría con eles e habíanme querer igual. Sería moito máis difícil…

E, sen sorrir, volveu colle-la súa pose soñadora e infantil, a súa ollada azul, inmóbil.

Nó-los tres estabamos incómodos por esa confianza para falar de cousas delicadas, do que é un segredo sutil, do que só se fala ben nos libros. Houbo un intre de silencio, e foise trabando unha conversa devagar…

Pero, cunha especie de pena e de resentimento contra non sei que cousa misteriosa da súa vida, a rapaza seguiu:

–E ademais aprendería ós rapaces a seren axuizados, cunha sabedoría que eu coñezo. Non fomentaría neles a gana de correr mundo, como fará vostede, sen dúbida, señor Seurel, cando sexa mestre. Aprenderíalles a encontra-la felicidade que está moi preto deles e que non parece…

Marie-Louise e Firmin estaban tan confundidos coma min. Ficamos sen dicir palabra. Ela notou o noso desconcerto e calou, mordeu o labio, baixou a cabeza e logo sorriu como se se burlase de nós:

–Así que –dixo ela– hai quizais algún gran rapaz tolo que me busca no cabo do mundo, mentres eu estou aquí na tenda da señora Florentina debaixo desta lámpada e o meu cabalo vello agarda na porta. Se ese mozo me vise, sen dúbida, non o querería crer…

Ó vela sorrir, agarroume a audacia e sentín que era o momento de dicir, rindo tamén:

–Coñezo eu, quizais, ese gran rapaz tolo?

Ela miroume con viveza.

Nese momento o timbre da porta soou e dúas mulleriñas entraron con cestos:

–Vinde para o comedor, estaredes tranquilos –díxonos a miña tía puxando pola porta da cociña.

E como a señorita de Galais dicía que non, que quería marchar deseguida, a miña tía engadiu:

–O señor de Galais está aquí falando con Florentin a carón do lume.

Mesmo no mes de agosto seguía habendo na enorme cociña un feixe de leña de piñeiro que ardía e estalaba. Alí tamén estaba acesa unha lámpada de porcelana, e un vello de doce cara engurrada e afeitada, case sempre silencioso, coma un home acabado pola idade e as lembranzas, estaba sentado ó lado de Florentin diante de dous vasos de augardente.

Florentin saudou:

–François! –berrou coa súa voz forte de vendedor de feira, coma se houbese entre nós un río ou varios ferrados de terreo–, acabo de organizar unha tarde de excursión á beira do Cher para o xoves que vén. Uns cazarán, outros pescarán, outros bailarán e outros bañaranse… Señorita, vostede virá a cabalo; xa o falei co señor de Galais. Eu arranxarei todo. E François –engadiu coma se só pensase niso–, poderás traer o teu amigo, o señor Meaulnes… É así, Meaulnes, como se chama?

A señorita de Galais levantárase e de repente púxose moi pálida. E nese preciso momento acordeime de que tempo atrás

Meaulnes, na estraña mansión, lle dixera o seu nome preto do estanque…

Cando ela me tendeu a man ó marcharen, existía entre nós, con máis claridade que se nos dixeramos moitas palabras, un acordo secreto que só a morte debía romper e unha amizade máis patética ca un grande amor.

… Ás catro da mañá do día seguinte, Firmin bateu na porta do meu cuartiño, que estaba no patio das galiñas de Guinea. Aínda era de noite e custoume traballo atopa-las miñas cousas riba da mesa, chea de candelabros de cobre e de figuriñas novas de santos, collidos na tenda para adorna-lo cuarto a véspera de chegar eu. Oía a Firmin inchando a miña bicicleta e á miña tía na cociña soprando o lume. Apenas saía o sol cando marchei. Pero a miña xornada ía ser longa. Primeiro tiña que almorzar en Sainte-Agathe para explica-la miña ausencia prolongada e, seguindo o meu camiño, debía chegar antes do serán á Ferté-d'Angilon, á casa do meu amigo Augustin Meaulnes.

Capítulo III

Unha aparición

Nunca fixera percorridos longos en bicicleta. Aquel era o primeiro. Pero dende había moito tempo, a pesar do meu xeonllo enfermo, Jasmin ensinárame a montar ás agachadas. Se xa para un rapaz normal a bicicleta é un aparello tan divertido, o que non había parecer a un pobre rapaz coma min, que hai pouco aínda arrastraba penosamente a perna, mollado de suor dende os catro quilómetros…! Baixar do alto das costas e meterse nas fonduras da paisaxe; descubrir dende o aire que as distancias do camiño se abren e florecen ó achegarse, atravesar unha aldea no tempo dun segundo e abranguela toda enteira dunha ollada… Só en soños coñecera unha carreira tan marabillosa, tan lixeira. Mesmo nas costas me encontraba cheo de ánimo. Porque era, hai que dicilo, o camiño da terra de Meaulnes o que eu engulía así…

–Un pouco antes da entrada da vila –dicíame Meaulnes, cando tempo atrás describía a súa aldea–, vese un muíño de madeira que fai xira-lo vento…

El non sabía para que servía, ou quizais finxía non saber nada para pica-la miña curiosidade anticipadamente.

Foi, unicamente, no devalo desta xornada de finais de agosto cando vin, xirando ó vento nun campo enorme, a gran roda que debía leva-la auga para unha granxa veciña. Detrás dos bidueiros dun herbal, descubríanse as primeiras barriadas. A medida que subía a longa volta que daba a estrada para abeirar un regato, a paisaxe expandíase, abríase… Ó chegar á ponte, descubrín por fin a rúa principal da vila.

Unhas vacas pacían ocultas polas canaveiras do prado, oíalle-los chocallos mentres miraba o lugar, baixado da bicicleta, coas dúas mans no guiador, onde ía levar unha noticia tan importante. As casas, que tiñan unha portiña de madeira de entrada, estaban todas aliñadas á beira dunha gabia que baixaba

pola rúa, como outras tantas barcas coas velas repregadas, amarradas na calma do serán. Era a hora de prende-lo lume na cociña.

Entón, o temor e eu non sei que escura tristeza de vir turbar tanta paz empezaron a sacarme todo o valor. E a punto de agrava-la miña repentina febleza, acordeime de que a tía Moinel vivía alí, nunha praciña da Ferté-d'Angilon.

Era unha das miñas tías-avoas. Tódolos seus fillos morreran, eu coñecera ben a Ernest, o derradeiro, un gran rapaz que ía para mestre. O meu tío-avó Moinel, o vello escribán, axiña o seguira. E a miña tía quedara completamente soa na súa curiosa casiña, onde as alfombras estaban feitas de mostras cosidas de retallos, as mesas cubertas de galos, galiñas e de gatos de papel e as paredes tapizadas con diplomas vellos, retratos de defuntos e medallóns con rizos de pelos dos mortos.

Malia a tantas penas e tanto loito, era a singularidade e o bo humor en persoa. Cando descubrín a praciña onde estaba a súa casa, chameina ben forte pola porta entreaberta e oína dar un berriño moi agudo no fondo de tres cuartos que estaban en fila:

–Xa vou! Meu Deus!

Tirou o café polo lume –a aquela hora como podía ela facer café?– e apareceu… Moi encurvada por detrás, levaba unha especie de sombreiro-capota-touca na parte alta da cabeza, no alto da súa fronte inmensa e engurrada, semellante a unha muller mongol e hotentote, e ría a golpiños, amosando o que lle quedaba dos seus dentes moi finos.

Pero mentres a bicaba, ela colleume torpe e apresuradamente unha man que tiña detrás do lombo e, cun misterio totalmente innecesario xa que estabámo-los dous sós, meteume na man unha moediña, que non me atrevín a mirar e que debía ser un franco… Logo, como poñía cara de pedir explicacións ou de agradecerllo, deume un empurrón berrando:

–Vamos, ho! Ah! Eu ben sei o que é! –Ela sempre fora pobre, sempre pedindo emprestado, sempre gastando–. Sempre

fun parva e desgraciada –dicía sen amargura pero cunha voz de falsete.

Convencida de que as moedas me preocupaban como a ela, a boa da muller non agardaba que eu falase para meterme na man a súa escasísima economía cotiá. Foi sempre así como me recibiu.

A cea foi tamén estraña –á vez triste e rara– como fora o recibimento. Sempre cunha candea preto da man, levantábaa tanto, deixándome á sombra, como a pousaba na mesiña cuberta de pratos e de xerros esportelados e fendidos.

–A este –dicía ela–, os prusianos rompéronlle as asas no setenta, porque non podían levalo.

Daquela, volvendo a ver ese gran xerro de tráxica historia, recordei que xa cearamos e durmiramos alí había anos. Meu pai levárame a Yonne, á consulta dun especialista a cura-lo meu xeonllo. Debiamos coller un expreso que pasaba antes do amencer… Lembrei a triste cea de antano e tódalas historias do vello escribán, apoiado cos cóbados diante da súa botella de bebida rosa.

E acordáronseme tamén os meus terrores… Despois da cea a miña tía-avoa, sentada diante do lume, collera a meu pai á parte para contarlle unha historia de defuntos: "Volvo… Ah!, meu pobre Luís, e que vexo, unha mulleriña gris…" Dicíase que tiña a cabeza acugulada de historias terroríficas.

E velaí que aquel serán, despois de acabármo-la cea, cando me fun deitar no cuarto grande, cun camisón de cadros do tío Moinel, esgotado pola bicicleta, veuse sentar na miña cabeceira e comezou a dicir coa voz máis misteriosa e máis aguda:

–Meu pobre François!, téñoche que contar a ti o que nunca lle dixen a ninguén…

Eu pensei: "Estache bo o asunto! Botarei aterrorizado toda a noite como hai dez anos!"

E escoitei. Movía a cabeza mirando fixo diante súa coma se contase a historia para ela mesma.

–Volvía dunha festa con Moinel. Era a primeira voda á que iámo-los dous dende a morte do noso pobre Ernest; alí atopei

a miña irmá Adela, á que non vía dende había catro anos! Un vello amigo de Moinel, moi rico, invitárao á voda do seu fillo, na mansión de Sablonnières. Alugaramos un coche. Aquilo custáranos ben caro. Volviamos contra as sete da mañá pola estrada, en pleno inverno. Estaba a saí-lo sol. Non había absolutamente ninguén. Que é o que vexo de repente diante nosa, na estrada? Un homiño, un mociño parado, bonito como o día, que non se movía, que nos miraba vir. A medida que nos achegabamos, distinguiámo-la súa fermosa cara, tan branca, tan bonita que daba medo…

»Agarrei o brazo de Moinel pois tremía coma unha folla; cría que era o bo Deus…! Díxenlle:

»–Mira! É unha aparición!

»Respondeume enfurecido, moi baixiño:

»–Xa o vin! Cala dunha vez, vella lareteira…!

»–Non sabía que facer, cando o cabalo parou… De preto, aquilo tiña unha cara pálida, a fronte suando, levaba un gorro sucio e un pantalón longo. Oímo-la súa doce voz que dicía:

»–Non son un home, son unha rapaza. Escapei e xa non podo máis. Poderían levarme no seu coche, señor e señora?

Fixémola subir deseguida. Nada máis se sentou, perdeu o coñecemento. E adiviña ti a quen axudaramos? Era a noiva do rapaz de Sablonnières, Frantz de Galais, na casa do que estiveramos convidados á voda!

–Pero non houbo voda –dixen eu–, se a noiva fuxiu!

–Claro que non –dixo ela moi confusa mirándome–. Non houbo casamento. Porque a aquela pobre tola se lle meteran na cabeza mil toleadas, que nos contou. Era unha das fillas dun pobre tecelán. Estaba convencida de que tanta felicidade era imposible; que o rapaz era demasiado novo para ela; que tódalas marabillas que el lle describía eran imaxinarias, e cando por fin Frantz a veu buscar, Valentina colleu medo. Paseábase con ela e coa súa irmá polo xardín do arcebispo en Bourges, malia o frío e o vento forte. O rapaz seguramente por delicadeza e porque amaba a pequena, tiña moitas atencións coa maior. Entón

a miña tola imaxinou non sei que. Dixo que ía buscar un pano á casa, e alí, para estar segura de que non a seguirían, vestiu a roupa dun home e fuxiu a pé pola estrada de París. O seu noivo recibiu unha carta dela na que lle dicía que se ía reunir cun mozo que amaba. E non era certo…

»–Estou máis contenta do meu sacrificio –dicíame ela– ca se fose a súa muller.

»Si, miña parva, pero mentres tanto el non tiña en absoluto a idea de casar coa súa irmá. El disparouse un tiro de pistola; viuse o sangue no monte pero nunca se atopou o seu corpo.

–E que fixestes con esa desgraciada rapaza?

–Primeiro fixémoslle beber algo. Logo, démoslle de comer e durmiu onda o lume cando chegamos de volta. Permaneceu na nosa casa unha boa parte do inverno. Todo o día, mentres había luz, cortaba, cosía vestidos, arranxaba sombreiros e limpaba a casa con azos. Foi ela quen encolou toda a tapicería que ves aí. E dende a súa estadía as andoriñas aniñan fóra. Pero ó serán, á caída da noite, rematado o seu labor, sempre encontraba un pretexto para ir ó patio, ó xardín ou diante da soleira da porta, mesmo cando xeaba que fendía as pedras. E descubriámola alí, de pé, chorando a todo chorar.

»–Pero logo! Que tes agora? Vamos ver?

»–Nada, señora Moinel!

»E entraba.

»Os veciños dicíanlle: "Señora Moinel, encontrou unha criadiña ben bonita!"

»Malia as nosas súplicas, no mes de marzo quixo seguilo seu camiño a París. Deille uns vestidos que arranxou para ela; Moinel sacoulle o billete na estación e deulle algo de diñeiro.

»Non nos esqueceu; está de costureira en París preto de Notre-Dame. Aínda nos escribe para preguntarnos se non sabemos nada dos de Sablonnières. Unha vez, para liberala desta idea, contesteille que se vendera a mansión, que a derrubaran, que o rapaz desaparecera para sempre e a rapaza casara. Todo

isto debe ser certo, creo. Dende aquela vez a miña Valentina escribe con moita menos frecuencia…

Non era unha historia de defuntos o que contaba a tía Moinel coa súa voceciña estridente e tan adecuada para contalas. Con todo, eu estaba ó límite de enfermar. Xurarámoslle a Frantz, o faranduleiro, axudalo como irmáns e velaí que a ocasión se presentaba…

Agora ben, era este o momento de enfastia-la alegría que lle ía levar a Meaulnes ó día seguinte pola mañá dicíndolle o que acababa de saber? Para que metelo nun asunto mil veces imposible? Certamente tiñámo-lo enderezo da rapaza, pero onde ir buscar o faranduleiro que corría mundo…? Deixemos os tolos cos tolos, pensei. Delouche e Boujardon non se equivocaran. Que mal nos fixo ese novelesco Frantz! E decidín non dicir nada mentres non vise casados a Augustin Meaulnes e a señorita de Galais.

Tomada esta decisión, aínda me quedaba a penosa impresión dun mal agoiro, impresión absurda que axiña escorrentei.

A candea estaba case na fin, un mosquito zumbaba, pero a tía Moinel coa cabeza inclinada debaixo da capota de veludo, que non sacaba máis que para durmir, cos cóbados apoiados nos seus xeonllos, volvía empeza-la súa historia… De vez en cando levantaba repentinamente a cabeza e ollábame para sabelas miñas impresións, ou quizais para ver se eu non adormecía. Ó fin, disimulando, coa cabeza na almofada pechei os ollos facendo como que durmía.

–Vamos! Ti dormes… –dixo nun ton máis apagado e un pouco decepcionado.

Deume mágoa e contestei:

–Non, que vou durmir, tía! Asegúroche…

–Claro que si! –dixo–. Ademais comprendo ben que todo isto pouco che interesa. Estouche a falar de xente que non coñeciches…

E covardemente esta vez non respondín.

Capítulo IV

A gran noticia

Ó día seguinte pola mañá, cando cheguei á rúa facía un tempo tan bo de vacacións, ía tan calmo e, sobre todo, había ruídos tan apracibles e tan familiares pola vila, que recuperei toda a alegre confianza dun portador de boas noticias…

Augustin e maila súa nai vivían nunha antiga casa de escola. Ó morrer seu pai, retirado dende había moito tempo, enriquecido por unha herdade, Meaulnes quixo que comprasen a escola na que o vello mestre ensinara durante vinte anos e onde el aprendera a ler. Non porque tivese unha aparencia demasiado agradable: era un casarío cadrado coma unha casa do concello, que fora antano. As ventás do piso baixo que daban á rúa eran tan altas que ninguén miraba nunca por elas, e o patio de atrás, que non tiña unha soa árbore nin vistas á campiña, ocultada por un alto alpendre, era o patio de escola abandonada máis árido e máis desolado que vira nunca…

Nun complicado corredor ó que daban catro portas, atopei a nai de Meaulnes cunha boa morea de roupa que traía do xardín e que debera poñer a secar a primeiras horas desa longa mañá de vacacións. Tiña os cabelos grises algo revoltos; caíanlle uns guedellos pola cara. Debaixo da súa touca anticuada, a faciana de formas regulares estaba inchada e fatigada como despois dunha noite sen durmir; e baixaba tristemente a cabeza cun aspecto soñador.

Mais, ó verme de repente, recoñeceume e sorriu:

–Chegas a tempo –dixo–. Mira, traio a roupa que puxen a secar para a partida de Augustin. Pasei a noite facendo as súas contas e preparándolle as cousas. O tren sae ás cinco, pero darémolo arranxado todo…

Amosaba tanta seguridade que se diría que ela mesma tomara esa decisión. Ademais, sen dúbida, descoñecía onde iría Meaulnes.

–Sube –dixo–, atoparalo escribindo na concellería.

Subín á présa escaleiras arriba, abrín a porta da dereita na que quedara o rótulo *Concello*, e atopeime nunha sala grande con catro ventás, dúas para a vila e dúas para o campo, coas paredes adornadas con retratos amarelecidos dos presidentes Grévy e Carnot. Enriba dun longo estrado que ocupaba todo o fondo da sala, había aínda unha mesa cun tapete verde e as cadeiras dos concelleiros municipais. Sentado no medio, na butaca vella do alcalde, Meaulnes escribía mollando a súa pluma no fondo dun tinteiro anticuado de porcelana en forma de corazón. Naquel lugar que parecía feito para calquera rendeiro da aldea, Meaulnes retirábase, cando non andaba a patea-la comarca, durante as longas vacacións…

Ergueuse en canto me recoñeceu, pero non coa precipitación que eu imaxinara:

–Seurel! –foi o único que dixo, con cara de fondo pasmo.

Era o mesmo rapaz grande coa cara osuda e a cabeza rapada. Un bigote incipiente comezaba a estenderse por riba dos beizos. Seguía tendo a mesma ollada leal… Pero, sobre a vehemencia dos anos pasados crin ver como un veo de néboa, que por momentos disipaba a súa grande paixón doutro tempo…

Parecía moi sorprendido de verme. Eu saltara dun chimpo ó estrado. Pero, cousa estraña de dicir, a el nin sequera se lle ocorreu darme a man. Volvérase cara a min coas mans detrás do lombo, apoiadas na mesa, botado cara atrás e cun aspecto moi enfastiado. Mirándome xa sen verme, estaba absorto no que me ía dicir. Como antes e coma sempre, home lento para empezar a falar, como son os solitarios, os cazadores e os aventureiros, tomara unha decisión sen preocuparse das palabras que precisaría para explicala. E agora que eu estaba diante del, era cando empezaba a remoer con dificultade as palabras precisas.

Así e todo, eu conteille alegremente como chegara, onde pasara a noite e que estaba moi sorprendido de ver a señora Meaulnes prepara-la marcha do seu fillo…

–Ah! díxocho…? –preguntou.

–Si. Non será, penso eu, unha longa viaxe?

–Si, unha viaxe moi longa.

Desconcertado por un momento, sentindo que cunha palabra ía anular decontado esa decisión que non entendía, non me atrevía xa a dicir nada e non sabía por onde empeza-la miña misión.

Pero, por fin, falou el, como alguén que quere xustificarse.

–Seurel! –dixo–, ti sábe-lo que significaba para min a estraña aventura de Sainte-Agathe. Era a miña razón de vivir e de ter esperanza. Perdida aquela esperanza, que podía agardar… ? Como vivir da mesma maneira que todo o mundo! Pois ben, intentei vivir alá en París, cando vin que todo se acabara e que non pagaba xa nin a pena busca-la mansión perdida… Pero un home que unha vez deu un salto ó paraíso como podería adaptarse despois á vida de todo o mundo? O que é a felicidade para os demais, paréceme unha burla. E cando, sincera e deliberadamente, decidín un día facer coma os outros, aquel día enchinme de remorsos para moito tempo…

Sentado nunha cadeira do estrado, escoitando sen miralo coa cabeza baixa, non sabía que pensar desas escuras explicacións:

–En fin –dixen–, Meaulnes, explícate mellor! Para que esta longa viaxe? Tes algunha falta que reparar? Unha promesa que cumprir?

–Pois si –respondeu–. Lembras aquela promesa que lle fixera a Frantz?

–Ah! –dixen aliviado–, non se trata máis ca diso…?

–Diso. E quizais tamén dunha falta que reparar. As dúas ó mesmo tempo…

Seguiu un momento de silencio durante o cal decidín empezar a falar e preparei as miñas palabras.

–Non hai máis ca unha explicación na que creo –dixo aínda el–. Certamente, quixera volver a ver outra vez a señorita de Galais, só vela… Pero agora estou convencido de que, cando descubrín a mansión sen nome, estaba a unha altura, a un grao de perfección e de pureza que non alcanzarei nunca máis. Só

na morte, como che escribín un día, hei de atopar quizais a beleza daquel tempo…

Cambiou de ton para continuar cunha estraña animación, achegándose a min:

–Pero escoita, Seurel! Esta intriga nova e esta longa viaxe, esta falta que cometín e que cómpre reparar é, en certa forma, a miña antiga aventura que continúa…

Durante un tempo tratou penosamente de recupera-los seus recordos. Eu perdera a ocasión precedente. Por nada do mundo quería deixar pasar esta e, esta vez, falei eu, demasiado á présa, e máis adiante lamentei amargamente non agardar polas súas confesións.

Pronunciei, pois, a frase que tiña preparada para o momento anterior, pero que agora xa non ía ben. Dixen, sen ningún xesto, erguendo apenas un pouco a cabeza:

–E se eu viñese anunciarche que non está perdida toda a esperanza…?

Miroume, e logo, virando bruscamente a vista, púxose vermello como nunca vin poñer a ninguén; unha subida de sangue que debía darlle fortes golpes nas sens…

–Que queres dicir? –preguntou por fin, con pouca claridade.

Entón, conteille dun golpe o que sabía, o que fixera e como virara a cara das cousas, que case parecía que era Yvonne de Galais quen me enviaba onda el.

Agora, puxérase terriblemente pálido.

Durante todo o meu relato, que el escoitara en silencio coa cabeza un pouco baixa, na actitude de alguén que se sorprendeu e que non sabe como defenderse, agocharse ou fuxir, lembro que non me interrompera máis ca unha soa vez. Conteille de paso que tódolos edificios de Sablonnières foran derrubados e que a mansión de antano xa non existía.

–Ah! –dixo–, ves…? –coma se agardase unha ocasión para xustifica-la súa conduta e a desesperación que o asombraba–. Ves, xa non hai nada…

Para rematar, convencido por fin de que a seguridade de tanta facilidade lle quitaría o resto da súa pena, conteille que o meu tío Florentin organizara unha excursión ó campo, que a señorita de Galais ía ir a cabalo e que tamén el estaba convidado… Pero parecía completamente desconcertado e seguía sen dicir nada.

–Tes que anular axiña a túa viaxe –dixen con impaciencia–. Ímosllo dicir á túa nai…

E ó baixármo-los dous:

–Esta excursión ó campo…? –preguntoume indeciso–. Entón, verdadeiramente, é preciso que vaia…?

–Pero, imos ver –repliquei eu–, iso non se pregunta!

Parecía alguén a quen se puxa polos ombros.

Abaixo, Augustin díxolle á señora Meaulnes que eu xantaría con eles, cearía e durmiría alí e que, ó día seguinte, alugaría unha bicicleta para ir comigo a Le Vieux-Nançay.

–Ah! moi ben –dixo ela levantando a cabeza coma se esas noticias confirmasen tódalas súas previsións.

Sentei no comedor pequeno, debaixo duns calendarios ilustrados, os puñais ornamentados e os odres sudaneses que un irmán do señor Meaulnes, antigo soldado de infantería de mariña, trouxera das súas viaxes a países distantes.

Augustin deixoume alí un momento antes do xantar e, no cuarto veciño, onde a nai preparara a súa equipaxe, oínlle que dicía baixando un pouco a voz que non desfixese a maleta, pois a súa viaxe só se podía atrasar…

Capítulo V

A excursión

Custoume traballo seguir a Augustin pola estrada do Vieux-Nançay. Ía como nunha carreira ciclista. Non baixaba nas costas. Á súa inexplicable indecisión da véspera seguíralle unha febre, un nerviosismo, un desexo de chega-lo máis rápido posible que non deixaban de asustarme un pouco. Na casa do meu tío amosou a mesma impaciencia, pareceu incapaz de interesarse por nada ata o momento en que estivemos todos instalados no coche, contra as dez da mañá do día seguinte, e dispostos a saír para a beira do río.

Estabamos a finais do mes de agosto, no declinar do verán. Xa os ourizos baleiros dos castiñeiros amarelecidos empezaban a sementa-los camiños brancos. O traxecto non era longo; a casa dos Aubiers, preto do Cher onde iamos, estaba só a dous quilómetros máis alá de Sablonnières. De treito en treito, atopabamos outros convidados en coche e tamén mozos e mozas a cabalo, que Florentin convidara, moi atrevido, en nome do señor de Galais. Esforzáranse como noutro tempo por mesturar ricos e pobres, fidalgos e labregos. E por iso vimos chegar en bicicleta a Jasmin Delouche, que grazas ó garda Baladier coñecera había pouco o meu tío.

–Velaí está –dixo Meaulnes ó velo–, o que tiña a clave de todo, mentres que nós buscabamos ata París. É para desesperarse!

Cada vez que o miraba aumentaba o seu rancor. O outro que, ó contrario, pensaba que tiña dereito a todo o noso recoñecemento, foi detrás do coche no que iamos nós, ata o final. Víase que gastara diñeiro para vir ben vestido, mais de xeito cotroso e sen gran resultado; as puntas da chaqueta raída batíanlle no gardalamas da bicicleta.

Malia o esforzo que se impoñía para ser amable, a súa cara de vello non acababa de gustar. A min inspirábame máis ben

unha vaga piedade. Pero de quen non tería eu compaixón aquel día?

Non recordo nunca aquela excursión sen sentir algo de pena, como unha especie de acoramento. Puxera por anticipado tanta alegría naquel día! Parecía todo tan ben acordado para ser felices! E fómolo tan pouco…!

Que fermosas estaban porén as beiras do Cher! Na ribeira onde paramos, un outeiro acababa nunha lixeira costa e a terra dividíase en pradiños verdes e en salgueirais separados por cercas como xardíns minúsculos. Do outro lado do río o beiral estaba formado por outeiros grises, abruptos, pedregosos e, sobre os máis afastados, descubríanse entre os piñeiros pequenos castelos románticos cunha torriña. Por veces, oíase ladrar ó lonxe a manda de cans do castelo de Prevéranges.

Chegaramos a aquel sitio por un dédalo de carreiriños, unhas veces cubertos de croios brancos e outras cheos de area, camiños que as fontes naturais transformaran en regatos á beira dos ríos. Ó pasarmos, enganchábansenos as mangas nas ramas das groselleiras bravas. E tan pronto estamos asolagados na fresca escuridade do fondo dos barrancos, como, pola contra, cando non había sebes, nos bañabamos na luz clara de todo o val. Ó lonxe, cando nos achegamos, na outra ribeira, un home agarrado ás rochas botaba devagar liñas ós peixes. Que tempo fermoso, meu Deus!

Instalámonos na herba, nun recuncho que formaba un souto de bidueiros. Era un extenso herbal raso onde parecía haber sitio para xogos sen fin.

Desengancháronse os coches; leváronse os cabalos á casa dos Aubiers. Empezamos a desembala-las provisións no souto e a preparar no herbal mesiñas encartables que trouxera o meu tío.

Naquel momento precisábanse voluntarios para ir agardar á entrada da estrada grande máis próxima os convidados atrasados e indicarlles onde estabamos. Ofrecinme eu deseguida e

Meaulnes seguiume; fómonos colocar preto da ponte colgante, na encrucillada de varios carreiros e do camiño que viña de Sablonnières.

Andando dun lado para outro, falando do pasado, tratando ben que mal de distraernos, esperabamos. Aínda chegou un coche de Vieux-Nançay cuns labregos descoñecidos e unha rapaza grandota chea de lazos. Logo, máis nada. Si, tres nenos nun coche de burro, os nenos do antigo xardineiro de Sablonnières.

–Paréceme que os coñezo –dixo Meaulnes–. Creo que son eles os que me colleron da man daquela, o primeiro serán da festa, e me levaron a cea…

Pero neste momento, como o burro non quería xa andar, os nenos baixaron para picalo, empurralo e baterlle tanto como puidesen; entón Meaulnes, decepcionado, asegurou que se equivocara.

Eu pregunteilles se atoparan no camiño o señor e a señorita de Galais. Un deles dixo que non sabía, o outro:

–Creo que si, señor.

E non adiantamos nada. Eles baixaron ó fin para o herbal, uns tirando do burro polas rendas, outros empurrando tralo carro. Volvemos á nosa agarda. Meaulnes miraba fixamente a volta do camiño de Sablonnières, espreitando cunha especie de pasmo a chegada da rapaza que tanto buscara noutro tempo. Un nerviosismo estraño e case cómico, que proxectaba en Jasmin, apoderouse del. Dende o pequeno noiro onde agatuñaramos para ve-lo camiño ó lonxe, percibiamos máis abaixo, no herbal, un grupo de convidados entre os que Delouche tentaba fachendear.

–Mírao discursar, ese imbécil! –dicíame Meaulnes.

E eu respondinlle:

–Pero, déixao! O pobre rapaz fai o que pode.

Augustin non se desanimaba. Alá abaixo debera saír unha lebre ou un esquío dunha matogueira e Jasmin, para darse máis fachenda, tratou de perseguilo:

–Alá, ho! Corre agora…! –dixo Meaulnes coma se verdadeiramente aquela audacia superase tódalas outras.

E esta vez non puiden impedir rirme. Meaulnes tamén, pero non foi máis ca un lóstrego.

Despois doutro cuarto de hora:

–E se ela non viñese –dixo.

Respondín:

–Mais prometeumo… Sé, pois,máis paciente!

Volveu espreitar de novo. Pero, á fin, incapaz de soportar máis tempo esta agarda intolerable:

–Escóitame –dixo–. Eu baixo cos demais. Non sei o que está agora en contra miña, pero se quedo aquí, sinto que ela non virá nunca, que é imposible que apareza deseguida, ó remate deste camiño.

E marchou cara ó herbal deixándome a min só. Andei uns cen metros pola estreita estrada para pasa-lo tempo. E, na primeira curva, vin a Yvonne de Galais montada no seu cabalo branco vello, tan fogoso aquela mañá que ela se vía obrigada a tirar das rendas para impedirlle que trotase. Diante do cabalo, camiñaba en silencio con dificultade o señor de Galais. Seguramente se deberan relevar no camiño, cada un á súa vez, no vello animal.

Cando a rapaza me viu completamente só, sorriu, saltou axiña ó chan e, dándolle as rendas ó seu pai, dirixiuse a min, que xa ía ó seu encontro:

–Estou moi contenta de encontrarte só –dixo–. Pois non quero que ninguén máis ca ti vexa o vello Bélisaire nin poñelo cos outros cabalos. Primeiro, porque é demasiado feo e demasiado vello e logo porque temo que outro o manque. Por outra parte, só me atrevo a montar nel, e cando morra non irei máis a cabalo.

Como me pasaba con Meaulnes, na señorita de Galais sentía tras desta encantadora animación, tras desta graza, en aparencia tan apracible, unha impaciencia próxima á ansiedade. Falaba máis rápido que de costume. A pesar das súas meixelas e

das fazulas rosas, tiña, a cachos, arredor dos seus ollos e da súa fronte, unha brancura intensa onde se lía toda a súa turbación.

Decidimos atar a Bélisaire nunha árbore dentro dun soutiño preto da estrada. O vello señor de Galais, sen dicir palabra coma sempre, colleu o cabestro do arzón e atouno algo baixo, polo que me pareceu. Eu prometín pedirlle á xente da granxa que axiña lle trouxeran feo, avea e palla…

E a señorita de Galais chegou ó herbal como noutro tempo, imaxino eu, baixou cara á beira do lago, cando Meaulnes a viu por primeira vez.

Dándolle o brazo ó seu pai e afastando coa man esquerda o bordo do longo e lixeiro mantón que a cubría, avantaba cara ós convidados co seu aire á vez tan serio e tan infantil. Eu ía ó seu lado. Os convidados, esparexidos ou xogando ó lonxe, erguéronse todos e axuntáronse para recibila; houbo un momento de silencio mentres cadaquén a miraba achegarse.

Meaulnes metérase no grupo dos mozos e non se distinguía dos seus compañeiros a non ser pola súa elevada estatura; aínda que alí había máis rapaces case tan altos coma el. Non fixo nada que puidese chama-la atención dos outros, nin un xesto nin un paso adiante. Víao vestido de gris, inmóbil, mirando fixamente como tódolos demais a rapaza tan bonita que chegaba. Mais, ó final, cun movemento inconsciente e enfastiado, pasou a man pola cabeza descuberta como para tapar, en medio dos seus compañeiros ben peiteados, a súa ruda cabeza afeitada de labrego.

Logo o grupo arrodeou a señorita de Galais. Presentáronlle as rapazas e os rapaces que ela non coñecía… Ía se-la quenda do meu compañeiro, e eu sentíame tan ansioso como podía estar el. Dispoñíame a facer eu mesmo esta presentación.

Pero denantes de que puidese dicir nada, a rapaza adiantouse cara a el cunha decisión e unha seriedade sorprendentes:

–Coñezo a Augustin Meaulnes –dixo.

E deulle a man.

Capítulo VI

A partida de pracer

Os derradeiros en chegar achegáronse case de inmediato saudar a Yvonne de Galais, e os dous rapaces quedaron afastados. Un desafortunado azar quixo que en ningún momento se puidesen xuntar para xantar na mesma mesiña. Pero Meaulnes parecía que recuperara a confianza e o valor. Como eu estaba illado entre Delouche e o señor de Galais, vin de lonxe en varias ocasións o meu compañeiro que me facía acenos de amizade coa man.

Foi xa contra o final do serán, no momento en que, un pouco por tódalas partes, se foron organizando os xogos, o baño, as conversas, os paseos en barca no lago veciño, cando Meaulnes se atopou de novo ante a rapaza. Estabamos parolando con Delouche, sentados nas cadeiras do xardín que trouxeramos, cando, saíndo de entre un grupo de rapaces onde parecía aburrirse, a señorita de Galais se achegou a nós. Lembro que nos preguntou por que non andabamos en barca polo lago de Aubiers, coma os outros.

–Xa demos unhas voltas esta tarde –respondín eu–. Pero é moi monótono e decontado nos cansamos.

–E logo, por que non ides ó río? –dixo ela.

–A corrente é demasiado forte, arriscariámonos a que nos arrastrase.

–Precisariamos –dixo Meaulnes– unha barca de motor ou un barco de vapor como o de antano.

–Xa non o temos –dixo ela en voz baixa–, vendémolo.

E fíxose un silencio incómodo.

Jasmin aproveitou para dicir que ía reunirse co señor de Galais.

–Saberei onde atopalo –dixo el.

Estrañezas do azar! Estes dous seres absolutamente tan diferentes simpatizaran, e dende a mañá apenas se separaban. O

señor de Galais collérame á parte un momento, ó comezo do serán, para dicirme que tiña alí un amigo con moito tacto, deferencia e boas calidades. Quizais mesmo ata lle confiara o segredo da existencia de Bélisaire e do lugar do seu agocho.

Eu tamén pensei en distanciarme, pero notei os dous rapaces tan enfastiados, tan ansiosos un fronte ó outro que xulguei prudente non facelo…

Tanta discreción por parte de Jasmin, tanta precaución pola miña serviron de pouca cousa. Falaron. Pero invariablemente cunha teimosía da que, sen dúbida, Meaulnes non se daba conta, volvendo a tódalas marabillas de antano. E a rapaza, como nun suplicio, tiña que repetirlle de continuo que todo desaparecera: a vella mansión tan estraña e tan complicada, derrubada; o gran lago desecado e enchido de terra e os nenos de traxes tan bonitos dispersados…

–Ah! –dicía simplemente Meaulnes con desesperación e coma se cada unha desas desaparicións lle dese razón contra a rapaza e contra miña…

Andabamos un ó lado do outro… En van trataba de distrae-la tristeza que nos asolagaba ós tres. Cunha pregunta inesperada, Meaulnes volvía á súa idea fixa. Pedía explicacións a todo o que vira noutro tempo: as raparigas, o condutor da vella berlina e os ponis da carreira.

–Tamén se venderon os ponis? Xa non hai cabalos na mansión…?

Ela respondeu que non os había. Non falou de Bélisaire.

Entón el recordou as cousas do seu cuarto: os candelabros, o gran espello, o vello laúde roto… Preguntaba por todo iso cunha paixón descoñecida, coma se quixese convencerse de que nada quedaba da súa bonita aventura, que a rapaza, coma un mergullador que trae do fondo da auga unha pedra e unhas algas, non lle daría ningunha proba coa que demostrar que non soñaran os dous.

A señorita de Galais e mais eu non puidemos impedir sorrir tristemente. Ela propúxose explicarlle:

–Non volveredes ve-lo bonito castelo que arranxaramos, o señor de Galais e mais eu, para o pobre Frantz. Pasámo-la nosa vida facendo o que el quería. Era un ser tan estraño, tan encantador! Pero todo desapareceu con el o serán da voda frustrada. O señor de Galais xa estaba arruinado sen que o souberamos. Frantz deixara débedas e os seus antigos compañeiros, ó saberen que desaparecera, deseguida nos pediron que llelas pagásemos nós. Empobrecémonos; a señora de Galais morreu e nós perdemos tódolos nosos amigos en poucos días. Que veña Frantz, se non está morto. Que recupere os seus amigos e a súa moza, que se faga a voda interrompida e quizais todo volva ser como era noutro tempo. Mais, pode renace-lo pasado?

–Quen sabe? –dixo Meaulnes pensativo. E non preguntou máis nada.

Andabámo-los tres en silencio sobre a herba curta e xa algo amarelecida. Augustin tiña preto del, á súa dereita, a rapaza que el creu perdida para sempre. Cando facía unha destas duras preguntas, ela viraba amodiño cara a el o seu rostro encantador, inquieto, para responderlle. E unha vez, ó falarlle, ela pousou con dozura a súa man no seu brazo cun xesto cheo de confianza e de febleza. Por que o gran Meaulnes estaba alí como un estraño, como alguén que non atopou o que buscaba e ó que non lle pode interesar máis nada? Tres anos antes quizais non puidese soportar, sen espanto e sen tolemia, aquela felicidade. De onde viña, pois, este baleiro, este arredamento, esta impotencia, para ser feliz, que agora había nel?

Achegabámonos ó souto onde pola mañá o señor de Galais atara a Bélisaire; cara ó solpor o sol alongaba as nosas sombras sobre a herba; ó outro lado do herbal, oïamos como un balbordo ledo, as voces dos xogadores e das rapazas achicadas pola distancia, e nós permaneciamos silenciosos nesta calma admirable, cando, do outro lado do souto pola banda dos Aubiers, oímos cantar na granxa á beira da auga. Era a voz nova e distante de alguén que leva o gando a beber, unha melodía, como unha can-

tiga de baile, pero que o home estiraba e amortecía como unha antiga balada triste:

Os meus zapatos son vermellos…
Adeus, amoriños meus…
Os meus zapatos son vermellos…
Adeus, para sempre, adeus…!

Meaulnes levantara a cabeza e escoitaba. Non era máis ca unha desas cantigas que cantaban os labregos atrasados na partida da mansión sen nome, o derradeiro serán da festa, onde xa todo rematara… Nada máis ca un recordo, o máis miserable, deses días fermosos que non volverán máis.

–Pero, oídelo? –dixo Meaulnes a media voz–. Ouh! vou ir ver quen é.

E de repente meteuse no soutiño. Case ó mesmo tempo, a voz calou; aínda se oíu un segundo ó home asubiarlle ó gando afastándose; logo máis nada…

Mirei a moza. Pensativa e aflixida, tiña os ollos fixos no souto por onde Meaulnes acababa de desaparecer. Que de veces debeu mirar máis tarde así de pensativa o lugar por onde se iría para sempre o gran Meaulnes!

Volveuse cara a min:

–Non é feliz –dixo magoada, e engadiu–: E quizais non poida facer nada por el…

Dubidei en responder, temendo que Meaulnes, que debeu chegar á granxa nun intre e xa volvía polo souto, escoitase a nosa conversa. Mais, así e todo, ía animala, dicirlle que non recease en tratar con dureza o gran rapaz, que sen dúbida estaba desesperado por un segredo e que nunca se confiaría por si mesmo, nin a ela nin a ninguén; cando, de repente, da outra banda do souto, saíu un berro; logo oímos un troupeleo como dun cabalo que foxe e o barullo dunha discusión con voces entrecortadas… De súbito, comprendín que o vello Bélisaire tivera un accidente e boteime a correr cara ó sitio de onde viña todo o barullo. A

señorita de Galais seguiume de lonxe. Dende a parte baixa do herbal deberan darse conta da nosa carreira, pois no momento de meterme no souto, oín os berros da xente que acudía.

O vello Bélisaire, atado demasiado baixo, collera unha pata de diante no adival; non se movera ata o momento en que o señor de Galais e Delouche se achegaran a el mentres paseaban; asustado, excitado pola estraña avea que lle deran, remexérase enfurecido; os dous homes trataran de libralo, pero tan torpemente que conseguiran enmarañalo aínda máis, co risco de recibir perigosos couces. Foi neste momento cando, por casualidade, ó retornar da casa dos Aubiers, Meaulnes atopara o grupo. Furioso por tanta torpeza, empurrara os dous homes que estiveran a piques de ir a rolos polas matogueiras. Con coidado pero nunha volta de man librara a Bélisaire. Demasiado tarde, pois o mal xa estaba feito; o cabalo debía ter un nervio esmagado, algo roto quizais, pois mantiña penosamente a cabeza baixa, a montura medio desenganchada no lombo, unha pata dobrada debaixo da barriga e estaba tremendo. Meaulnes, anicado apalpábao e mirábao sen dicir nada.

Cando levantou a cabeza, case todo o mundo estaba alí reunido, pero el non viu a ninguén. Estaba vermello de carraxe.

–Pregúntome –berrou–, quen puido atalo desa forma! E deixarlle a montura no lombo todo o día! E quen se atreveu a poñer unha montura a este cabalo vello, todo o máis útil para unha carriola.

Delouche quixo dicir algo, culparse a si mesmo.

–Cala ti! É tamén culpa túa. Vinche tirar con forza polo cabestro para desatalo.

E agachándose outra vez, púxose a frega-lo xarrete do cabalo coa palma da man.

O señor de Galais, que aínda non dixera nada, tivo a torpeza de querer saír da súa reserva. Tatexou:

–Os oficiais de mariña teñen o costume… O meu cabalo…

–Ah, é seu? –dixo Meaulnes un pouco calmado, moi vermello, virando a cabeza de lado cara ó vello.

Eu crin que ía cambiar de ton, pedir desculpas. Alentou un momento. E vin entón que tiña un interese amargo e desesperado por agrava-la situación, rachar todo para sempre, dicindo con insolencia:

–Pois ben, non lle dou os meus parabéns.

Alguén suxeriu:

–Quizais con auga fresca… Mollándoo no vao.

–É preciso –dixo Meaulnes sen responder– levar decontado este cabalo vello mentres que aínda pode andar, non hai tempo que perder! Metelo na corte e non sacalo nunca máis.

Ofrecéronse axiña varios mozos. Pero a señorita de Galais déulle-las grazas afectuosamente. Co rostro coma o lume, a piques de romper a chorar, dixo adeus a todos, mesmo a Meaulnes, que desconcertado non se atreveu a mirala. Colleu o animal polas rendas como se lle dá a man a alguén, máis ben para achegarse a el que para conducilo… O vento deste final do verán era tan morno polo camiño de Sablonnières que un podía pensar que era o mes de maio, e as follas das faias tremían co airiño do sur… Vímola marchar así, co brazo algo fóra do abrigo, agarrando coa súa man delgada a renda grosa de coiro. O seu pai camiñaba con pesar ó seu lado…

Triste final do serán! Pouco a pouco cada un recolleu os seus paquetes, os seus cubertos; dobráronse as cadeiras, desmontáronse as mesas; os coches cargados de paquetes e de xente, cos sombreiros levantados e axitando os panos, marcharon un a un. Os últimos quedamos alí co meu tío Florentin, que, coma nós, remoía sen dicir nada a súa pena e a súa forte decepción.

Tamén nós marchamos no noso coche de boa suspensión, levados con rapidez polo noso bo cabalo alazán. A roda renxeu ó da-la volta na area e, axiña, Meaulnes e mais eu, que estabamos sentados no asento de atrás, vimos desaparecer na estreita estrada a entrada do atallo por onde colleran o vello Bélisaire e os seus donos…

Pero entón, o meu compañeiro, o ser máis incapaz de chorar que eu coñeza no mundo, volveu axiña cara a min a súa cara trastornada por unha irresistible gana de chorar.

–Pare, quere? –dixo poñendo a man no ombreiro de Florentin–. Non se preocupe por min, volverei só andando.

E dun chouto, coa man no gardalamas do coche, saltou ó chan. Desandando o camiño, ante o noso asombro, botou a correr e correu ata o carreiro que acababamos de pasar, o camiño de Sablonnières. Debeu chegar á mansión por aquela alameda de abetos que seguira tempo atrás, onde, como un vagabundo agochado nas pólas baixas, oíra a conversa misteriosa dos bonitos nenos descoñecidos…

E foi aquel serán, no medio dos saloucos, cando pediu en matrimonio a señorita de Galais.

Capítulo VII

O día do casamento

Foi un xoves, a primeiros de febreiro, o serán dun bonito xoves xeado no que sopraba un forte vento. Eran as tres e media, as catro… Dende o mediodía, a roupa está tendida por riba das sebes, preto das aldeas, e seca coa xistra. Nas casas, o lume do comedor fai brillar todo un retablo de xoguetes pintados. O neno sentou onde a súa nai, canso de xogar, e pídelle que lle conte o día do seu casamento.

Para quen non queira ser feliz, non ten máis ca subir ó faiado e oirá ata a noitiña asubiar e xeme-los náufragos; non ten máis ca saír fóra, á estrada, e o vento taparalle a boca coa bufanda como un cálido bico repentino, que o fará chorar. Mais, para o que queira a felicidade á beira dun camiño enlamado, está a casa de Sablonnières, na que o meu amigo Meaulnes entrou con Yvonne de Galais, que dende o mediodía é a súa muller.

O noivado durou cinco meses. Foi tranquilo, tan tranquilo como fora axitada a primeira entrevista. Meaulnes veu a miúdo a Sablonnières, en bicicleta ou en coche. A señorita de Galais, que cosía ou lía preto da ventá grande que dá á chaira e ós abetos, viu de repente, máis de dúas veces á semana, a súa alta silueta pasar axiña por detrás da cortina, pois el sempre chegou polo afastado camiño que collera noutro tempo. Esa é a única alusión –calada– que fai ó pasado. A felicidade parece ter adormecido o seu estraño tormento.

Durante estes cinco tranquilos meses houbo pequenos acontecementos significativos. A min, nomeáronme mestre no lugar de Saint-Benoist-des-Champs. Saint-Benoist non é unha aldea, son granxas espalladas polo campo, e a casa da escola está completamente illada, nunha costa á beira da estrada. Levo unha vida moi solitaria, pero, indo a través do campo, non preciso máis ca tres cuartos de hora de camiño para chegar a Sablonnières.

Delouche está agora na casa do seu tío, que é contratista de obras en Vieux-Nançay. Pronto será el o dono. Vén a miúdo visitarme. A petición da señorita de Galais, Meaulnes é agora moi amable con el.

E isto explica que nó-los dous estiveramos alí a dar voltas preto das catro da tarde, cando a xente da voda xa se dispersara toda.

O casamento celebrouse ó mediodía no maior silencio posible na antiga capela de Sablonnières, que non se derrubou e que está medio agochada polos piñeiros do lado que dá á aba do monte lindeiro. Despois dun xantar rápido, a nai de Meaulnes, o señor Seurel, Millie, Florentin e os outros marcharon en coche. Non quedamos máis ca Jasmin e mais eu…

Vagamos polos lindeiros dos montes que hai detrás da casa de Sablonnières, á beira do enorme terreo ermo, onde estaba a mansión hoxe derruída. Sen querer confesalo e sen saber por que, estamos cheos de inquietude. Tratamos en van de distrae-los nosos pensamentos e de engana-la nosa angustia mostrándonos, durante o noso paseo errante, os tobos das lebres e os pequenos sucos de area onde os coellos esparruñaron recentemente… unha trapela tendida… o sinal dun cazador furtivo… Pero sempre volvemos a ese linde do monte, dende onde se descobre a casa silenciosa e pechada…

Debaixo da ventá grande que dá ós piñeiros, hai un balcón de madeira invadido de herbas bravas, que deita o vento. Nos vidros da ventá reflíctese unha luzada como de lume aceso. De vez en cando, pasa unha sombra. Todo arredor, nos campos que a arrodean, na horta, na única granxa que queda das antigas dependencias, silencio e soidade. Os caseiros marcharon á vila para celebra-la felicidade dos seus amos.

De vez en cando, o vento cargado dun bafo que é case chuvia móllano-la cara e tráenos o son perdido dun piano. Alguén toca alá abaixo, na casa pechada. Detéñome un momento para poder escoitar en silencio. É primeiro como unha voz que treme que, dende lonxe, apenas se atreve a canta-la súa ledicia… É

como a risa dunha meniña que foi buscar ó seu cuarto tódolos xoguetes e esténdeos diante do seu amigo. Tamén penso na ledicia, aínda temerosa, dunha muller a quen se lle puxo un bonito vestido e que vén amosalo sen saber se gustará… Esta melodía que eu non coñezo é tamén unha pregaria, unha súplica á felicidade para que non sexa demasiado cruel, un saúdo e como un axeonllarse diante da ledicia…

Penso: "Por fin son felices. Meaulnes está alá abaixo ó lado dela…"

E saber isto, estar certo, abonda para a plena alegría deste bo rapaz que son eu.

Naquel momento, moi absorto, coa cara mollada, tanto polo vento da chaira coma pola orballada do mar, sinto que me tocan no ombreiro:

–Escoita! –di Jasmin moi baixo.

Eu míroo. Faime acenos para que non me mova; e el mesmo, coa cabeza inclinada e o cello engurrado, escoita…

Capítulo VIII

A chamada de Frantz

–Hou-ou!

Esta vez oín. É un sinal, unha chamada con dúas notas, alta e baixa, que xa oíra antes… Ah! acórdome: é o berro do gran comediante cando chamaba polo seu novo compañeiro dende a reixa da escola. É a chamada á que Frantz nos fixo xurar que acudiriamos en calquera sitio e en calquera momento. Pero, que quere ese hoxe aquí?

–Iso vén da parte esquerda do bosque grande de abetos –dixen a media voz–. Sen dúbida, é un cazador furtivo.

Jasmin sacode a cabeza:

–Sabes ben que non –dixo.

Logo, máis baixo:

–Andan os dous pola comarca dende a mañá. Ás once sorprendín a Ganache espreitando nun campo preto da capela. Saíu escorrentado ó que me viu. Viñeron de lonxe, quizais en bicicleta, pois estaba cheo de lama ata a metade do lombo…

–Pero, que queren?

–Non sei nada. Pero seguramente estará ben que os botemos. Non hai que deixalos vadiar polos arredores. Ou senón tódalas toladas comezarán outra vez…

Sen confesarllo, son da mesma opinión.

–O mellor –dixen– será falar con eles, ve-lo que queren e facelos entrar en razón…

Lenta e silenciosamente cobregueamos, pois, baixando monte a través ata os abetos, de onde sae, en intervalos regulares, ese berro prolongado, que en si mesmo non é máis triste ca outra cousa, pero que ós dous nos parece un agoiro sinistro.

Nesta parte do monte de abetos, en que a ollada se afunde entre os toros das árbores plantadas de forma regular, é difícil sorprender a alguén e andar sen ser visto. Nós nin sequera o intentamos. Eu sitúome nun extremo do monte, Jasmin vaise co-

locar no extremo oposto, de forma que, coma min, domine dende o exterior dous dos lados do rectángulo e para que non deixe fuxir ningún dos faranduleiros sen chamalos. Tomadas estas precaucións, empezo a desempeña-lo meu papel de explorador pacífico e chamo:

–Frantz…! Frantz! Non temas nada. Son eu, Seurel. Quixera falar contigo…

Un instante de silencio; voume decidir a berrar outra vez, cando, do mesmo interior do bosque de abetos onde a miña vista non alcanza completamente, unha voz ordena:

–Quede onde está. Vai el ó encontro.

Pouco a pouco, entre os grandes abetos que a distancia fai parecer mestos, enxergo a silueta do mozo que se achega. Parece que está cuberto de lama e mal vestido; unhas pinzas de bicicleta recóllenlle os baixos do pantalón, nos cabelos demasiado longos leva unha gorra vella con áncora. Vexo agora a súa cara enfraquecida… Parece que chorou…

Achegándose a min con decisión:

–Que queres? –pregunta nun ton moi insolente.

–E ti, Frantz, que fas aquí? Por que ves estorbar os que son felices? Que queres? Di.

Interrogado así, directamente, púxose un pouco colorado, tatexou e só respondeu:

–Son un desgraciado, eu son un desgraciado.

E logo, coa cabeza entre as mans, apoiado no toro dunha árbore, rompeu a saloucar amargamente. Demos algúns pasos polo bosque dos abetos. O lugar está totalmente silencioso. Nin sequera a voz do vento que deteñen os grandes abetos do linde. Entre os toros regulares repítese e apágase o ruído dos saloucos afogados do rapaz. Agardo a que esta crise se acalme e dígolle, poñéndolle a man no ombreiro:

–Frantz, virás comigo. Levareite xunto deles. Acollerante como a un neno perdido, que se atopou, e todo rematará.

Pero non quería oír nada. Cunha voz afogada polas bágoas, desgraciado, colérico, volvía teimudo:

–Así que Meaulnes xa non se preocupa de min? Por que non contesta cando o chamo? Por que non mantén a súa promesa?

–Vamos Frantz! –respondín–, xa pasou o tempo das fantasmadas e dos infantilismos. Non impidas con toladas a felicidade dos que queres, da túa irmá e de Augustin Meaulnes.

–Pero só el me pode salvar, ti sábelo ben. Só el é capaz de atopa-lo sinal que busco. Hai xa tres anos que Ganache e mais eu percorremos toda Francia sen resultado. Xa só tiña confianza no teu amigo. E velaí que xa non contesta. El recobrou o seu amor. Por que agora non pensa en min? É preciso que se poña en camiño. Yvonne deixarao marchar… Ela nunca me negou nada.

Amosábame un rostro no que as bágoas marcaran sucos sucios pola poeira e a lama, un rostro avellentado de rapazolo esgotado e vencido. Os seus ollos estaban cercados de manchas vermellas, o queixo mal afeitado, os cabelos demasiado longos arrastrábanse polo pescozo sucio. Tremelaba coas mans nos petos. Xa non era aquel rapaz forte que vestía farrapos de anos anteriores. De corazón, sen dúbida, era máis neno ca nunca: imperioso, fantástico e, de repente, desesperado. Pero este infantilismo era penoso de soportar neste rapaz xa lixeiramente avellentado… Noutro tempo, había nel tanto orgullo xuvenil que lle parecía que calquera tolería do mundo estaba permitida. No presente, un sentíase tentado primeiro a compadecelo por fracasar na súa vida e logo a censurar ese papel absurdo de novo heroe romántico, no que o vía empeñarse… E, finalmente, pensaba, ó meu pesar, que o noso fermoso Frantz, o dos bonitos amores, tivera que poñerse a roubar para vivir, o mesmo có seu compañeiro Ganache… Tanto orgullo acabara niso!

–Se che prometo –dixen por fin, despois de reflexionar–, que nalgúns días Meaulnes se porá en marcha por ti, nada máis ca por ti…?

–Conseguiralo, non é certo? Estás seguro diso? –preguntoume batendo os dentes.

–Así o creo. Todo é posible para el!

–E como o saberei? Quen mo dirá?

–Volverás por aquí exactamente dentro dun ano; a esta mesma hora atopara-la rapaza que amas.

E ó dicirlle isto non pensaba en molestar ós novos esposos, senón en informarme a través da tía Moinel e facer eu mesmo os trámites para atopa-la rapaza.

O faranduleiro mirábame ós ollos cunha vontade de confiar verdadeiramente admirable. Quince anos, tiña aínda e sempre quince anos! O tempo que tiñamos nós en Sainte-Agathe, o serán que varrémo-las clases, cando os tres fixemos ese terrible xuramento infantil.

A desesperación volveulle cando se viu obrigado a dicir:

–Pois logo, marchamos.

Ollou, seguramente con gran opresión do corazón, todos aqueles soutos dos arredores que ía deixar de novo.

–Dentro de tres días –dixo el–, estaremos nas estradas de Alemaña. Deixamos lonxe os nosos coches. E dende hai trinta horas camiñamos sen parar. Pensabamos chegar a tempo para levar a Meaulnes antes da voda buscar con el a miña noiva, como el buscou a mansión de Sablonnières.

Logo, dominado de novo polo seu terrible infantilismo:

–Chama ó teu Delouche –dixo índose–, porque se o atopo, sería espantoso.

Vin desaparecer pouco a pouco a súa silueta gris entre os abetos. Chamei a Jasmin e fomos continua-la nosa garda. Pero case decontado, vimos alá abaixo a Augustin que fechaba as contras da casa e quedamos abraiados pola estrañeza do seu xesto.

Capítulo IX

A xente feliz

Máis tarde, souben con detalle todo o que pasara alá abaixo…

No salón de Sablonnières, dende o comezo da tarde, Meaulnes e a súa muller, que eu aínda chamo señorita de Galais, quedaron completamente sós. Despois de marcharen os convidados, o vello señor de Galais abriu a porta deixando uns segundos que o forte vento entrase xemendo na casa; logo marchou para o Vieux-Nançay e non volveu ata a hora da cea, para pechar todo con chave e da-las ordes ós caseiros. Agora non chega ata os casados ningún ruído de fóra. Hai xusto unha rama de roseira sen follas que bate no vidro, do lado da landa. Eles son, no forte vento do inverno, dous amantes encerrados coa felicidade, como dous pasaxeiros nun barco á deriva.

–O lume parece que se apaga –dixo a señorita de Galais, e quixo coller unha acha do celeiro.

Pero Meaulnes adiantouse e foi el quen meteu a leña no lume.

Logo agarroulle a man estendida da moza e quedaron alí de pé, un diante da outra, afogados como por unha gran noticia que non se pode dicir.

O vento zoaba co ruído dunha enxurrada do río. De vez en cando, como na ventaíña dun tren, unha gota de auga sucaba o vidro diagonalmente.

Entón a rapaza escapou. Abriu a porta do comedor e desapareceu cun sorriso misterioso. Augustin quedou só un instante case na escuridade… O tic-tac dun pequeno péndulo facía pensar no comedor de Sainte-Agathe… Sen dúbida pensou: "Aquí está, pois, a casa tan buscada, o corredor, noutro tempo cheo de murmurios e de estraños pasadizos…"

Foi nese momento cando el debeu oír –a señorita de Galais díxome máis tarde que tamén ela o oíra– o primeiro berro de Frantz, moi preto da casa.

Entón a muller, por máis que lle mostraba as cousas marabillosas coas que viña cargada: os seus xoguetes de cando era nena e tódalas fotografías de cativa, vestida de cantineira, nos xeonllos de súa nai, que era tan bonita, co seu irmán Frantz…, logo todo o que quedaba dos seus recatados traxeciños de antano; "ata o que levaba, mira, no tempo en que ti axiña me habías coñecer, cando chegabas, creo, á escola de Sainte-Agathe…" Meaulnes non vía nin oía xa nada.

Así e todo, por un momento pareceu atrapado polo pensamento da súa extraordinaria e inimaxinable felicidade:

–Estás aí –dixo el xordamente, como se só dicilo producise vertixe–, pasas preto da mesa e a túa man póusase alí un instante… –e aínda–: Miña nai, cando era nova, dobraba así un pouco o peito sobre a cintura para falarme…; e cando se sentaba ó piano…

Entón a señorita de Galais decidiu tocar o piano antes de que caese a noite. Pero ese currúncho do salón estaba escuro e tiveron que acender unha candea. A pantalla rosa sobre a faciana da moza aumentaba o vermello que marcaba as súas fazulas e que era sinal dunha grande ansiedade.

Alá abaixo, na extrema do souto, eu empecei a oír esa canción vacilante que nos traía o vento, cortada deseguida polo segundo berro dos dous tolos que se achegaran a nós entre os abetos.

Durante longo tempo, Meaulnes escoitou a rapaza mentres ollaba en silencio pola ventá. Varias veces el volveuse cara á doce faciana chea de febleza e de angustia. Logo achegouse a Yvonne e, moi lixeiramente, puxo a súa man enriba do seu lombo. Ela sentiu docemente o peso deste aloumiño, ó que debería saber responder, preto do pescozo.

–O día remata –dixo por fin Meaulnes–, vou pecha-las contras pero non deixes de tocar…

Que pasou entón naquel corazón escuro e salvaxe? Interrogueime a miúdo, e só o souben cando xa era demasiado tarde. Remorsos ignorados? Penas inexplicables? Medo de ver esvae-

cer axiña entre as súas mans aquela felicidade inaudita que mantiña tan apertada? E, entón, tentación terrible de botar decontado, irremediablemente, por terra esta marabilla que conquistara?

Saíu con lentitude e silencioso despois de mirar a súa nova muller aínda outra vez. Dende a extrema do souto, nós vímolo primeiro pechar dubidoso unha contra, logo mirar vagamente cara a nós ó pecha-la outra e, de súpeto, botar a todo correr na dirección en que estabamos. Chegou preto de nós antes de que puidésemos pensar en disimular máis. El percibiunos cando ía atravesar unha pequena sebe plantada recentemente que facía de linde dun prado. Fixo un desvío. Recordo o seu aspecto esquivo, a súa faciana de animal acosado… Fixo acenos de volver cara atrás para atravesa-la sebe pola parte do regatiño.

Chameino:

–Meaulnes…! Augustin…!

Pero el nin tan sequera virou a cabeza. Entón, convencido de que só isto o podería deter, berreille:

–Frantz está aquí! Para!

Por fin parou. Arquexante e sen deixarme tempo de prepara-lo que podería dicir:

–Está aquí! –dixo–. Que quere?

–É desgraciado –respondín–. Viña pedirche axuda para atopa-lo que perdeu.

–Ah! –dixo el baixando a cabeza–. O que tanto temía, aínda que tratase de adormecer ese pensamento… Pero, onde está? Conta rápido.

Díxenlle que Frantz acababa de marchar e que seguramente agora xa non o collería. O que para Meaulnes foi unha gran decepción. Dubidou, deu dous ou tres pasos, detívose. Parecía no cume da indecisión e da pena. Conteille o que lle prometera ó rapaz no seu nome. Díxenlle que lle dera cita para dentro dun ano no mesmo lugar.

Augustin, normalmente tan calmado, estaba agora nun estado de nerviosismo e de impaciencia extraordinarios:

–Ah, por que faría iso! –dixo el–. Pero si, sen dúbida, podo salvalo. Pero cómpre que sexa de inmediato. É preciso que o vexa, que lle fale, que me perdoe e que eu repare todo… Doutra maneira non podo presentarme máis alá abaixo…

E volveuse cara á casa de Sablonnières.

–Así que –dixen eu–, por unha promesa infantil que lle fixeches, estás a punto de destruí-la túa felicidade.

–Ah! Se non fose máis ca esa promesa –dixo el.

E deste xeito, souben que había outra cousa que enleaba os dous rapaces pero sen poder adiviñar que.

–En todo caso –dixen–, xa non é tempo de correr. Eles están agora en camiño para Alemaña.

Ía responder, cando unha figura desguedellada, arisca, se levantou entre nós. Era a señorita de Galais. Debera correr, pois tiña a cara bañada en suor; e debera caer e mancarse pois tiña a fronte rascada por riba do ollo dereito e sangue pegado no pelo.

Nos barrios pobres de París sucedeume, de repente, que vin un matrimonio ó que se cría feliz, unido e honrado, sacado á rúa e separado por gardas que interviñan na pelexa. O escándalo estalou de súpeto, non importa cando, no momento de sentar á mesa, o domingo antes de saír, ó felicitar o rapaciño… e agora todo está esquecido, destruído. O home e a muller no medio do barullo non son máis que dous diaños miserables, e os nenos chorando achéganse a eles, abrázanos fortemente, suplícanlles que calen, que non se peguen máis.

A señorita de Galais, cando chegou preto de Meaulnes, fíxome pensar nun daqueles rapaces, nun deses pobres nenos desesperados. Creo que aínda que tódolos seus amigos, toda unha aldea, todo un mundo a vise, ela acudiría da mesma forma, caería da mesma maneira, desgreñada, chorosa, sucia.

Mais, cando viu que Meaulnes estaba ben alí, que esta vez polo menos non a abandonaría, entón pasoulle o brazo por debaixo do seu, e no medio das bágoas non puido evitar sorrir, coma un neniño. Non dixeron nada nin un nin a outra. Pero,

como ela sacara o seu pano, Meaulnes colleullo suavemente das mans e, con coidado e dilixencia, secou o sangue que manchaba o cabelo da rapaza.

–Agora hai que volver á casa –dixo el.

E deixei que volvesen os dous, en medio dun delicioso vento forte de serán do inverno que lles azoutaba a cara. El axudándolle coa man nas pasaxes difíciles, ela sorrindo e bulindo, cara á súa casa, abandonada por uns intres.

Capítulo X

A "casa de Frantz"

Algo intranquilo, preso dunha vaga inquietude que o feliz desenlace dos acontecementos da véspera non conseguira calmar, precisei permanecer dentro da escola durante toda a xornada do día seguinte. Despois da hora de "estudo" que segue á clase do serán, collín decontado o camiño de Sablonnières. Caía a noite cando cheguei ó camiño dos abetos que conducía á casa. Tódalas contras estaban xa pechadas. Temín ser inoportuno ó presentarme a aquela hora serodia, ó día seguinte dunha voda. Quedei ata moi tarde dando voltas polas beiras do xardín e polas terras veciñas, esperando sempre ver saír a alguén da casa pechada… Pero a miña esperanza quedou defraudada. Nin sequera na propia granxa veciña se movía nada. E tiven que volver á miña casa, obsesionado polos pensamentos máis sombríos.

Ó día seguinte, que era sábado, as mesmas incertezas. Pola tarde, collín á présa a miña capa, o meu caxato, un anaco de pan para comer no camiño, e cheguei cando a noite xa caía, para atopar, como a véspera, todo pechado en Sablonnières… Un pouco de luz no primeiro piso, pero ningún ruído, nin un movemento… Porén, na eira da granxa vin a porta aberta, o lume aceso na cociña grande e oín o ruído habitual de voces e de pasos á hora da cea. Sen preguntar máis, iso tranquilizoume; non podía dicir nin preguntar nada a aquela xente. E aínda volvín espreitar, agardando en van, pensando sempre en ver abrirse a porta e xurdir por fin a alta silueta de Augustin.

Só o domingo á tarde foi cando me decidín a petar na porta de Sablonnières. Mentres alancaba polos outeiros pelados, oía tocar ó lonxe as vésperas do domingo de inverno. Sentíame só e desolado. Non sei que triste presentimento me invadía. E non me sorprendín máis que a medias cando, ó tirar da campaíña, vin aparecer completamente só o señor de Galais e falarme en voz baixa. Yvonne de Galais estaba na cama, cunha febre vio-

lenta. Meaulnes tivera que marchar o venres pola mañá para unha longa viaxe; non se sabía cando volvería…

E como o vello, moi confundido e moi triste, non me invitaba a entrar, despedinme del axiña. Despois de pecha-la porta, fiquei un intre no patín co corazón apertado por un desconcerto absoluto, ollando, sen saber por que, unha rama de glicina seca que o vento abaneaba tristemente en medio dunha raiola de sol.

Así que eses remorsos secretos que tiña Meaulnes dende a súa estancia en París acabaran por ser máis fortes. Cumpría que o meu gran compañeiro escapase por fin á súa felicidade tenaz…

Tódolos xoves e domingos vin saber noticias de Yvonne de Galais, ata a tarde en que, por fin, convalecente, me pregou que entrase. Encontreina sentada preto do lume, no salón da gran ventá baixa que daba ó campo e ós montes. Non estaba tan pálida como a imaxinara, senón ó contrario toda acalorada, con intensas manchas vermellas debaixo dos ollos e nun estado de excitación extrema. Aínda que polo de agora aparecese moi feble, vestírase como para saír. Falaba pouco, pero dicía cada frase cunha extraordinaria animación, como se quixese convencerse a si mesma de que a felicidade aínda non se esvaecera… Non gardei o recordo do que dixemos. Lembro só que cheguei a preguntar con vacilación cando estaría Meaulnes de volta.

–Non sei cando volverá –respondeu vivamente. Había unha súplica nos seus ollos, e deixei de preguntarlle máis.

Volvín vela a miúdo. Falei con ela decote ó pé do lume, neste salón baixo onde a noite viña máis á présa que en calquera outra parte. Nunca falaba dela nin da súa pena escondida. Pero non se cansaba de dicirme que lle contase con detalle a nosa vida de escolares en Sainte-Agathe.

Escoitaba seria, con emoción, cun interese case maternal, o relato das nosas parvadas de nenos grandes. Non parecía sorprenderse nunca, mesmo dos nosos infantilismos máis atrevidos, máis perigosos. As aventuras deplorables do seu irmán non

lle destruíran esa tenrura atenta que herdara do señor de Galais. O único lamento que tiña do pasado era, penso eu, non ter sido unha confidente bastante íntima para o seu irmán, porque no momento da súa gran desesperación, el non se atrevera a dicirlle nada a ela nin tampouco a outros e xulgárase perdido sen remedio. E era, cando o penso, unha pesada tarefa que asumira a rapaza, tarefa perigosa de secundar un espírito tolamente quimérico como o seu irmán; tarefa perigosa, cando se trataba de convivir con ese corazón aventureiro que era o meu amigo o gran Meaulnes.

Daquela fe que ela gardaba nos soños infantís do seu irmán, dese coidado que poñía en conservar polo menos unhas migallas do soño no que el vivira ata os vinte anos, deume un día a proba máis conmovedora e, case direi, a máis misteriosa.

Foi unha tardiña desolada de abril como un final do outono. Dende había case un mes viviamos nunha doce primavera prematura, e a muller nova volvera da-los longos paseos que lle gustaban en compañía do señor de Galais. Pero aquel día, malia o tempo ameazante, pediume se a acompañaba; o vello estaba canso e eu desocupado. A máis dunha media legua de Sablonnières, abeirando o estanque, sorprendeunos a tronada, a chuvia e a sarabia. Debaixo do pendello onde nos abrigaramos da interminable tronada, de pé un preto do outro, pensativos, diante da paisaxe escurecida o vento deixábanos xeados. Vólvoa ver co seu suave e sobrio vestido, moi pálida, moi atormentada.

–Temos que volver á casa. Saímos hai tanto tempo… Que puido pasar?

Pero, para o meu pasmo, cando por fin puidemos deixa-lo noso abrigo, a rapaza en lugar de volver cara a Sablonnières, continuou o seu camiño e pediume que a seguise. Despois de camiñar longo tempo, chegamos diante dunha casa illada, que eu non coñecía, á beira dun camiño cheo de fochancas, que debía ir a Préveranges. Era unha casiña burguesa con tellado

de lousa, que en nada se diferenciaba do tipo usual das desa rexión, a non ser por estar afastada e solitaria.

Ó ver a Yvonne de Galais, diríase que esa casa nos pertencía e que a abandonaramos durante unha longa viaxe. Inclinándose, abriu unha cancela pequena e apurouse a inspeccionar con inquietude o solitario lugar. Un gran patio cheo de broza, onde uns nenos deberon vir xogar durante os longos e lentos seráns do final do inverno, estaba asolagado pola tronada. Un aro afundíase nunha poza de auga; nos macizos onde os nenos sementaran flores e chícharos, a forte chuvia non deixara máis ca regueiros de grava branca. E, por fin descubrimos, acubillada contra a soleira dunha das portas molladas, toda unha niñada de pitiños enchoupados pola treboada. Case todos estaban mortos debaixo das ás tesas e das plumas rotas da nai.

Ante ese espectáculo lamentable, a rapaza pegou un berro afogado. Anicouse e, sen preocuparse da auga nin da lama, collendo os poliños vivos entre os mortos, colocounos nunha punta do abrigo. Logo entramos na casa, ela tiña a chave. As catro portas daban a un estreito corredor no que o vento se meteu asubiando. Yvonne de Galais abriu a primeira á nosa dereita e fíxome entrar nun cuarto sombrío onde distinguín, despois dun momento de vacilación, un grande espello e unha cama cuberta ó xeito aldeán, por un edredón de seda vermella. E ela, despois de buscar un momento por todo o cuarto, volveu coa niñada enferma nunha cesta recuberta dun forro acolchado, que meteu coidadosamente debaixo do edredón. E, mentres que unha débil raiola de sol, a primeira e a última do día, facía máis pálidas as nosas caras e máis escura a caída da noite, nós estabamos alí de pé, xeados e atormentados na estraña casa!

De pouco en pouco, ela ía mira-lo niño doente, sacar outro poliño morto para impedir que os outros morresen. E cada vez parecíanos que algo, como un forte vento nos vidros escachados do faiado, como unha pena misteriosa de nenos descoñecidos, se laiaba en silencio.

–Esta era –díxome por fin a miña compañeira– a casa de Frantz cando era pequeno. Quixo unha casa para el só, lonxe de todos, na que puidese vir xogar, divertirse e vivir cando lle apetecese. A meu pai, esta fantasía parecéralle tan extraordinaria, tan divertida que non se negou. E cando lle apetecía, un xoves, un domingo, calquera día, Frantz viña vivir na súa casa como un home. Os nenos das casas dos arredores viñan xogar con el, axudarlle a face-las cousas da casa, traballar no xardín. Era un xogo marabilloso! E á vinda da noite non tiña medo de deitarse completamente só. E nós, admirabámolo de tal maneira que non se nos ocorría nin tan sequera inquietarnos.

–Agora e dende hai longo tempo –continuou cun suspiro–, a casa está baleira. O señor de Galais, golpeado pola idade e pola pena, nunca fixo nada para recuperar nin chamar o meu irmán. E que podería intentar?

Eu veño aquí con moita frecuencia. E, como daquela, os labreguiños dos arredores veñen xogar no patio. Gústame imaxinar que son os antigos amigos de Frantz, e que el mesmo é aínda un neno, e que ha vir decontado coa moza que escolleu. Eses nenos coñécenme ben. Xogo con eles. Esta niñada de pitiños era nosa…

Foi necesaria esa tronada e ese desesperar infantil para que ela me falase de toda aquela gran pena da que nunca dixera nada, e este gran pesar de perder o seu irmán tan tolo, tan encantador e tan admirado. E eu escoitábaa sen contestar nada, co corazón cheo de saloucos…

Pechadas as portas e a cancela, colocados de novo os poliños na cabana de táboas, que había detrás da casa, volveu coller tristemente o meu brazo e volvina levar…

Pasaron semanas, meses. Época pasada! Felicidade perdida! Foi a min a quen lle tocou da-lo brazo e dici-lo necesario para mingua-la pena da que fora a fada, a princesa e o amor misterioso de toda a nosa adolescencia, mentres que o meu compañeiro fuxira. Que podería dicir no presente daquela época, daquelas

conversas ó serán despois da clase que daba no outeiro de Saint-Benoist-des-Champs, deses paseos en que a única cousa da que sería preciso falar era a única da que estabamos decididos a calar? Non gardei outro recordo que aquel, medio borrado xa, dunha bonita cara fraca, de dous ollos onde as pálpebras baixaban devagar mentres me miraban como para non ver xa máis ca un mundo interior.

E seguín sendo o seu compañeiro fiel durante toda unha primavera e todo un verán como nunca houbese outro, compañeiro dunha agarda da que non falabamos. Volvemos pola tarde á casa de Frantz, varias veces. Ela abría as portas para ventilar, para que non estivese nada amofado cando volvese o novo matrimonio. Coidaba os polos medios salvaxes que había no curral. E o xoves ou o domingo, animabámo-los xogos dos cativos dos arredores, e os seus berros e risas no lugar solitario facían parecer máis deserta e máis baleira aínda a casiña abandonada.

Capítulo XI

Conversa baixo da chuvia

O mes de agosto, época de vacacións, arredoume de Sablonnières e da rapaza. Tiven que pasa-los dous meses de vacacións en Sainte-Agathe. Volvín ve-lo gran patio seco, o alpendre, a clase baleira… Todo falaba do gran Meaulnes. Todo estaba cheo de lembranzas da nosa adolescencia acabada. Durante estas longas xornadas amarelecidas, encerrábame como antano, denantes da vinda do gran Meaulnes no gabinete de arquivos, nas clases desertas. Lía, escribía, recordaba… Meu pai andaba a pescar lonxe. Millie cosía ou tocaba o piano no salón, como noutro tempo… E no silencio absoluto das clases onde as coroas rachadas de papel verde, os envoltorios dos libros dos premios e os encerados limpos coas esponxas, todo falaba de que o curso rematara e, distribuídas as recompensas, todo agardaba o outono, a volta á clase en outubro e o novo esforzo. Pensei que mesmo a nosa xuventude acabara e a felicidade se perdera. Eu tamén agardaba a volta a Sablonnières e o retornar de Augustin, que quizais non volvese nunca…

Había, porén, unha noticia feliz, que lle anunciei a Millie cando se decidiu a preguntarme pola nova casada. Temía as súas preguntas, a súa forma á vez moi inocente e moi maligna de afundirte de repente na confusión, adiviñando o teu pensamento máis secreto. Cortei en seco dicindo que a rapaza do meu amigo Meaulnes sería nai no mes de outubro.

Recordei para min o día en que Yvonne de Galais me dera a coñecer esta gran noticia. Houbera un silencio pola miña parte, un lixeiro reparo de rapaz. E deseguida dixera, inconsideradamente, para despistala, pensando demasiado tarde en todo o drama que remexía con iso:

–Debe estar moi contenta.

Pero ela, sen reserva, sen lamentos, sen remorsos nin rancor, respondera cun bonito sorriso de felicidade:

–Si, ben feliz.

Durante esa derradeira semana de vacacións, que é, en xeral, a máis fermosa e a máis romántica; semana das grandes chuvias, semana en que se empezan a acende-las chemineas e que eu pasaba normalmente cazando entre os abetos negros e mollados de Vieux-Nançay, preparei as miñas cousas para volver directamente a Saint-Benoist-des-Champs. Firmin, a miña tía Julie e as miñas curmás de Vieux-Nançay habíanme facer demasiadas preguntas ás que non quería responder. E, desta vez, renunciei a pasar durante oito días a vida emocionante dun cazador de aldea e marchei para a miña casa da escola, catro días antes do comezo das clases.

Cheguei antes da noitiña ó patio xa tapizado polas follas amarelas. Ó marchar o cocheiro, desembalei con tristeza o paquete de provisións que me dera mamá no comedor sonoro e "pechado"… Despois dun lixeiro xantar sen ganas, impaciente e ansioso, puxen a capa e marchei para un paseo frenético que me levou dereito ós arredores de Sablonnières.

Non quixen meterme alí coma un intruso xa no primeiro serán da miña chegada. Con todo, con algo máis de atrevemento que en febreiro, despois de dar voltas arredor da mansión onde só brillaba a ventá da rapaza, atravesei por detrás da casa o cerrado do xardín e sentei nun banco contra a sebe, na escuridade que caía, feliz simplemente por estar alí, moi preto do que me inquietaba e me apaixonaba máis no mundo.

Viña a noite. Empezaba a caer unha chuvia fina. Coa cabeza baixa, miraba, sen darme conta, como os meus zapatos se mollaban devagariño e como brillaban coa auga. A escuridade fórame arrodeando devagar e metíaseme a friaxe no corpo sen empece-lo meu soño. Soñaba con tenrura e tristeza cos camiños enlamados de Sainte-Agathe nestas mesmas tardes de setembro; imaxinei a praza chea de brétema, o empregado da carnicería asubiando mentres vai buscar auga á fonte, o café iluminado, o pasar alegre dos carros coa súa coiraza de paraugas aber-

tos que chegaban antes de remata-las vacacións á casa do tío Florentin… E dicíame tristemente: "Que importa toda esta felicidade, se nin o meu compañeiro Meaulnes nin a súa nova muller poden estar aquí…"

Foi entón cando, ó ergue-la cabeza, a vin a dous pasos de min. Facía un lixeiro ruído cos zapatos ó pisa-la area, que eu confundira co das pingas de auga na sebe. Levaba un pano grande de la negra por riba da cabeza e dos ombreiros e a orballada cubríalle de diminutas pinguiñas o pelo da fronte. Seguramente que me vira pola ventá dende o seu cuarto, que daba ó xardín. E viña onda min. Tempo atrás, tamén miña nai, preocupada por min, me ía buscar fóra para dicirme: "Tes que entrar". Pero cando lle colleu gusto a pasear de noite baixo a chuvia, dicía só con tenrura: "Vas coller frío!" e quedaba falando comigo moito tempo…

Yvonne de Galais tendeume unha man ardendo e, en lugar de convidarme a entrar a Sablonnières, sentou nun banco cuberto de carriza e cunha pátina verdosa, no lado menos mollado, mentres que eu, de pé, apoiado cun xeonllo no mesmo banco, me inclinaba cara a ela para oíla.

Primeiro rifoume amigablemente por acurtar as miñas vacacións:

–Debía vir deseguida –respondín– para facerlle compañía.

–É certo –dixo ela moi baixiño cun suspiro–; aínda estou soa. Augustin non volveu…

Tomando este suspiro por un lamento, por un reproche calado, empecei a dicir amodiño:

–Cantas toladas nunha cabeza tan nobre! Quizais o gusto de aventuras é máis forte ca todo…

Pero a rapaza interrompeume. E foi nese lugar, aquel serán, cando ela me falou por primeira e derradeira vez de Meaulnes.

–Non fale así –dixo docemente–, François Seurel, meu amigo. Non hai máis culpable ca nós, só eu teño a culpa. Pense no que fixemos… Nós dixémoslle: "Velaí te-la felicidade, velaí o que ti buscaches durante toda a túa xuventude, velaí a rapaza que estaba

ó final de tódolos teus soños!" Como non ía quedar preso na dúbida, logo no temor e no espanto, e non había ceder á tentación de fuxir, aquel ó que nós empurrabamos polos ombros!

–Yvonne –dixen baixiño–, sabe ben que vostede é aquela felicidade, aquela rapaza.

–Ah! –suspirou–. Como puiden ter por un momento este pensamento presuntuoso. Ese pensamento foi a causa de todo.

Eu dicíalle:

–Quizais non poida facer nada por el.

E no fondo pensaba: "Xa que tanto me buscou e o quero, terei que se-la súa felicidade". Pero cando o vin ó meu lado, con toda a súa ansiedade, a súa inquietude, o seu remorso misterioso, comprendín que non era máis ca unha pobre muller coma as outras…

Ó facerse día e ó final da noite da nosa voda el repetía: "Non son digno de ti", e eu trataba de consolalo, de tranquilizalo. Nada acalmaba a súa angustia. Entón díxenlle: "Se tes que marchar, se cheguei a ti no momento en que nada te podía facer feliz, se é preciso que me deixes un tempo para volver logo tranquilo ó meu lado, son eu a que che pido que marches…"

Na escuridade vin que ela erguera os ollos cara a min. Era como unha confesión que me fixera, e agardaba con ansia que eu a aprobase ou a condenase. Pero que podía dicir? Certamente, no fondo volvía ver o gran Meaulnes de antes, burrán e salvaxe, que sempre se deixaba castigar antes que escusarse ou pedir un permiso, que seguramente se lle daría. Sen dúbida, fora mellor que Yvonne de Galais o violentase e, colléndolle a cabeza entre as mans, lle dixese: "Que importa o que fixeches; eu quérote, non son tódolos homes pecadores?" Certamente fora unha gran equivocación –por xenerosidade ou por espírito de sacrificio– botalo así polo camiño da aventura… Pero como podería eu desaprobar tanta bondade e tanto amor…!

Houbo un longo momento de silencio, durante o que, inquietos ata o fondo do corazón, oïámo-la chuvia fría pingar nas sebes e por baixo das pólas das árbores.

–Daquela, el marchou á mañá –continuou ela–. Xa nada nos afastaba dende entón. E, como un esposo que deixa á súa muller nova antes dunha longa viaxe, deume simplemente un bico…

Ela levantouse. Collinlle coa miña a súa man febril, logo o seu brazo, e subimos polo camiño ancho entre a fonda escuridade.

–Así e todo, nunca lle escribiu? –preguntei eu.

–Nunca –respondeu ela.

E entón, veunos ós dous o pensamento da vida aventureira que levaría Meaulnes nese momento, polos camiños de Francia ou de Alemaña, e empezamos a falar del como non o fixeramos nunca. Mentres chegabamos á casa moi devagar, facendo a cada paso longas paradas para intercambiar mellor os nosos recordos, volvíannos á lembranza detalles esquecidos e antigas impresións… Durante moito tempo, oín na escuridade a preciosa voz baixiña daquela moza, ata chegar ós valados do xardín; e eu, invadido de novo polo meu vello entusiasmo, faláballe sen descanso e con fonda amizade daquel que nos abandonara…

Capítulo XII

O fardo

A clase ía empezar o luns. O sábado pola tarde, contra as cinco, unha muller de Sablonnières entrou no patio da escola, onde estaba eu ocupado en serrar leña para o inverno. Víñame anunciar que na mansión nacera unha neniña. O parto fora difícil. Ás nove da noite houbera que ir chamar á parteira de Préveranges. A media noite prepararon de novo o coche para ir busca-lo médico a Vierzon. Tivera que utiliza-lo fórceps. A nena tiña a cabeza ferida e berraba moito, pero parecía chea de vida. Yvonne de Galais quedaba daquela moi abatida, sufrira e aguantara cunha valentía extraordinaria.

Deixei o meu traballo, fun correndo poñer outra chaqueta e, contento finalmente con aquelas noticias, seguín a boa muller deica Sablonnières. Por medo a que unha das dúas doentes estivese durmindo, subín con coidadiño a estreita escaleira de madeira que ía ó primeiro piso. E alí o señor de Galais, coa cara cansada pero feliz, fíxome entrar no cuarto onde instalaran provisionalmente o berce rodeado de cortinas.

Nunca entrara nunha casa na que nacera un meniño ese mesmo día. Que estraño, misterioso e bo me parecía iso! Facía un serán tan bo, un verdadeiro serán de verán, que o señor de Galais non temera en abri-la ventá que daba ó patio. E preto de min, cos cóbados no peitoril da ventá, contábame con afogo e felicidade o drama da noite. E eu, que o escoitaba, sentía vagamente que alguén estraño estaba agora con nós no cuarto…

Baixo das cortinas, aquilo púxose a berrar, un berriño agre e prolongado… Entón o señor de Galais díxome a media voz:

–É esa ferida da cabeza que a fai berrar.

E púxose a arrolar o fardiño de cortinas. Notábase que facía iso maquinalmente dende a mañá e que xa collera costume.

–Xa riu –dixo o señor de Galais–, e colle o dedo. Pero aínda non a viu?

Abriu as cortinas e vin unha cariña vermella e inchada, un cranio pequeno alongado e deformado polo fórceps:

–Non é nada –dixo el–. O médico dixo que todo isto se arranxaría por si só… Déalle o seu dedo, xa verá como llo aperta.

Descubría alí como un mundo descoñecido. Sentía o corazón cheo dunha estraña alegría que denantes non coñecera…

O señor de Galais entreabriu con coidado a porta do cuarto da moza. Non durmía.

–Pode entrar –dixo el.

Estaba tendida, co rostro afervoado no medio dos seus louros cabelos soltos. Estendeume a man sorrindo cun aspecto de fatiga. Feliciteina pola súa filla. Cunha voz algo rouca e cunha rudeza inhabitual, a rudeza de alguén que volve de combater, dixo sorrindo:

–Si, pero feríronma –dixo ela sorrindo.

Foi necesario marchar axiña para non cansala máis.

Ó día seguinte, domingo, pola tarde, volvín cunha présa case feliz a Sablonnières. Unha nota colocada na porta con alfinetes contou o meu impulso.

Rógase non chamar

Non adiviñei de que se trataba. Batín bastante forte. No interior do cuarto oín pasos afogados que acudían. Alguén que non coñecía, e que era o médico de Vierzon, abriume:

–E logo, que pasa? –dixen rapidamente.

–Xuuu! Xuuu! –respondeume baixiño, cun aire enfadado–. A neniña houbo morrer esta noite. E a nai está moi mal.

Completamente aloulado, seguino na punta dos pés ata o primeiro piso. A nena durmida no berce, estaba moi pálida, moi branca, como unha nena morta. O médico pensaba salvala pero sobre a nai non aseguraba nada… Como único amigo da familia, deume longas explicacións. Faloume de conxestión pulmonar, de embolia. Dubidaba, non estaba seguro… Entrou

o señor de Galais, moi avellentado en dous días, apartadizo e tremelando.

Levoume ó cuarto da moza sen saber ben o que facía:

–Cómpre que ela non estea asustada –díxome baixiño–. Mandou o médico que é preciso convencela de que todo vai ben.

Yvonne de Galais estaba tendida con todo o sangue na cara, coa cabeza botada para atrás como a véspera. As meixelas e a fronte dun avermellado escuro e os ollos revoltos como dunha afogada, ela defendíase da morte cunha valentía e unha tranquilidade indicibles.

Non podía falar, pero estendeume a súa man ardendo, con tanta amizade que houben estalar en saloucos.

–Ben! Ben! –dixo o señor de Galais moi forte, cunha animosidade espantosa, que parecía tolemia–. Xa vedes que para unha enferma non ten moi mal aspecto!

Eu non sabía que contestar, pero retiña na miña a man terriblemente quente da moza moribunda…

Ela quixo facer un esforzo para dicirme algo, pedirme non sei que; virou os ollos cara a min, logo cara á ventá, como para facerme acenos de que saíse fóra buscar alguén… Pero entón quedou mergullada por unha crise espantosa que a abafaba. Os seus fermosos ollos azuis, que por un intre me chamaran tan dramaticamente, reviráronse; as súas meixelas e a súa fronte escureceron e loitou sen alterarse tratando de conter ata o final o seu espanto e a súa desesperación. O médico e as mulleres precipitáronse cun balón de osíxeno, toallas, frascos; mentres o vello berraba pendurado sobre ela, berraba coa súa voz áspera e tremebunda coma se xa ela estivese lonxe del:

–Non teñas medo, Yvonne. Non será nada. Non tes por que ter medo!

Logo a crise acalmouse. Puido respirar un pouco pero continuou algo ancorada, cos ollos brancos, a cabeza cara atrás, a loitar sempre, pero incapaz, aínda que fose un instante, de mirarme e falarme, de saír do corgo en que xa estaba afundida.

… E como non era nada útil, tiven que decidirme a marchar. Quizais puidese quedar un momento máis. E con ese pensamento síntome oprimido por unha horrible pena. Mais que? Aínda confiaba. Convencíame de que todo non estaba aínda tan preto.

Ó chegar ó lindeiro dos abetos, detrás da casa, pensando na ollada da moza vireime cara á ventá, examinei coa atención dunha sentinela ou dun cazador de homes a profundidade daquel monte por onde noutro tempo viñera Augustin e por onde fuxira o inverno anterior. Ai! Nada se movía. Nin unha sombra sospeitosa, nin unha póla que se axite. Pero ó lonxe, alá abaixo, contra o camiño que viña de Préveranges, oín o son moi fino dunha campaíña; apareceu decontado, á volta dun carreiro, un neno cun bonete vermello e unha camisola de escolar que seguía a un crego… E marchei, tragando as miñas bágoas.

Ó día seguinte comezaban as clases. Ás sete da mañá había xa dous ou tres cativos no patio. Dubidei moito en baixar a presentarme. E cando por fin aparecín metendo a chave enfeluxada da aula, que estivera gardada dende había dous meses, o que máis temía no mundo chegou. Vin afastarse do grupo que xogaba debaixo do alpendre o maior dos escolares e achegarse a min. Víñame dicir que "a nova señora de Sablonnières morrera onte á caída da noite".

Todo se mesturou para min, todo se confundiu nesta dor. Agora paréceme que nunca máis terei o valor de recomeza-la clase. Só atravesa-lo árido patio da escola é unha fatiga que vai romperme os xeonllos. Todo é penoso, todo é amargo, pois ela morreu. O mundo está baleiro, as vacacións rematadas. Rematadas as longas carreiras perdidas en coche, rematada a misteriosa festa… Todo volve ser tan penoso como era.

Díxenlles ós nenos que esa mañá non habería clase. Marcharon en grupiños levar a noticia ós outros da aldea. E eu collín o meu sombreiro negro, unha chaqueta reberetada que teño, e funme penosamente abatido a Sablonnières…

… Velaquí estou diante da casa que tanto buscaramos hai tres anos! É na casa onde Yvonne de Galais, a muller de Augustin Meaulnes, morreu onte ó serán. De tanto silencio que hai dende onte neste lugar desolado, un alleo crería que era unha capela.

Velaí pois o que nos reservaba esta bonita mañá do inicio do curso, este sol traidor do outono que esvara por baixo das pólas. Como loitaría contra esta espantosa rebelión, esta abafante gana de chorar? Atoparámo-la preciosa moza, conquistarámola. Era a muller do meu compañeiro e eu queríaa con esa amizade fonda e secreta que nunca se confesa. Eu ollábaa e estaba contento coma un neno. Quizais un día casaría con outra muller e ela sería a primeira a quen lle confiaría a gran noticia secreta…

Nun extremo da porta, preto da campaíña, deixaron a nota de onte. Xa levaron o cadaleito para o vestíbulo de abaixo. Nun cuarto do primeiro está a ama de cría da nena, que me acolle, que me conta o final e que entreabre suavemente a porta… Velaí está. Xa non hai febre nin combates. Xa non hai fogaxe nin agarda… Nada máis ca silencio e unha faciana dura, insensible e branca, rodeada de guata; unha fronte morta de onde saen os cabelos espesos e duros.

O señor de Galais, acubillado nun curruncho, de costas para a xente, está en calcetíns, sen zapatos, e fochica cunha teima terrible nos caixóns en desorde arrancados a un armario. De cando en cando, cunha crise de saloucos que lle sacode os ombros como unha crise de risa, saca de alí unha fotografía antiga, xa amarelecida, da súa filla.

O enterro será ó mediodía. O médico teme a descomposición rápida, que segue ás veces ás embolias. Por iso, a faciana e o resto do corpo están rodeados de guata impregnada en fenol.

Puxéronlle o seu precioso vestido de veludo azul escuro sementado nalgunhas partes con estreliñas de prata e houbo que aplanar e engurra-las bonitas mangas de farol, pasadas de moda. Despois de amortallala, no momento de saca-lo cadaleito, dé-

ronse conta de que non podían facelo polo corredor, que era demasiado estreito. Habería que subilo dende fóra cunha corda pola ventá e baixalo logo do mesmo xeito… Pero o señor de Galais, aínda pendurado sobre cousas vellas nas que buscaba non se sabe que recordos perdidos, intervén entón cunha vehemencia terrible.

–Antes diso –dixo cunha voz cortada polas bágoas e a cólera–, antes de deixar facer unha cousa tan espantosa, serei eu quen a colla e a baixe nos meus propios brazos…

E así o faría co risco de caer coa debilidade a medio camiño e de esnafrarse con ela!

E entón adiántome eu e tomo a única determinación posible. Coa axuda do médico e dunha muller, pasando un brazo polo lombo da morta xacente e o outro por detrás das pernas, cárgoa contra o meu peito. Sentada no meu brazo esquerdo, os ombros apoiados contra o meu brazo dereito, a cabeza caída, volta contra o meu queixo, pésame terriblemente sobre o meu corazón. Baixo amodiño chanzo a chanzo a longa escaleira moi pendente, mentres abaixo preparan todo.

Deseguida sinto os dous brazos doridos polo esforzo. En cada chanzo, con este peso sobre o peito, estou cada vez máis esgotado. Agarrado ó corpo inerte e pesado, baixo a miña cabeza sobre a cabeza da que levo, respiro forte e ó aspirar os seus cabelos louros éntranme na boca; cabelos mortos que teñen un sabor a terra. E ese sabor a terra e a morte, ese peso sobre o corazón, é todo o que queda para min da grande aventura, e de ti, Yvonne de Galais, muller tan buscada, tan amada…

Capítulo XIII

O caderno de deberes mensuais

O vello señor de Galais non tardou en encamar, nunha casa chea de tristes lembranzas, onde as mulleres arrolaban e consolaban todo o día unha neniña doente. Cos primeiros fríos intensos do inverno, ensumiuse dun xeito apracible e eu non puiden evitar chorar na cabeceira dese vello encantador que, polo seu pensamento indulxente e a súa fantasía, unida á do seu fillo, fora a causa de toda a nosa aventura. Morreu demasiado felizmente, nunha incomprensión completa de todo o que pasara, e, por outra parte, nun silencio case absoluto. Como dende había moito tempo non tiña xa nin parentes nin amigos nesta comarca de Francia, declaroume no testamento o seu herdeiro universal ata a volta de Meaulnes, a quen, de volver algún día, debía render contas de todo… E, dende aquela, vivín en Sablonnières. Só ía a Saint-Benoist para da-la clase; marchaba á mañá cedo, xantaba ó mediodía un xantar preparado na mansión, que poñía a quentar na estufa, e volvía ó serán, decontado despois do estudo. Así puiden mirar pola nena, que coidaban as criadas da granxa. Sobre todo así aumentaban as miñas posibilidades de volver atopar a Augustin, se volvía algún día a Sablonnières.

Ademais, non perdía a esperanza de descubrir co tempo, nos mobles, nos caixóns da casa, algún papel, algún indicio que me permitise saber en que empregou o tempo, durante o longo silencio dos anos precedentes; e quizais tamén sabe-las razóns da fuxida ou, polo menos, de recupera-la súa pista… Xa inspeccionara, en van, non sei cantas lacenas e armarios, abrira cantidade de caixas antigas de tódolos tamaños que estaban nos faiados, cheas de lazados de vellas cartas e fotografías amarelas da familia Galais, acuguladas de flores artificiais, con plumas, penachos e paxaros pasados de moda. Daquelas caixas escapaba non sei que cheiro murcho, que perfume ensumido que, de re-

pente, espertaban en min durante todo un día as lembranzas, as penas, e detiñan as miñas investigacións.

Por fin, unha xeira libre, descubrín no faiado unha vella maletiña longa e baixa, cuberta de pel de porco media rañada, que recoñecín porque era a maleta de escolar de Augustin. Lamentei non ter empezado por alí as miñas buscas. Abrín con facilidade a pechadura enferruxada. A maleta estaba chea ata os bordos de cadernos e de libros de Sainte-Agathe. Aritméticas, literaturas, cadernos de problemas, que sei eu…! Con tenrura máis ca con curiosidade, púxenme a follear todo isto, relendo os ditados que aínda sabía de memoria, copiarámolos tantas veces! "*L'Aqueduc*" de Rousseau, "*Une aventure en Calabre*" de P. L. Courier, "*Lettre de George Sand à son fils*"…

Había tamén un "Caderno de deberes mensuais". Quedei sorprendido, pois estes cadernos quedaban na clase e os alumnos non os sacaban nunca fóra. Era un caderno verde moi amarelo polos bordos. O nome do alumno, Augustin Meaulnes, estaba escrito na cuberta en preciosa redonda. Abrino. Na data dos deberes, abril 189…, deime conta de que Meaulnes o comezara poucos días antes de marchar de Sainte-Agathe. As primeiras páxinas estaban feitas co coidado relixioso que era de regulamento cando se traballaba nese caderno de composicións. Pero non había máis de tres páxinas escritas, o resto estaba en branco e velaí por que Meaulnes o levara.

Matinando, axeonllado no chan, naqueles costumes, naqueles regulamentos puerís que tiveran tanta importancia na nosa adolescencia, pasaba polo meu polgar o bordo das páxinas do caderno inacabado. E así foi como descubrín escritas outras follas. Despois de catro páxinas en branco, volvera escribir.

Era tamén a letra de Meaulnes, pero rápida, mal formada, apenas lexible; había breves parágrafos de anchuras desiguais separados por liñas brancas. Ás veces non era máis ca unha frase inacabada, outras só unha data. Dende a primeira liña, xulguei que alí podía haber datos sobre a vida pasada en París de Meaulnes, indicios da pista que buscaba, e baixei ó comedor para

mirar con calma, á luz do día, o estraño documento. Era un día de inverno claro e axitado. Xa un sol vivo debuxaba os marcos dos vidros nas cortinas da ventá, xa un vento repentino guindaba nos vidros unha sarabiada. E diante desta ventá, preto do lume, foi onde lin as liñas que me explicaron tantas cousas e das que dou aquí a copia exacta…

Capítulo XIV

O segredo

Aínda pasei outra vez por debaixo da ventá. A ventá segue chea de poeira e branqueada pola dobre cortina que ten detrás. Aínda que Yvonne de Galais a abrise, non tería nada que dicirlle dado que está casada… Que facer agora? Como vivir?

Sábado 13 de febreiro. – Atopei no peirao aquela rapaza que me informara no mes de xuño, que agardaba coma min diante da casa pechada… Faleille. Mentres andaba, miraba de esguello os escasos defectos da súa cara: unha engurriña no extremo dos beizos, un oco lixeiro nas meixelas e algo de po acumulado nas aletas do nariz. Ela volveuse de repente e ollándome ben de fronte, quizais porque é máis bonita de fronte ca de perfil, díxome cunha voz curta:

–Vostede divírteme moito. Imítame a un rapaz que me pretendeu hai tempo en Bourges. Foi mesmo mozo meu…

No entanto, en plena noite, na beirarrúa deserta e mollada que reflicte o resplandor dun farol de gas, achegouse a min de repente para pedirme se a levaba aquela noite ó teatro coa súa irmá. Notei por primeira vez que vai vestida de loito, cun sombreiro de señora demasiado vello para a súa cara nova, e leva un fino paraugas alto, semellante a unha cana. E, como estou moi preto dela, cando fago un movemento as miñas uñas rascan o crespón do seu corpiño… Poño dificultades para concederlle o que me pide. Enfadada, quere marchar axiña. E agora son eu quen a retén e lle rogo. Entón un obreiro que pasa na escuridade chancea a media voz:

–Non vaias, neniña, que che ha facer mal!

E os dous quedamos aloulados.

No teatro. – As dúas rapazas, a miña amiga, que se chama Valentine Blondeau, e a súa irmá, chegaron cuns chales miserables.

Valentine está situada diante de min, a cada intre vólvese inqueda como para preguntarse que quero dela. E eu síntome, preto dela, case feliz, e respóndolle cada vez cun sorriso.

Todo arredor nosa había mulleres moi escotadas. E nós divertiámonos. Ela primeiro sorría, logo dixo:

–Non debo rir. Eu tamén estou demasiado escotada.

E envolveuse no seu chal. En efecto, baixo o cadrado de encaixe negro, víase que coa présa de cambiar de roupa, baixara a parte alta da súa sinxela camisa subida.

Hai nela non sei que de pobre e de infantil, e na súa ollada non sei que expresión sufrida e atrevida que me atrae. Preto dela, o único ser no mundo que puido informarme sobre a xente da mansión, non deixo de pensar na miña estraña aventura de antano… Quixen preguntarlle de novo pola casa do bulevar. Pero, pola súa parte, ela fíxome preguntas tan molestas que non souben responder. Presinto que dende agora os dous seremos mudos neste tema. Porén, sei tamén que a seguirei vendo. Para que? E por que…? Agora estou condenado a segui-los pasos de todo ser que leve en si a máis vaga, a máis afastada marca da miña aventura frustrada…

A media noite, só na rúa deserta, pregúntome que quere de min esta nova e estraña historia. Ando ó longo de casas semellantes a caixas de cartón en ringleira, onde toda unha vila dorme. E lembro, de repente, unha decisión que tomara o mes pasado: decidín ir alá abaixo en plena noite, contra a unha da mañá, rodea-la casa, abri-la porta do xardín, entrar como un ladrón e buscar calquera indicio que me permitise volver encontra-la mansión perdida para volvela ver, soamente volvela ver… Pero estou canso, teño fame. Eu tamén me apurei para cambiar de traxe antes do teatro, e non ceei… Axitado e inquedo, perma-

nezo non obstante sentado moito tempo á beira da miña cama antes de deitarme, preso dun vago remorso. Por que?

Deime conta tamén de que elas non quixeron nin que as acompañase nin dicirme onde vivían. Pero seguinas todo o tempo que puiden. Sei que viven nunha calella que dá a volta nos arredores de Notre-Dame. Pero en que número…? Adiviñei que eran costureiras ou modistas.

Sen sabelo a irmá, Valentine citoume para o xoves ás catro diante do mesmo teatro onde fomos.

–Se non estivese o xoves –dixo ela–, volve venres á mesma hora, logo sábado, e continúa así tódolos días.

Xoves 18 de febreiro. – Funa agardar cun forte vento portador de chuvia. Dicíase a cada momento: "Vai acabar por chover…"

Camiño pola case escuridade das rúas cun peso no corazón. Cae unha pinga de auga. Temo que chova: unha tronada pode impedirlle vir. Pero o vento volve soprar e a chuvia aínda non cae desta vez. Alá arriba, na tarde de ceo gris, unhas veces gris e outras resplandecente, unha nube grande tivo que ceder ó vento. E eu estou aquí en terra nunha agarda penosa…

Diante do teatro. – Ó remate dun cuarto de hora, estou seguro de que non virá. Dende o peirao onde estou, observo ó lonxe a ponte pola que tería que vir, o desfile de xente que pasa. Sigo coa ollada tódalas rapazas de loito que vexo vir, e case estou agradecido ás que, durante máis tempo e máis preto de min, lle asemellaban e me fixeron agardar…

Unha hora de agarda. – Estou canso. Á noitiña, un garda de orde arrastra ata a comisaría próxima un pillabán que, cunha voz afogada, berra tódalas inxurias, tódalas groserías que sabe. O axente está furioso, pálido, mudo… Dende o corredor empeza a baterlle, logo pecha a porta detrás deles para pegarlle a gusto ó desgraciado… Vénme o horrible pensamento de

que renunciei ó ceo e de que estou patexando ás portas do inferno.

Canso de loitar, deixo o lugar e chego á rúa estreita e baixa, entre o Sena e Notre-Dame, onde, pouco máis ou menos, coñezo o sitio da súa casa. Vou e veño totalmente só. De vez en cando, unha criada ou unha ama de casa sae debaixo da chuvisca face-las súas compras antes da noite… Non hai nada aquí para min e voume… Volvo pasar, coa chuvia transparente que atrasa a noite, polo sitio onde tiñamos que atoparnos. Hai máis xente que antes, unha multitude negra…

Suposicións. – Desesperación. Fatiga. Aférrome a esta idea: mañá. Mañá á mesma hora e no mesmo lugar, volverei agardala. E teño moita présa para que chegue mañá. Imaxino o aburrimento da noite de hoxe, logo a mañá do día seguinte, que vou pasar desocupado… Pero non está xa case acabada esta xornada…? Volvo á casa, preto do lume, oio anuncia-los diarios do serán. Sen dúbida ela tamén os oe dende a súa casa perdida nalgunha parte da cidade, preto de Notre-Dame.

Ela… quero dicir: Valentine.

Esta noite que quixera evitar pésame de forma estraña. Mentres avanza a hora e este día, que eu quixera xa acabado, axiña vai rematar, hai homes que lle confiaron toda a súa esperanza, todo o seu amor e as súas derradeiras forzas. Hai homes moribundos, outros que agardan o vencemento dun pagamento e que quixeran que nunca fose mañá. Hai outros para quen mañá apuntará como un remorso. Outros que están cansos, e para os que esta noite nunca será longa abondo para darlles todo o repouso que precisarían. E eu, eu que perdín o meu día, con que dereito me atrevo a chamar polo mañá?

Venres ó serán. – Pensara escribir a continuación: "Non a volvín ver". E todo acabaría.

Pero ó chegar as catro da tarde, á esquina do teatro, alí estaba. Fina e seria, vestida de negro, pero con po na cara e un

colariño que lle daba aspecto dun pierrot culpable. Un aspecto á vez malicioso e doloroso.

É para dicirme que me quere deixar axiña, que non volverá máis.

.....

E así e todo, á caída da noite, aínda estámo-los dous camiñando lentamente un preto do outro sobre a grava das Tuileries. Ela cóntame a súa historia pero dunha maneira tan embarullada que a comprendo mal. Di "o meu amante" para falar deste noivo co que ela non casou. Faino a propósito, creo, para ferirme e para que non trate de unirme a ela.

Hai frases dela que transcribo de mala gana:

–Non teño ningunha confianza en min –dixo ela–. Nunca fixen máis ca tolerías. Percorrín camiños completamente soa. Fixen desesperar ó meu noivo. Abandoneino porque me admiraba demasiado; só me vía na súa imaxinación e non tal como era. E estou chea de defectos. Seriamos moi desgraciados.

En cada instante sorpréndoa facéndose máis ruín do que é. Penso que quere probarse a si mesma, penso que hai tempo tivo razón en face-la parvada da que fala, que non ten nada que lamentar e que non era digna da felicidade que se lle ofrecía.

Outra vez:

–O que me agrada de vostede –díxome ela mirándome longamente–, o que me agrada en vostede, non podo saber por qué, son as miñas lembranzas…

E aínda outra vez:

–Eu aínda o quero –dicía ela–, máis do que vostede pensa.

E logo, de repente, brutalmente, tristemente:

–En fin, que quere? É que me quere, tamén vostede? Vostede tamén vai pedi-la miña man…?

Tatexei. Non sei que respondín, quizais dixen:

–Si.

Esta especie de diario interrompíase aí. Empezaban logo uns borranchos de cartas ilexibles, sen acabar, riscadas. Precario noivado…! A rapaza, a petición de Meaulnes, deixara o traballo. El preocupábase dos preparativos da voda. Pero asaltado sen cesar polo desexo de seguir buscando, de marchar outra vez tralo rastro do seu amor perdido, sen dúbida debera desaparecer varias veces. E, nesas cartas, cun tráxico barullo, trataba de xustificarse diante de Valentine.

Capítulo XV

O segredo (continuación)

O diario continuaba máis adiante.

Anotara lembranzas dunha estadía que pasaran os dous no campo, non sei onde. Pero, cousa estraña, a partir deste momento quizais por un sentimento de pudor secreto, o diario estaba redactado dunha maneira tan entrecortada, tan informe, e garabateado tan apuradamente, que eu mesmo tiven que retomar e reconstruír toda esa parte da súa historia.

14 de xuño. – Cando espertou ó amencer no cuarto da pousada, o sol alumaba os debuxos vermellos da cortina negra. Uns xornaleiros, que tomaban o café da mañá na sala de abaixo, falaban alto; con expresións rudas e apracibles indignábanse contra un dos seus patróns. Sen dúbida, había tempo que Meaulnes oía, inconscientemente no seu soño, este ruído calmo, e ó primeiro non prestou ningunha atención. Esta cortina sementada de uvas vermellas polo sol, estas voces matinais que subían ó cuarto silencioso, todo isto confundíase na impresión única dun espertar no campo, no inicio dunhas deliciosas e grandes vacacións.

Ergueuse, bateu con suavidade na porta veciña sen obter resposta e entreabriuna sen ruído. Viu entón a Valentine e comprendeu de onde lle viña tan apracible felicidade. Ela durmía completamente inmóbil e silenciosa, sen que se oíse respirar, como debe durmir un paxaro. Mirou longo tempo ese rostro de neno cos ollos pechados, ese rostro tan quedo que un desexaría non espertar nin turbar nunca.

Para mostrar que non durmía, ela non fixo outro movemento que abri-los ollos e mirar.

Ó que se vestiu, Meaulnes volveu onda a rapaza.

–Imos chegar tarde –dixo ela.

E fixo decontado como unha ama de casa no seu fogar.

Puxo orde nos cuartos, cepillou os traxes que Meaulnes levara a véspera e cando chegou ó pantalón, quedou pasmada. Os baixos do pantalón estaban cubertos por unha lama espesa. Dubidou, logo, antes de cepillalo; con precaución, empezou por raspar cun coitelo a primeira capa de terra coidadosamente.

–Era así –dixo Meaulnes–, como facían os rapazolos de Sainte-Agathe cando se metían na lama.

–A min, foi miña nai quen me ensinou isto –dixo Valentina.

… E así sería a compañeira que debía desexar, antes da súa aventura misteriosa, o cazador e o labrego, que era o gran Meaulnes.

15 de xuño. – Nunha cea, na granxa, onde foran convidados grazas ós seus amigos que os presentaran como marido e muller, con grande aburrimento pola súa parte, ela amosouse tímida como unha casada recente.

Acendéranse as candeas de dous candelabros a cada lado da mesa cuberta de tea branca, como nunha apracible voda de aldea. En canto se inclinaban, baixo esta feble claridade, as caras mergullábanse na sombra.

Á dereita de Patrice (o fillo do granxeiro) estaba Valentine, logo Meaulnes, que permaneceu calado ata o final, aínda que se dirixisen case sempre a el. Dende que se decidira, nesta aldea perdida, a facer pasar a Valentine pola súa muller para evitar comentarios, desolábano a mesma pena e o mesmo remorso. E mentres tanto Patrice, como un fidalgo da aldea, dirixía a cea:

"Son eu", pensaba Meaulnes, "quen debería, nunha sala baixa como esta, unha bonita sala que coñezo ben, presidi-la cea da miña voda esta noite".

Preto del, Valentine refugaba con timidez todo o que lle ofrecían. Parecía unha aldeaniña. A cada novo intento miraba para o seu amigo e parecía querer refuxiarse nel. Había tempo que Patrice insistía en van en que ela bebese todo o seu vaso,

cando por fin Meaulnes se inclinou cara a ela e díxolle docemente:

–Tes que beber, miña pequena Valentine.

Entón docilmente, bebeu. E Patrice felicitou sorrindo ó rapaz por ter unha muller tan obediente.

Pero ámbolos dous, Valentine e Meaulnes, quedaron silenciosos e pensativos. Estaban ante todo cansos, e os pés, mollados pola lama do paseo, estaban xeados nas baldosas lavadas da cociña. Ademais, de vez en cando, o rapaz víase obrigado a dicir:

–A miña muller, Valentine, a miña muller…

E cada vez que pronunciaba confusamente esta palabra, diante daqueles paisanos descoñecidos, na sala escura, tiña a impresión de cometer unha falta.

17 de xuño. – A tarde deste último día empezou mal.

Patrice e a súa muller acompañáranos no paseo. Pouco a pouco, na costa desigual cuberta de uces, as dúas parellas quedaron separadas. Meaulnes e Valentine sentaron nun pequeno souto entre os cimbros.

O vento traía pingas de chuvia e o tempo estaba anubrado. A tarde tiña un sabor agre, parecía o sabor dun aburrimento tal, que o mesmo amor non podía esvaecer.

Estiveron alí moito tempo no seu agocho, abrigados debaixo das pólas, falando pouco. Logo levantou o tempo. Saíu o sol. Eles creron que agora iría todo ben.

E comezaron a falar de amor, Valentine falaba, falaba…

–Velaí –dicía ela–, o que me prometera o meu noivo, como un neno que era: teriamos decontado unha casa, como unha choza perdida no campo. Estaba completamente preparada, dicía el. Ó serán da nosa voda chegariamos como de volta dunha gran viaxe, contra esa hora que está preto da caída da noite. E polos camiños, no patio, agochados nas matogueiras, rapaces descoñecidos faríannos festas berrando: "Viva a noiva…!" Que tolerías!, non si?

Meaulnes, inhibido e preocupado, escoitábaa. Atopaba en todo isto, como o eco dunha voz xa oída. E no ton da rapaza cando contaba esta historia había tamén un vago pesar.

Pero ela tivo medo de ferilo. Volveuse cara a el con ímpeto, e con dozura:

–A vostede –dixolle–, quérolle dar todo o que teño, algo que foi para min o máis prezado de todo…, e vostede queimarao!

Entón, fitándoo fixamente cun aire ansioso, sacou do peto un paquetiño de cartas e deullo, as cartas do seu noivo.

Ah! De repente recoñeceu a fina letra. Como non se lle ocorrera antes! Era a letra de Frantz, o faranduleiro, que noutro tempo vira na nota de desesperación deixada no cuarto da mansión…

Agora andaban por un carreiriño estreito entre as margaridas e o feo, iluminados oblicuamente polo sol das cinco. Era tal o seu estupor que Meaulnes aínda non comprendía o cambio que todo iso sería para el. El lía porque ela lle pedira que lese frases infantís, sentimentais, patéticas… Na última carta, esta:

> … Ah! Perdíche-lo corazonciño, imperdoable, miña Valentine. Que nos pasará? En fin, non son supersticioso…

Meaulnes lía, medio cego de pesar e de cólera, coa faciana inmóbil pero moi pálida, con estremecementos baixo os ollos. Valentine preocupada ó velo así mirou onde ía lendo para sabe-lo que o desgustaba así.

–É –explicou ela moi á présa– unha xoia que me dera facéndome xurar que a gardaría sempre. Eran as súas ideas tolas.

Pero non fixo máis ca exasperar a Meaulnes.

–Tolas! –dixo poñendo as cartas no seu peto–. Por que repetimos esta palabra? Por que nunca queremos crer nel? Eu coñecino, era o rapaz máis marabilloso do mundo!

–Coñeceuno? –dixo ela chea de emoción–. Coñeceu a Frantz de Galais?

–Era o meu mellor amigo, era o meu irmán de aventuras, e velaí que lle collín a noiva!

»Ah! –continuou el con furor–, que mal nos fixo por non querer crer en nada! Sóde-la causa de todo! Sóde-la que botou todo a perder! Todo perdido!

Ela quixo falarlle, collerlle a man, pero el refugouna brutalmente.

–Váiase. Déixeme.

–Pois ben, se é así –dixo ela coa cara ardendo, tatexando e medio chorando–, marcharei pois. Volverei a Bourges, á nosa casa coa miña irmá. E, se non volve buscarme, sábeo, non si? que o meu pai é demasiado pobre para manterme; pois ben!, volverei a París, triparei os camiños como xa o fixen unha vez, chegarei a ser seguramente unha perdida, eu que non teño oficio…

E marchou de alí busca-los seus paquetes para colle-lo tren, mentres que Meaulnes, sen mirala sequera marchar, continuou andando ó chou.

O diario interrompíase de novo.

Aínda había borradores de cartas, cartas dun home indeciso, perdido. De volta á Ferté-d'Angillon, Meaulnes escribiulle a Valentine aparentemente para confirmarlle a súa decisión de non volvela ver nunca e dándolle razóns precisas diso, pero en realidade, quizais para que ela lle respondese. Nunha destas cartas, preguntáballe o que, na súa tolemia, non pensara en preguntar. Ela sabía onde estaba a mansión tan buscada? Noutra, suplicáballe que se reconciliase con Frantz de Galais. El mesmo se encargaría de atopalo… Tódalas cartas das que eu vía borradores non deberan ser enviadas. Mais debera escribir dúas ou tres veces sen recibir nunca resposta. Fora para el un período de combates espantosos e penosos nunha soidade absoluta. Esvaecida completamente a esperanza de volver ver algunha vez a Yvonne de Galais, debera sentir pouco a pouco fraquea-la súa gran resolución. E segundo as páxinas que seguen, as derradei-

ras do seu diario, imaxino que unha fermosa mañá no inicio das vacacións, debeu alugar unha bicicleta para ir a Bourges, visita-la catedral.

Saíra á primeira hora, pola bonita estrada que ía dereita polo monte, inventando no camiño mil pretextos para presentarse con dignidade, sen pedir unha reconciliación á que botara de onda el.

As catro últimas follas, que puiden reconstruír, contaba esa viaxe e esa derradeira falta…

Capítulo XVI

O segredo (fin)

25 de agosto. – Despois de buscar durante moito tempo, atopou a casa de Valentine Blondeau ó outro lado de Bourges, na parte final dos novos arrabaldes. Unha muller, a nai de Valentine, parecía agardalo na soleira da porta. Tiña unha boa figura de ama de casa, malia estar mal vestida, aínda era guapa. Mirouno chegar con curiosidade e cando lle preguntou se as señoritas Blondeau estaban alí, explicoulle con agarimo e benevolencia que o 15 de agosto volveran a París.

–Prohibíronme que dixese onde ían –engadiu ela–, pero escribíndolles ó seu antigo enderezo, mandaránlle-las súas cartas.

Mentres marchaba, coa bicicleta na man a través do xardín, ía pensando:

"Ela marchou… Todo acabou como eu quixen… Son eu o que a forcei a facer isto. 'Fareime seguramente unha perdida', dicía ela. E fun eu o que a empurrei alí! Fun eu o que perdín a moza de Frantz".

E moi baixo repetía con excitación:

–Moito mellor! Moito mellor! –coa certeza de que era ben ó contrario "moito peor", e que, ante os ollos daquela muller, antes de chegar á cancela, ía bater cos dous pés e caer de xeonllos.

Non pensou en xantar e parou nun café onde lle escribiu unha longa carta a Valentine, só por desafogar, por liberarse do berro desesperado que o afogaba. A súa carta repetía continuamente: "Puideches! Puideches…! Puideches resignarte a iso! Fuches quen de perderte así!"

Onda el había uns oficiais. Un deles contaba alborotadamente unha historia de muller que se oía a cachos:

–… Eu díxenlle… Debe coñecerme ben… Tódalas tardes boto a partida co voso marido!

Os outros rían e, volvendo a cabeza, chuspían detrás dos tallos. Lívido e poeirento, Meaulnes ollábaos coma un mendigo. Imaxinounos tendo a Valentine nos seus xeonllos.

Durante moito tempo, vadiou en bicicleta arredor da catedral dicíndose simplemente:

–En resumo, que foi pola catedral, polo que vin.

Ó final de tódalas rúas, por riba da praza deserta, víase levantar enorme e indiferente. Estas rúas eran estreitas e sucias como as calellas que arrodean as igrexas da vila. Aquí e alí había o distintivo dunha casa equívoca, un farol vermello… Meaulnes sentía a súa dor perdida neste barrio sucio, vicioso, refuxiado, como en épocas antigas, baixo os arcobotantes da catedral. Acometíalle un temor de aldeán, unha repulsión contra esa igrexa de cidade, onde tódolos vicios están esculpidos en agochos, que se construíu en lugares corrompidos e que non ofrece remedio para as máis puras penas de amor.

Pasaron dúas rapazas agarrándose pola cintura e mirándoo con descaro. Por desgana ou por xogo, para vingarse do seu amor ou para afundilo, Meaulnes seguiunas amodo en bicicleta e unha delas, unha rapaza pobre de cabelos raros, louros, peiteados para atrás nun falso moño, citouno para as seis no xardín do Arcebispo, o xardín onde Frantz, nunha das súas cartas, citaba a pobre Valentine.

El non se negou, sabendo que a esa hora xa tería deixado a cidade dende había tempo. E dende a súa ventá, na rúa en costa, ela quedou moito tempo a facerlle vagos acenos.

Tiña présa por emprende-lo camiño.

Antes de marchar non puido resisti-lo morno desexo de pasar unha última vez diante da casa de Valentine. Mirou canto quixo, e puido facer así provisión de tristeza. Era unha das últimas casas do arrabalde e, a partir deste lugar, a rúa convertíase en estrada… En fronte, unha especie de terreo inculto formaba como unha praciña. Non había ninguén nas ventás nin no patio, en parte ningunha. Ó longo dun muro, pasou

unha moza soa, sucia e empoeirada, tirando por dous rapaces farrapentos.

Alí decorrera a infancia de Valentine, alí empezara a miralo mundo cos seus ollos confiados e aleutos. Traballara e cosera detrás desas ventás. E Frantz pasara para vela e sorrirlle por esa rúa do arrabalde. Pero agora non había xa nada, nada… O triste serán duraba, e Meaulnes sabía só que nalgunha parte perdida, aquela mesma tarde Valentine estaba a recordar aquela praza triste onde nunca volvería.

A longa viaxe que lle quedaba por facer para volver a casa, sería o último recurso contra a súa pena, a súa última distracción forzosa antes de afundirse completamente.

Marchou. Polos arredores da estrada, no val, á beira da auga entre as árbores, preciosas casas campesiñas mostraban os ángulos bicudos dos tellados, cubertos por enreixados verdes. Seguramente alí, unhas rapazas falaban atentas de amor sobre a herba. Un imaxinaba, alá embaixo, almas, fermosas almas…

Pero para Meaulnes, neste momento, non existía máis ca un único amor, ese amor mal satisfeito que acababa de ferir tan cruelmente, e a rapaza, que el debía protexer e salvagardar entre todas, era xustamente aquela que el acababa de enviar á súa perdición.

Unhas liñas apuradas do diario dábanme tamén a entender que fixera o proxecto de volver atopar a Valentine custase o que custase antes de que fose demasiado tarde. Unha data no canto da páxina facíame pensar que era aquela a longa viaxe para a que a señora Meaulnes lle facía as maletas cando eu cheguei á Ferté-d'Angillon e alterei todo. Na casa do concello abandonada, Meaulnes anotaba os seus recordos e os seus proxectos para unha bonita mañá de finais do mes de agosto, cando eu puxara pola porta e lle levara a gran noticia que el xa non agardaba. Outra vez quedara dominado, inmobilizado pola súa antiga aventura sen atreverse a facer nin a confesar nada. Entón, comezaran os remorsos, o pesar, a pena, unhas veces afogados,

outras triunfantes, ata o día da voda no que o berro do faranduleiro no souto de abetos lle acordara de forma teatral o seu primeiro xuramento de home novo.

No mesmo caderno de deberes mensuais, aínda escribira á présa algunhas palabras, ó amencer, antes de deixar co seu permiso, pero para sempre, a Yvonne de Galais, a súa muller dende a véspera:

"Marcho. É preciso que atope a pista dos dous faranduleiros que viñeron onte polo souto e que marcharon cara ó leste en bicicleta. Non volverei onda Yvonne máis que se podo traer comigo e instalar na casa de Frantz a Frantz e Valentine casados.

Este manuscrito, que empezara como un diario secreto e que chegou a se-la miña confesión, será, se non volvo, propiedade do meu amigo François Seurel".

Debera meter á présa o caderno debaixo dos outros, volver pechar con chave a súa antiga maletiña de estudante e desaparecer.

Epílogo

Pasou o tempo. Perdera a esperanza de volver ver nunca máis o meu compañeiro, e pasaban os días, sombríos na escola da aldea e tristes na casa deserta. Frantz non veu á cita que lle marcara e tampouco a miña tía Moinel sabía dende había tempo onde vivía Valentine.

A única alegría de Sablonnières foi decontado a neniña, que se puidera salvar. A finais de setembro xa mesmo parecía unha neniña forte e leda. Ía para un ano. Agarrada ós barrotes das cadeiras, empurrábaas ela soa tentando andar sen importarlle as caídas, e facía unha algarabía que espertaba longo tempo os ecos xordos da vivenda abandonada. Cando eu a tiña no colo, non soportaba que lle dese un bico. Tiña unha maneira salvaxe e encantadora ó mesmo tempo de alterarse e de separarme a cara coa súa manciña aberta, rindo a escachar. Con toda a súa alegría, con toda a súa violencia infantil, diríase que ía escorrenta-la pena que pesaba sobre a casa dende o seu nacemento. Eu ás veces dicíame: "Sen dúbida, a pesar desta braveza, ha ser un pouco a miña filla". Pero unha vez máis a Providencia decidiu doutro xeito.

Un domingo pola mañá, a fins de setembro, erguérame demasiado cedo, mesmo antes que a paisana que coidaba da nena. Ía ir pescar ó Cher con dous homes de Saint-Benoist e Jasmin Delouche. Os labregos dos arredores era frecuente que se entendesen ben comigo para as grandes partidas de furtivismo: pesca a man pola noite, pesca con pequenas redes prohibidas… Durante todo o verán, os días libres saïamos ó amencer, e non volvïamos ata o mediodía. Era o sustento de case todos aqueles homes. E, para min, era o meu único pasatempo, as únicas aventuras que me recordaban as escaramuzas de antano. E aca-

bara por collerlle gusto a esas excursións, a esas prolongadas sesións de pesca ó longo do río ou entre as canas da lagoa.

Aquela mañá, estaba pois de pé ás cinco e media diante da casa, debaixo dun alpendre pequeno pegado ó muro que separaba o xardín inglés de Sablonnières da horta da granxa. Estaba desenmarañando as miñas redes, que o xoves anterior guindara amoreadas.

Aínda non era completamente de día. Era o abrente dunha fermosa mañá de setembro; e o alpendre onde desenmarañaba á présa os meus aparellos estaba medio asolagado na escuridade.

Estaba alí calado e ocupado cando de golpe oín abri-la cancela e renxe-la grava por unhas pisadas.

–Ui! Ui! –dixen eu–, aquí está a miña xente máis cedo do que cría. E eu que non estou preparado…!

Pero o home que entrara no patio érame descoñecido. Era, polo que puiden distinguir, un bo mozo barbudo vestido como un cazador ou un pescador furtivo. En lugar de virme buscar alí onde os outros sabían que estaba eu sempre, á hora en que quedaramos, foise directamente á porta de entrada.

"Ben!", pensei, "é alguén dos seus amigos que convidarían sen dicirmo e mandaríano para avisarme".

O home deulle volta suavemente, sen ruído, ó tarabelo da porta. Pero eu pecháraa tan pronto saín. Fixo o mesmo na entrada da cociña. Logo, vacilando un intre, virouse cara a min coa súa faciana inqueda iluminada pola mañanciña. E só entón foi cando recoñecín o gran Meaulnes.

Fiquei alí, asustado, desesperado, dominado de repente por toda a dor que espertara a súa volta, un bo cacho. Desapareceu detrás da casa, déralle a volta e volvía vacilante.

Entón, adianteime cara a el e, sen dicir nada, abraceino chorando a fío. Axiña comprendeu.

–Ah! –dixo cunha voz feble–, morreu non si?

E ficou alí de pé, xordo, inmóbil e cun aspecto terrible. Agarreino polo brazo e arrastreino á casa con suavidade. Agora xa

era de día. Para cumprir co máis duro, mandeille subir deseguida a escaleira que levaba ó cuarto da morta. En canto entrou, caeu de xeonllos diante da cama e permaneceu longo tempo coa cabeza afundida entre os dous brazos.

Por fin, ergueuse cos ollos perdidos, abaneando sen saber onde estaba. E, levándoo sempre polo brazo, abrín a porta que comunicaba ese cuarto co da nena. Espertara ela soa mentres a súa ama estaba abaixo e sentara no berce. Víaselle xusto a súa cabeza asombrada, virada cara a nós.

–Velaí te-la túa filla –dixen.

Quedou sobresaltado e miroume.

Logo agarrouna e colleuna nos brazos. Non puido vela ben ó primeiro, porque choraba. Entón, para arredar un pouco esa gran tenrura e o fluxo de bágoas, mentres a tiña moi apertada contra el, sentada no seu brazo dereito, volveu cara a min a súa cabeza baixa e díxome:

–Trouxen os outros dous… Iralos ver á súa casa.

E, en efecto, no inicio da mañá, cando, moi pensativo e case feliz, ía á casa de Frantz, que Yvonne de Galais me amosara deserta anos antes, vin dende lonxe o que podía ser unha ama de casa nova cun colo de encaixe varrendo a soleira da casa, obxecto da curiosidade e do entusiasmo dalgúns labreguiños endomingados que ían á misa…

Namentres a nena empezaba a cansarse de estar tan apertada, e como Augustin, coa cabeza inclinada de lado para esconder e dete-las bágoas, seguía sen mirala, ela deulle unha gran palmada coa manciña na boca barbada e mollada.

Esta vez o pai levantou ben alto a súa filla, fíxoa saltar nas súas mans, e ollouna cunha especie de risa. Ela, satisfeita, tocou palmas…

Eu recuara algo para velos mellor. Un pouco decepcionado e no entanto marabillado, comprendía que a nena atopara por fin o compañeiro que agardaba sen sabelo. A única alegría que

me deixaría o gran Meaulnes, dábame conta de que volvera para levarma. E xa o imaxinaba, pola noite, envolvendo a súa filla nun cobertor, e marchando con ela para novas aventuras.

ÍNDICE

Limiar 7

Primeira parte 13
I O pensionista 15
II. Despois de catro horas 21
III. “Frecuentaba a tenda dun cesteiro” 24
IV. A fuxida 28
V. O coche que volve 32
VI. Baten na ventá 35
VII. O chaleco de seda 40
VIII A aventura 45
IX. Unha parada no camiño 48
X. A corte 52
XI. A mansión misteriosa 55
XII. O cuarto de Wellington 59
XIII. A festa estraña 62
XIV. A estraña festa (continuación) 66
XV. O encontro 71
XVI. Frantz de Galais 78
XVII. A estraña festa (fin) 83

Segunda parte 87
I. O gran xogo 89
II. Caemos nunha emboscada 94
III. O faranduleiro na escola 98
IV. Onde se trata da mansión misteriosa 104
V. O home das alpargatas 109
VI. Unha discusión entre bastidores 113
VII. O faranduleiro saca a venda 117
VIII. A policía! 120
IX. A busca do camiño perdido 122

X. O día de lava-la roupa 129
XI. A miña traizón 132
XII. As tres cartas de Meaulnes 136

Terceira parte 141
I. O baño 143
II. Na casa de Florentin 148
III. Unha aparición 156
IV. A gran noticia 162
V. A excursión 167
VI. A partida de pracer 172
VII. O día do casamento 179
VIII. A chamada de Frantz 182
IX. A xente feliz 186
X. A “Casa de Frantz” 191
XI. Conversa baixo da chuvia 197
XII. O fardo 202
XIII. O caderno de deberes mensuais 208
XIV. O segredo 211
XV. O segredo (continuación) 217
XVI. O segredo (fin) 223

Epílogo 227